

**CONCELLO
DE VIGO**



**MEMORIA
BENESTAR
SOCIAL
2020**



Concellería de Política Social
Concello de Vigo
2021

Esta obra distribúese cunha licenza Creative Commons de Recoñecemento-Compartir Igual 4.0:
https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES



Índice

_01		_02		_03		_04			
A área de Política Social		Servizos e prestacións básicas para a poboación en xeral		Servizos e programas para os colectivos de infancia e familia		Servizos e programas para persoas en situación de exclusión residencial e/ou situación de vulnerabilidade social			
_1.1	Presentación	6		_3.1	Programa Socio Educativo e de Apoio ás Familias (PSEAF)	50			
_1.2	Estrutura orgánica	7		_3.2	Convenios e programas con entidades sociais	63			
_1.3	Recursos	8					_4.1	Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES)	66
_1.3.1	Orzamento	8					_4.1.1	Servizos relacionados coa atención inmediata	71
_1.3.2	Recursos Humanos	13					_4.1.2	Servizos relacionados coa inclusión	81
_1.3.3	Equipamentos	14					_4.1.3	Servizos transversais	84
_1.4	Organigrama de servizos do departamento	16					_4.2	Programa de inclusión sociolaboral	88
			_2.1	Servizos Sociais Comunitarios Básicos	21				
			_2.2	Axudas económicas municipais	38				
			_2.2.1	Programa contra desafiuzamentos e de emerxencia social	39				
			_2.2.2	Programa de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor	44				
							_4.3	Convenios con entidades sociais	95

Índice

_05

Servizos e programas para o colectivo de persoas maiores

_5.1 Servizo de Axuda no Fogar (SAF)	107
_5.2 Progr. Xantar na casa	115
_5.3 Servizo de Teleasistencia	120
_5.4 Programa de coidadoras e coidadores de barrio	126
_5.5 Programa de Avellentamento activo	134
_5.6 Convenios en colaboración con entidades sociais	135

_06

Servizos e programas para o colectivo de persoas con discapacidade

_6.1 Progr. Lecer no verán	139
_6.2 Programa Bonotaxi	143
_6.3 Outros proxectos e convenios en colaboración con entidades sociais	146

_07

Servizos e programas para o colectivo de persoas migrantes

_7.1 Programa de asesoramento e atención social	154
---	-----

_08

Servizos e programas para a prevención de condutas aditivas

_8.1 Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións (PLDA)	161
_8.2 Convenios e programas con entidades sociais	166

_09

Outros servizos e programas de fomento e promoción da solidariedade e da participación

_9.1 Cooperación Internacional	173
<i>_9.1.1 Proxectos de cooperación</i>	<i>173</i>
<i>_9.1.2 Consello Municipal de Cooperación Int. e Solidariedade</i>	<i>180</i>
<i>_9.1.3 Campaña Impórtanos</i>	<i>182</i>
_9.2 Subvencións a entidades e asociacións de carácter social	183

_01 A ÁREA DE POLÍTICA SOCIAL



1.1 Presentación

A Memoria 2020 de Benestar Social, recolle as principais liñas de actuación, servizos, programas, proxectos e iniciativas desenvolvidas ao longo do ano pola Concellería de Política Social do Concello de Vigo.


A memoria institucional constitúe un exercicio de responsabilidade pública que responde ao compromiso do departamento coa transparencia e co que se fai balance eponse en valor o traballo realizado polo equipo da área, os seus profesionais, persoas e entidades colaboradoras durante o 2020.



1.2 Estrutura orgánica

A Área de Política Social do Concello de Vigo estivo dirixida politicamente pola Concelleira delegada de Política Social, do goberno socialista de Vigo, presidido por Abel Caballero.

O Departamento conta coa Xefatura de Área, asistida pola Asesoría xurídica e os Servizos económicos, e dúas Xefaturas de Servizo: a de Benestar Social e a Xefatura de Servizo da Unidade Asistencial de Drogodependencias (CEDRO - Centro Preventivo e Asistencial de Drogodependencias).




1.3 Recursos

1.3.1 Orzamento

Liquidación de gastos por capítulos

		importe	%
Capítulo I	Gastos de persoal	2.343.882,61 €	15,14%
Capítulo II	Gastos correntes bens e servizos	8.813.695,42 €	56,94%
Capítulo IV	Transferencias correntes	4.228.749,18 €	27,32%
Capítulo VII	Transferencias de capital	26.629,68 €	0,17%
Total		15.478.279,10 €	100%


O orzamento executado ascendeu á cantidade de 15.478.279,10 €, o que supón o 6,98% do orzamento total do Concello (221.606.010,81 €), co seguinte detalle:



Gastos por servizos e programas

	importe	%
Servizos Xerais	2.542.247,08 €	16,42%
Prestacións municipais	2.450.545,20 €	15,83%
Infancia e Familia	709.498,88 €	4,58%
Maiores e discapacidade	6.975.610,62 €	45,07%
Inclusión social	1.350.264,84 €	8,72%
Outros	1.450.112,48 €	9,37%
Total	15.478.279,10 €	100%

Por **servizos**, os destinados ás Persoas Maiores e con Discapacidade, e as Prestacións Económicas Municipais foron os que máis orzamento xestionaron, co 60,90% do gasto total.



Por programas

A continuación ofrécese o gasto por programa dentro de cada servizo (excluíndo os custes do persoal adscrito ao departamento, recollidos no bloque Servizos Xerais), coas seguintes consideracións:

Dentro das **Axudas económicas**, inclúense as Axudas municipais para libros e comedor e o Programa contra desafiuzamentos, que inclúe á súa vez as partidas: Axudas a familias e fondo de emerxencia para desafiuzamentos e Melloras en fogares. Das Axudas Extraordinarias a Familias, cuxa convocatoria suspendeuse por mor da pandemia, recóllense unicamente os importes derivados da resolución de recursos correspondentes á convocatoria de 2019.

No Servizo de **Infancia e Familia** recóllense os custes do Programa socioeducativo e de apoio familiar (PSEAF). Non se reflexa aquí, como noutros exercicios, o convenio coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai, que tivo que reformularse con motivo da crise sanitaria e pasa ao apartado de Cooperación internacional.

No bloque de **Inclusión social** inclúese o Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES), os convenios sobre programas de alimentos con entidades sociais, así como os servizos de resposta á pandemia (Albergue Provisional e servizo de comedor externo) e o programa de Inclusión Sociolaboral.

Inclúese este último programa con custe cero co ánimo de ofrecer unha imaxe máis fiel á realidade, se ben non se contabilizan custes dado que o núcleo do servizo o constitúe o traballo das catro técnicas de inclusión adscritas ao mesmo, custes de persoal xa incluídos no bloque Servizos Xerais como se expuxo.

No Servizo de **Persoas Maiores e con Discapacidade** inclúense tanto os servizos destinados conxuntamente a ambos colectivos como os destinados exclusivamente a cada un deles:

- Servizos comúns: Servizo de Axuda no Fogar, Programa Xantar na casa, Servizo de Teleasistencia e Programa de Coidadoras de barrio.
- Para persoas maiores autónomas: convenios con entidades (xa que o Programa de Avellentamento activo tivo que suspenderse).
- Para persoas con discapacidade: Lecer no verán, Bono-taxi e outros proxectos e convenios con entidades sociais.

No apartado **Outros** inclúense o Plan Local sobre Drogas (con obradoiros e os convenios coas entidades Érguete, Alborada e Amaina), as subvencións a entidades sociais, os proxectos de Cooperación Internacional, a Cofinanciación dos Centros de Día polo Plan concertado e o Servizo de Información a Persoas Migrantes.

Neste último servizo, como ocorría no Programa de Inclusión Sociolaboral non se contabilizan os custes laborais da traballadora social e do avogado adscritos ao servizo, a pesar de que constitúe a base do propio servizo, por estar xa recollido no bloque Servizos Xerais.

Por último, os **Servizos Xerais** inclúen os gastos de persoal, reparacións e mantemento, servizos postais, difusión, custes derivados dos equipos de materiais de protección Covid e outros custes indirectos do departamento.

A ÁREA DE POLÍTICA SOCIAL

_1.3.3 Equipamentos

Prestacións económicas municipais

	importe	% Polit.Soc.	% Concello
Axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministros e alimentación (recursos 2019)	11.609,48 €	0,08%	0,00%
Programa contra desafiuzamentos e de emerxencia social	1.609.017,77 €	10,40%	0,66%
Axudas municipais de libros, material escolar e comedor	829.917,95 €	5,36%	0,34%
Total	2.450.545,20 €	15,83%	1,00%

Infancia e Familia

	importe	% Polit.Soc.	% Concello
Programa socioeducativo e de apoio familiar	709.498,88 €	4,58%	0,29%
Convenios con entidades sociais	0,00 €	0,00%	0,00%
Total	709.498,88 €	4,58%	0,29%

Inclusión Social

	importe	% Polit.Soc.	% Concello
Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CHIES)	775.321,81 €	5,01%	0,32%
Albergue provisional	172.001,42 €	1,11%	0,07%
Programa de inclusión sociolaboral	0,00 €	0,00%	0,00%
Servizo de comedor externo	81.940,61 €	0,53%	0,03%
Convenios con entidades sociais	321.001,00 €	2,07%	0,13%
Total	1.350.264,84 €	8,72%	0,55%

Persoas maiores e discapacidade

	importe	% Polit.Soc.	% Concell
Servizo de Axuda no Fogar (SAF)	6.378.731,76 €	41,21%	2,60%
Programa de cuidadores de barrio	272.257,80 €	1,76%	0,11%
Programa Xantar na casa	98.090,27 €	0,63%	0,04%
Servizo Teleasistencia	93.456,39 €	0,60%	0,04%
Outros servizos para persoas maiores	20.000,00 €	0,13%	0,01%
Outros servizos para persoas con discapacidade	113.074,40 €	0,73%	0,05%
Total	6.975.610,62 €	45,07%	2,84%

Outros

	importe	% Polit.Soc.	% Concello
Servizo de información a persoas migrantes	5.808,00 €	0,04%	0,00%
Subvencións a entidades sociais	57.907,66 €	0,37%	0,02%
Cooperación internacional	90.000,00 €	0,58%	0,04%
Plan Local sobre Drogas	138.896,82 €	0,90%	0,06%
Cofinanciación Centros de Día - Plan concertado	1.157.500,00 €	7,48%	0,47%
Total	1.450.112,48 €	9,37%	0,59%

Servizos Xerais

	importe	% Polit.Soc.	% Concello
Gastos de persoal	2.343.882,61 €	15,14%	0,95%
Reparacións e mantementos	30.917,28 €	0,20%	0,01%
Equipos e materiais de protección Covid	35.327,35 €	0,23%	0,01%
Outros bens e servizos	132.119,84 €	0,85%	0,05%
Total	2.542.247,08 €	16,42%	1,04%

Contratacións

Os contratos que xeraron gasto para a concellería no 2020, excluindo os contratos menores, foron os seguintes:

Contratos

	adxudicataria	importe executado	data do contrato	anuncio de formalización
Servizo de Axuda no Fogar (SAF)	SERVISAR SERVICIOS SOCIALES SLU	6.378.731,76 €	31/11/2020	Plataf. Contratac Sector Público 24/09/2020
Programa Socio Educativo e de Apoio Familiar	CLECE S.A.	709.498,90 €	19/09/2018	BOPPO nº 192, do 04/10/2018
Servizo de Teleasistencia	QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.U.	84.905,91 €	16/04/2019	Plataf.Contratac. Sector Público 17/04/2019
Programa de Coidadoras e coidadores de barrio	CORMO INTEGRAL SLU	272.257,80 €	01/05/2020	Plataf.Contratac. Sector Público 30/01/2020
Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES)	CRUZ ROJA ESPAÑOLA	775.321,80 €	11/11/2016	BOPPO nº 148, do 04/08/2016
		8.220.716,17 €		

Convenios

Atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos e á súa complementariedade coa oferta pública, no 2020 estiveron vixentes os seguintes:

Convenios

entidade	importe	servizo asociado	data do convenio	sede electrónica
Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo	43.000,00	Inclusión	15/07/2019	BA
Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo	40.000,00	Inclusión	14/04/2020	BA
Asociación Vida Digna	45.000,00	Inclusión	17/06/2019	Vida Digna
Fundación Casa de Caridade de Vigo - Fogar San Xosé	41.120,00	Inclusión	15/09/2020	FSX
Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN)	55.000,00	Inclusión	08/05/2020	AFAN
Fundación Santa Cruz	57.060,00	Inclusión	24/10/2019	FSC
Fundación Secretariado Gitano	16.000,00	Inclusión	02/07/2020	FSG
Asociación La Sal de la Tierra	10.000,00	Inclusión	17/09/2020	LST
Asociación Misión del Silencio	10.821,00	Inclusión	16/10/2020	AMS
Programa Xantar na casa	101.594,00	Maiores	01/12/2020	XNC
Fundación Amigos dos Maiores	20.000,00	Maiores	17/06/2019	FAM
Asociación de Personas Sordas de Vigo	20.000,00	Discapacidade	15/07/2019	ASV
Asociación de familiares de enfermos de alzheimer e outras demencias AFAGA	18.000,00	Discapacidade	15/07/2019	AFAGA
Asociación Española contra o Cancro (AECC)	7.000,00	Discapacidade	15/07/2019	AECC
Asociación Galega S.Francisco (AGASFRA)	4.000,00	Discapacidade	15/07/2019	AGASFRA
Asociación de Axuda ao Enfermo Mental DOA	10.000,00	Discapacidade	26/05/2020	DOA
Asociación cidadana de lucha contra a droga, Alborada	10.000,00	Outros	15/07/2019	Alborada
Asociacións Alborada, Amaina e Érguete	69.725,00	Outros	14/06/2018	PLDA
UNICEF	10.000,00	Coop. Internacional	18/06/2020	UNICEF
ACNUR	10.000,00	Coop. Internacional	30/04/2020	ACNUR
Programa Mundial de Alimentos	10.000,00	Coop. Internacional	30/04/2020	PMA
Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai	30.000,00	Coop. Internacional	09/07/2020	ASGPS
Asociación Malembe	10.000,00	Coop. Internacional	28/08/2020	AM
Asociación Aulas Abiertas Comedores Escolares	20.000,00	Coop. Internacional	23/04/2020	AAACE
668.320,00 €				



1.3.2 Recursos humanos

Como se explicou no apartado 1.2 Estrutura orgánica, o departamento de Servizos Sociais conta cunha persoa Xefe de Área, unha persoa na Asesoría Xurídica, unha responsable de Servizos Económicos e unha Xefa de Servizo de Benestar Social.

Exclúese da relación a Xefatura de Servizo da Unidade Asistencial de Drogodependencias, que non é obxecto desta memoria.

Polo tanto, aparte dos postos directivos, o persoal adscrito á Xefatura de Servizo de Benestar Social incluíu:

- 10 persoas adscritas a programas ou servizos concretos: unha persoa responsable do Servizo de Maiores e Discapacidade, unha responsable do Servizo de Axuda no Fogar, unha responsable do Servizo de Infancia e Familia, unha responsable de Prestacións Económicas, catro persoas no Programa de Inclusión Sociolaboral e dous no Programa de Persoas Migrantes.
- 28 Traballadoras Sociais
- 10 persoas en postos administrativos e 5 persoas en postos de ordenanza

O departamento contou, ademais, coas seguintes contratacións por acumulación de tarefas:

5 traballadoras sociais en distintos períodos, 12 auxiliares para os servizos comunitarios básicos, 4 auxiliares para a tramitación das solicitudes do Ingreso Mínimo Vital e outras 5 para as Axudas Municipais Escolares.

En total, sen ter en conta os períodos de contratación, no 2020 a área contou con 57 persoas traballadoras e o apoio de 26 persoas de forma eventual por acumulación de tarefas.

1.3.3 Equipamentos

Unidades de Traballo Social (UTS)

As Unidades de Traballo Social son a "porta de entrada" ao Sistema de Servizos Sociais. Ofrecen un Servizo de Información público, para toda a poboación, desde o que se facilita de forma profesional e confidencial, información sobre os servizos sociais, recursos e prestacións a disposición das cidadás e cidadáns, así como os dereitos que teñen tanto a nivel individual como grupal.

Nelas valóranse as necesidades expostas, orientase aos recursos máis axeitados, intervindo profesionalmente cando as persoas así o demandan, cara a garantir unha atención persoal e social de calidade.

Concretamente ofrécese:

- Información, valoración, diagnóstico e orientación á poboación no que respecta aos seus dereitos, recursos e intervencións sociais que lles poidan corresponder.
- Proporcionase o Servizo de Axuda no Fogar, aloxamento alternativo, prestacións económicas e de emerxencia social
- Realízanse actuacións preventivas das situacións de risco e necesidade social do conxunto da poboación , intervindo para acadar a integración social.

As dezasete Unidades de Traballo Social distribúense as distintas zonas do Concello de forma que as persoas teñen que dirixirse á que lle corresponda segundo o seu enderezo. Son:

- 01 – Sur
- 02 – Castrelos
- 03 – Coia
- 04 – Litoral
- 05 - Balaídos – Comesaña
- 06 – Industria
- 11 – Lavadores
- 12 – Teis
- 13 - Rivera Atienza
- 14 – Travesía
- 15 – Calvario
- 16 - Cabral Candeán
- 21 - Casco Vello
- 22 - O Castro
- 23 – Centro
- 24 – Areal e
- 25 – Independencia

Centros Municipais de Servizos Sociais (CMSS)

O Concello de Vigo dispón de cinco Centros Municipais de Servizos Sociais (CMSS): Concello, Princesa, Coia, Rivera Atienza e Teis.

Os Centros contan cos recursos humanos, técnicos, financeiros e materiais para xestionar e coordinar os diferentes programas que se levan a cabo nas Unidades de Traballo Social.

A distribución das UTS nos Centros Municipais de Servizos Sociais é a seguinte:

No **CMSS Concello** sitúase a UTS Sur e os seus datos de contacto son:

- Enderezo: Praza do Rei nº 2.
- Teléfono: 986 810 288
- Fax: 986 222 533
- e-mail: ofi.bensocial@vigo.org

No **CMSS Princesa** agrúpanse cinco UTS: Casco Vello, O Castro, Centro, Areal e Independencia.

- Enderezo: Praza da Princesa nº 7, baixo.
- Teléfono: 986 438 492
- Fax: 986 433 194
- e-mail: ofi.cascovello@vigo.org

No **CMSS Coia**, outras cinco UTS: Castrelos, Coia, Litoral, Balaídos-Comesaña e Industria.

- Enderezo: Rúa Quintela nº 31, baixo.
- Teléfono: 986 298 118
- Fax: 986 244 672
- e-mail: ofi.coia@vigo.org

No **CMSS Rivera Atienza** localízanse catro UTS: Cabral-Candeán, Calvario, Lavadores e Rivera Atienza.


- Enderezo: Avenida E. Martínez Garrido nº 21, interior.
- Teléfonos: 986 280 301 e 986 264 216
- Fax: 986 274 772
- e-mail: ofi.mgarrido@vigo.org

E, por último, no **CMSS Teis** as UTS Teis e Travesía.

- Enderezo: Rúa Doutor Corbal nº 21, baixo.
- Teléfono: 986 273 606
- Fax: 986 251 599
- e-mail: ofi.teis@vigo.org







1.4 Organigrama de servizos






SERVIZOS E PROGRAMAS DESTINADOS A PERSOAS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN RESIDENCIAL E/OU SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE SOCIAL









_02 SERVIZOS E PRESTACIÓNS BÁSICAS PARA A POBOACIÓN XERAL



2.1 Servizos Sociais Comunitarios Básicos

Descrición do servizo

Descrición e xustificación

Enténdese por servizos sociais o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación.

O sistema galego de servizos sociais estrutúrase en forma de rede, con dous niveis de atención: os servizos sociais comunitarios (que comprenden, á súa vez, dúas modalidades -básicos e específicos-) e os servizos sociais especializados.

Os **servizos sociais comunitarios** garanten o dereito de acceso universal ao sistema así como o carácter integrador e coordinado de toda a intervención social realizada coas persoas ou grupos diversos.

Estes servizos, referenciados a un territorio e a unha poboación determinados, son con carácter xeral servizos públicos de competencia municipal (sen prexuízo da competencia da Xunta de Galicia en relación con certos servizos sociais comunitarios específicos).

- Os **servizos sociais comunitarios básicos** teñen un carácter local, aberto e polivalente e constitúen o punto de acceso normalizado ao sistema de servizos sociais co que se garante a universalidade do sistema e a súa proximidade ás persoas usuarias, ás familias e ao ámbito comunitario.

Son básicos o Programa de valoración, orientación e información, o Servizo de axuda a domicilio (SAF), o Servizo de educación e apoio familiar, o Programa básico de inserción social ou o Programa de fomento da cooperación e solidariedade social.

- Mentres, os **servizos sociais comunitarios específicos** están orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social ou como espazo de tránsito a un servizo especializado.

O Departamento de Política Social do Concello de Vigo conta con diferentes servizos comunitarios, básicos e específicos (dos que nos ocuparemos máis adiante), para atender as demandas e necesidades das persoas e dos colectivos pero neste capítulo, a diferenza do resto da Memoria, darase unha visión global en torno aos servizos comunitarios básicos, proporcionando información xeral, dun lado, acerca da poboación atendida (número expedientes familiares e perfil das persoas que se atopan neses expedientes familiares) e, doutro, acerca das propias intervencións (tanto cuantitativa –demandas, valoracións, recursos aplicados– como cualitativa –sectores de poboación, estado das intervencións, etc.–).

Con esta visión global, preténdese amosar as liñas xerais da intervención social municipal e reducir o risco de perder información relevante ou de concibir os recursos ou programas como espazos estancos e independentes.



Obxectivos

- O estudo e diagnóstico social da comunidade para a detección e análise de necesidades e demandas no seu ámbito de intervención.
- A elaboración dun plan de intervención comunitario acorde coas necesidades detectadas.
- A identificación de grupos de poboación e persoas socialmente vulnerables e a detección precoz de situacións de risco ou desprotección.
- O desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social.
- A atención das situacións individuais e familiares así como a información en relación coas demandas presentadas.
- A participación na xestión das prestacións económicas e o seguimento dos correspondentes proxectos personalizados de intervención.
- A información, a orientación e o asesoramento a toda a poboación, facilitando o seu acceso aos recursos sociais.
- O fomento da participación activa da cidadanía mediante estratexias socioeducativas que impulsen a solidariedade e a cooperación social organizada.

Destinatarios

O conxunto da poboación, actuando a nivel tanto individual como comunitario.

Acceso ao servizo

Para a prestación dos servizos sociais de forma descentralizada no Concello, créanse as **Unidades de Trballo Social (UTS)** por zonas. Son a "porta de entrada" ao Sistema de Servizos Sociais e cada persoa ten que dirixirse á que lle corresponda segundo o seu enderezo.

Os **Centros Municipais de Servizos Sociais (CMSS)** son os órganos centrais integrados por recursos humanos, técnicos, financeiros e materiais, onde se xestionan e coordinan os diferentes programas que se levan a cabo nas Unidades de Trballo Social.

O Concello de Vigo dispón de cinco Centros Municipais de Servizos Sociais, nos que se agrupan as dezasete UTS:

- CMSS Concello, UTS Sur.
- CMSS Princesa, UTS Casco Vello, O Castro, Centro, Areal e Independencia.
- CMSS Coia, UTS Castrelos, Coia, Litoral, Balaídos-Comesaña e Industria.
- CMSS Rivera Atienza, UTS Cabral-Candeán, Calvario, Lavadores e Rivera Atienza.
- CMSS Teis, UTS Teis e Travesía.



Organización do servizo

As UTS ofrecen un servizo de información público, para toda a poboación, desde onde se facilita de forma profesional e confidencial, información sobre os servizos sociais, recursos e prestacións a disposición das cidadás e cidadáns, así como os dereitos que teñen tanto a nivel individual como grupal.

Trátase dunha **intervención** social personalizada nun entorno normalizado que supón a **atención** das situacións individuais e familiares, a **información** en relación coas demandas presentadas, o **diagnóstico** e a **valoración** técnica previa e a conseqüente **xestión** do caso, que incluírá, cando sexa conveniente, a **derivación** cara ao recurso idóneo, así como a asistencia, a orientación e, de ser preciso, o **acompañamento**, no procedemento de acceso normalizado a outros recursos existentes que podan complementar a actuación.

*Incidencia da COVID

Durante o período do 16 de marzo ao 30 de xuño, os servizos de información, orientación e valoración realizáronse mediante atención telefónica e unicamente atendéronse de forma presencial os casos extraordinarios que pola súa natureza así o requirían. Esta atención presencial realizouse na sede do departamento no edificio do Concello.

Proporcionouse ao longo deste ano a todo o persoal do departamento, instrucións específicas para previr contaxios e EPIs necesarios segundo o servizo de prevención e riscos laborais, para desenvolver o seu traballo de forma segura (máscaras, xeles, luvas, etc.); especificamente nas entrevistas presenciais e nas visitas e intervencións domiciliarias.

Todas as profesionais, tanto dos servizos sociais comunitarios básicos como dos específicos recibiron, para realizar correctamente a atención telefónica, un teléfono móbil corporativo e un ordenador portátil conectado á rede do Concello.

Establecéronse procedementos "de urxencia" na concesión de recursos, servizos, prestacións e programas para dar unha resposta rápida á demanda recibida. Isto aplicouse entre outros, na concesión de axudas de emerxencia e pagamento de becas comedor, no servizo de axuda a domicilio, no servizo de teleasistencia, no programa xantar na casa, no acceso a aloxamento para persoas sen fogar, etc.

Creáronse servizos e recursos específicos para responder ás novas necesidades da cidadanía. Creouse un servizo de comidas a domicilio para facilitar as medidas de illamento, habilitouse un dispositivo para aloxamento de persoas sen fogar no pavillón do Berbés e en hostais da cidade, etc. e puxéronse os medios para a atención en horarios de mañá, tarde e mesmo noite, (cando a situación o requiriu) así como sábados, domingos e festivos, por parte das traballadoras sociais de cada zona e profesionais de recursos específicos.



Grazas a isto fíxose posible a atención e resposta rápida das numerosas demandas dos/as cidadáns no período do 16 de marzo ao 29 de maio. A partir desa data foron normalizándose os horarios de traballo progresivamente ata o horario normalizado.

Durante todo o ano 2020 incrementáronse os recursos humanos mediante a contratación de 14 traballadoras sociais (seis delas temporalmente por seis meses e oito de forma interina con cargo a praza vacante) e 26 auxiliares administrativos/as (vinte catro temporais e dous interinas con cargo a praza vacante).

As demandas recolléronse a través dos teléfonos do departamento e do 010 que axudou nesta tarefa. Creouse un módulo informático específico "COVID 19" onde se rexistraban ditas demandas.

Asemade, foi preciso establecer procedementos ad hoc de **coordinación** tanto con axentes internos do Concello como con axentes externos.

Cabe destacar o realizado con outras concellerías do Concello, especialmente con voluntariado e o 010, ambas dependentes da concellería de Emprego.

Foi importante tamén a coordinación mantida co SERGAS tanto para artellar recursos que puideran ser precisos se a situación epidemiolóxica empeoraba como para a atención coordinada de persoas contaxiadas que precisaban recursos municipais para cubrir as súas necesidades básicas.

E, por último, moi relevante tamén a coordinación con entidades sociais da nosa cidade que, dende o primeiro momento, colaboraron e actuaron de forma coordinada co Concello: comedores sociais, Emaús, Cruz Vermella, Caritas, AFAN e un longo etcétera.

Tipo de xestión

Xestión municipal directa, aínda que certos servizos sociais comunitarios básicos poden prestarse a través de diferentes modalidades de contratación da xestión, como ocorre nos casos do Servizo de Axuda no Fogar ou no Programa de Infancia e Familia.

Orzamento

Os créditos orzamentarios destinados aos servizos comunitarios básicos ascenderon a 2.542.247,08 €, nos que se inclúen gastos de persoal, reparacións e mantemento, servizos postais, difusión e outros custes indirectos do departamento que non estean xa computados nun programa ou servizo determinado.



Resultados

Datos xerais sobre a intervención

Resumo de xestión		
		incremento respecto ao ano anterior
Unidades familiares	10.404	0,63%
Persoas usuarias	14.595	-1,38%
Intervencións iniciadas	12.134	12,33%
Intervencións totais	22.032	14,12%
Valoracións	35.275	14,25%
Demandas	30.706	18,72%
Recursos aplicados	28.613	28,04%

A táboa recolle datos referidos a dous tipos de informacións, nas que profundaremos a continuación:

- Dun lado, as informacións acerca da poboación atendida (expedientes familiares e número de persoas que se atopan nesas expedientes).
- Doutro, a información acerca da intervención dos servizos sociais municipais, con datos sobre valoracións, demandas e recursos aplicados.

Neste último bloque pódese apreciar especialmente a incidencia da pandemia nos servizos municipais, cun notable incremento no número de demandas, valoracións e, principalmente, nos recursos aplicados.

*Incidencia da COVID


No 2020 o número de unidades familiares e persoas usuarias rexistradas foi similar ao do ano 2019, se ben os resultados están condicionados pola propia excepcionalidade da situación pois, nos momentos iniciais e de maior incidencia da pandemia os esforzos e prioridades centráronse na atención e na resolución das demandas antes que a correcta informatización dos datos (por exemplo, con intervencións asociadas a unha sola persoa usuaria cando debería terse incluído ao resto da unidade familiar) .

Ademais, outro factor a ter en conta foi que, nunha situación tan excepcional, moitas persoas usuarias deixaron de presentar demandas non urxentes (como pasou tamén nos centros de saúde, por exemplo) producíndose unha certa substitución de demandas por outras novas derivadas da crise sanitaria.

Aínda así, é de destacar que o número de demandas, valoracións e intervencións sufriron incrementos importantes respecto ao exercicio anterior.

Poboación participante: perfil sociodemográfico


A maioría das persoas atendidas foron **mulleres** (o 58% dos datos cumprimentados), nunha franxa de **idade** entre os 31 e os 60 anos (o 54% delas).



O 7,69% das persoas atendidas teñen algunha **discapacidade** (física, psíquica ou sensorial), se ben no 75% dos casos esa información non consta no expediente, xa sexa porque non teñen discapacidade xa sexa porque a súa demanda non está relacionada con ela.

O 65,48% das persoas son **españolas** e, a gran maioría, da provincia de Pontevedra. Entre os países estranxeiros de procedencia destacan Venezuela (2,62%), Colombia (2,03%), Perú (1,53%), Brasil (1,32%), Portugal (1,12%), Senegal (0,86%) ou Romanía (0,79%).


En canto á distribución de persoas usuarias por UTS, cada unidade de traballo interveu cunha media de **859 persoas**. As zonas con maior número de persoas atendidas son as correspondentes á de Litoral (1.108 persoas), Calvario (1.083), Cabral-Candean (1.048) e Balaídos-Comesaña (1.041). Por contra, as que menos foron O Castro (617), Sur (691) e Casco Vello (698).



Unidades familiares


Ao igual que as persoas, os expedientes familiares distribúense por UTS dunha forma bastante regular, cunha media de **612 expedientes** por cada unha.

As zonas de maior número de expedientes foron as de Calvario (820 expedientes), Litoral (770), e Cabral Candean (749). Por contra, as que menos foron Sur (458), O Castro (466) e Teis (492).




As unidades familiares contan cunha media de 1,4 membros e o 87,14% das mesmas están formadas por entre 1 e 4 persoas.

Sobre as **vivendas**, cabe destacar que un 2,57% das visitadas carecen das condicións mínimas de habitabilidade, se ben, a visita domiciliaria non é preceptiva en todas as demandas.



Acceso. Cita previa

Os datos das persoas usuarias que solicitaron cita previa amosan que as UTS con maior número de citas foron as de Rivera Atienza (1.646), Casco Vello (1.473) e Centro (1.373). Por contra, as que tiveron menos citas foron Coia (669), Sur (833) e O Castro (886).



*Incidencia da COVID

A pandemia supuxo un incremento nas citas previas do 24,48% respecto ao ano anterior.

Das 23.569 citas totais, o 28,74% foron realizadas no período de maior impacto, entre o 14 de marzo e o 30 de xuño de 2020.

Por UTS, as que rexistraron un aumento maior foron Rivera Atienza, Teis e Cabral Candean. Nelas, as citas Covid supuxeron máis do 40% das citas totais do ano.

O 71,21% das citas previas no período COVID foron motivadas pola solicitude de axudas de emerxencia social e o 8,53% por necesidades básicas de alimentación.

Actuacións


A táboa resume a intervención realizada desde as UTS.

Resumo da xestión por Unidades de Traballo Social

	Expedientes	Persoas usuarias	Intervencións iniciadas	Intervencións totais	Valoracións	Demandas	Recursos Aplicados
01-Sur	458	691	439	846	1.348	1.222	1.106
02-Castrelos	608	833	608	1.200	1.988	1.693	1.552
03-Coia	532	753	508	1.032	1.633	1.424	1.319
04-Litoral	770	1.108	763	1.492	2.532	2.292	2.087
05-Balaidos-Comesaña	680	1.041	793	1.498	2.512	2.128	1.951
06-Industria	673	943	809	1.407	2.278	2.084	1.938
11-Lavadores	633	877	689	1.275	2.036	1.784	1.645
12-Teis	492	743	631	1.263	2.110	1.756	1.659
13-R.Atienza	568	782	624	1.154	1.860	1.534	1.444
14-Travesía	648	896	772	1.356	2.143	1.886	1.747
15-Calvario	820	1.083	1.044	1.754	2.787	2.394	2.255
16-Cabral Candean	749	1.048	869	1.626	2.532	2.258	2.099
21-Casco Vello	539	698	678	1.235	1.979	1.673	1.602
22-O Castro	466	617	582	962	1.506	1.342	1.262
23-Centro	657	897	902	1.491	2.372	1.992	1.864
24-Areal	539	706	738	1.181	1.830	1.607	1.531
25-Independencia	572	879	685	1.260	1.829	1.637	1.552
	10.404	14.595	12.134	22.032	35.275	30.706	28.613

A seguinte gráfica amosa a relación existente entre o número de demandas, expedientes familiares e recursos aplicados.


Con pequenas variacións, as UTS con maior número de expedientes coinciden coas de maior número de demandas rexistradas e recursos aplicados (Calvario, Litoral e Cabral-Candean) e o mesmo ocorre no caso das zonas con menor número expedientes (Sur, O Castro e Coia), coa excepción de Teis (terceira UTS con menos expedientes e, sen embargo, oitava con maior número de recursos aplicados).



Xestións realizadas e trámites destacados

Nas intervencións coas familias, tres trámites acumulan a maioría do traballo: as xestións relacionadas coa Renda de Integración Social de Galicia (**RISGA**), as **axudas de inclusión social (AIS)** da Xunta de Galicia e a obtención do **recoñecemento do grao e nivel de dependencia**.

Entre eles, alcanzan o 65,62% das entrevistas, o 63,78% das visitas domiciliarias e o 63,72% dos informes sociais, co seguinte detalle:





A **Renda de Integración Social de Galicia (RISGA)** motivou o 53,36% das entrevistas, o 36,89% das visitas domiciliarias e o 40,11% dos informes sociais.

As **axudas de inclusión social (AIS)** da Xunta de Galicia o 7,76% das entrevistas, o 15,64% das visitas e o 15,33% dos informes.

E a obtención do **recoñecemento do grao e nivel de dependencia** o 4,50% das entrevistas, o 11,24% das visitas e o 8,28% dos informes.

Outros trámites

Requiriron de **informes sociais**, aparte dos tres trámites sinalados, o bono social eléctrico (3,58%), o programa Xantar na casa (2,98%) e a solicitude de información sobre a dependencia (2,35%).

No caso das **entrevistas**, outros trámites destacados foron os relacionados coas axudas de emerxencia social do Concello (3,59%), coa solicitude de información sobre a dependencia (1,35%) ou coa Teleasistencia (0,95%).

Nas **visitas domiciliarias**, compre mencionar tamén as relacionadas co programa Xantar na casa (3,69%), co servizo de axuda no fogar na modalidade de libre concorrncia (3,28%) ou coa solicitude de información sobre a dependencia (3,03%).

*Incidencia da COVID

O número de trámites rexistrados resultou sensiblemente inferior ao ano 2019 condicionados, como xa se comentou, pola excepcionalidade da situación, a carga de traballo e as dificultades tanto para a prestación dos servizos como para a propia solicitude de intervención por parte da cidadanía.

Nesas circunstancias púxose o foco na atención e na resolución das demandas antes que a correcta informatización dos datos, o que xustifica o menor número de trámites rexistrados, que non realizados.


Doutro lado, pola mesma razón, entre os trámites destacados non figuran os relacionados directamente coa módulo informático "Covid19", a pesar de erixirse nalgunhas das intervencións máis relevantes do exercicio, como se verá.

Estado das intervencións

As intervencións, que foron na súa maioría **individuais** (o 83,65%), sendo rematadas no exercicio o 49,33% delas.

Intervencións		
Por estado	nº	%
abertas	10.384	47,13%
pechadas	707	3,21%
rematadas	10.941	49,66%
	22.032	100%

O 62,59% dos recursos aplicados foron concedidos. Permanecían en estudo ou en trámite a finais do exercicio o 20,38%.



Tipoloxía das actuacións

As intervencións agrúpanse en catro tipos de actuacións: as relacionadas coa solicitude de información, co apoio á unidade de convivencia, co aloxamento alternativo, coa inserción social ou con recursos complementarios.

A maioría das actuacións (co 55,98% do total), foron referidas ao último grupo: solicitude de recursos complementarios para a cobertura de necesidades básicas de subsistencia.

As demais se repartiron da forma seguinte:

Intervencións por recurso aplicado	
	%
1. Información, orientación e valoración	37,90%
2. Apoio á unidade de convivencia	4,51%
3. Aloxamento alternativo	0,38%
4. Prevención e inserción social	1,21%
5. Recursos complementarios	55,98%
Total	100%

No grupo **Información, orientación e valoración** destaca a demanda de información sobre prestacións para facer fronte á pandemia do Covid19 (co 23,32% do total de intervencións), as demandas relacionadas co *sistema galego de dependencia* (2,94%) ou as relacionadas con *prestacións e axudas* (1,50%).

No grupo con máis intervencións, o relacionado cos **recursos complementarios para a cobertura de necesidades básicas de subsistencia**, destacan as demandas relacionadas coas prestacións económicas. As máis importantes foron:

- *Covid19. Axudas únicas para a cobertura de necesidades básicas (21,65% do total)*
- *Axudas de emerxencia social do Concello (9,42%)*
- *Salario social – RISGA (6,84%)*
- *Bolsas municipais para comedor escolar (5,93%)*

Doutro lado, no grupo de **apoio á unidade de convivencia** destacan as *atencións domésticas, acompañamentos e atencións de carácter persoal* (o 2,63% do total) relacionadas co Servizo de Axuda no Fogar, Xantar na casa, Programa de Educación Familiar, respiro familiar... ou as relacionadas co *servizo de teleasistencia* (0,92%).

Polo que respecta ao **aloxamento alternativo**, destacan as intervencións relacionadas cos *albergues, vivendas para persoas sen fogar e aloxamentos de urxencia* (0,18%) e as relacionadas cos *centros para maiores e persoas dependentes* (0,11%).

Por último, no grupo de **prevención e inserción social**, destacan o *programa de educación familiar* (0,62%) e os *programas de relación social, ocio e tempo libre municipais* (0,18%).

*Incidencia da COVID

A incidencia da pandemia apreciase notablemente na tipoloxía das intervencións realizadas.

O grupo 1 (**Información, orientación e valoración**) sufriu un importante incremento do número de intervencións que pasan de supoñer o 21,61% no 2019 a chegar ao 35, 80% no 2020. Este aumento débese á demanda de información sobre prestacións para facer fronte á pandemia do Covid19, que alcanzan o 17,27% do total de intervencións.

No grupo relacionado cos **recursos complementarios para a cobertura de necesidades básicas de subsistencia** destacan as demandas relacionadas coas axudas para a cobertura de necesidades básicas vinculadas á pandemia do Covid, co 15,70% do total.

Nos demais grupos a pandemia tivo unha incidencia menor, destacando no grupo de **apoio á unidade de convivencia** as actuacións para o incremento e reforzo da Teleasistencia e dos sistemas de proximidade (0,73%) e no do **aloxamento alternativo**, os *ingresos en albergue, centro de acollida ou urxencia motivado pola COVID* (0,09% das intervencións).

A táboa da seguinte páxina amosa as principais intervencións por cada grupo.

Intervencións máis relevantes por recurso aplicado 2020

	intervencións	% sobre total	% sobre grupo
1. Información, orientación e valoración		37,90%	
<i>sobre actuacións de apoio á unidade convivencia</i>	151	0,53%	1,41%
<i>sobre prestacións e axudas</i>	425	1,50%	3,97%
<i>sobre o sistema galego de dependencia</i>	830	2,94%	7,75%
<i>sobre servizos para familia e menores</i>	52	0,18%	0,49%
<i>sobre servizos para persoas con discapacidade</i>	107	0,38%	1,00%
<i>sobre prestacións para facer fronte á pandemia do Covid19</i>	6.589	23,32%	61,53%
2. Apoio á unidade de convivencia		4,51%	
<i>atencións domésticas, acompañamentos e atencións de carácter persoal</i>	742	2,63%	58,20%
<i>servizo de teleasistencia</i>	259	0,92%	20,31%
<i>Covid19.Incremento e reforzo da Teleasistencia e dos sistemas de proximidade</i>	169	0,60%	13,25%
3. Aloxamento alternativo		0,38%	
<i>centros para maiores e persoas dependentes</i>	31	0,11%	28,70%
<i>albergues, vivendas para persoas sen fogar e aloxamentos de urxencia</i>	50	0,18%	46,30%
<i>Covid19. Ingreso en albergue, centro de acollida ou urxencia</i>	20	0,07%	18,52%
4. Prevención e inserción social		1,21%	
<i>programa de educación familiar</i>	176	0,62%	51,31%
<i>programas de relación social, ocio e tempo libre municipais</i>	52	0,18%	15,16%
<i>programas municipais para persoas migrantes</i>	27	0,10%	7,87%
5. Recursos complementarios		55,98%	
<i>salario social - RISGA</i>	1.933	6,84%	12,22%
<i>axudas de inclusión social (AIS) da Xunta de Galicia</i>	1.143	4,05%	7,23%
<i>axudas de emerxencia social do Concello</i>	2.660	9,42%	16,82%
<i>bolsas e axudas municipais para estudos</i>	876	3,10%	5,54%
<i>bolsas municipais para comedor escolar</i>	1.675	5,93%	10,59%
<i>Covid19. Axudas únicas para cobertura de nec. básicas</i>	6.115	21,65%	38,67%
	28.250	100%	

Análise por UTS

Considerando as persoas usuarias atendidas en función do tipo de intervención e UTS de referencia, as porcentaxes medias por grupo resultan similares, con lixeiras variacións por zona:


No grupo 1, **Información, orientación e valoración**, as UTS cunha porcentaxe de intervencións superior á media foron Industria (41,36%), Travesía (40,45%) e O Castro (39,92%).

No grupo 5 relacionado cos **recursos complementarios para a cobertura de necesidades básicas de subsistencia**, destacan Coia (56,97%), Centro (55,57%) e Calvario (55,32%).

Dentro do grupo 2, **apoio á unidade de convivencia**, as UTS de maior porcentaxe de intervencións foron Independencia (6,16%), Teis (5,85%) e Sur (5,57%).

No grupo 3, **aloxamento alternativo**, Casco Vello (4%), Teis (2,34%) e Areal (1,89%).

E por último, no grupo 4, **prevención e inserción social**, destacan Teis (8,60%), Sur (7,14%) e Castrelos (6,30%).



Sectores de poboación atendidos

A maioría das intervencións centráronse en tres sectores de poboación (**familia, infancia e persoas maiores**) que supuxeron o 65,95% dos recursos aplicados. Considerando ademais os tres sectores seguintes en importancia (muller, persoas con discapacidades e inmigrantes), as intervencións concentran o 77,86% dos recursos.

O 22,14% restante repártese en intervencións con outros once sectores de poboación.

As zonas que máis recursos aplicaron acada sector de poboación foron:

- **Familia:** Balaídos-Comesaña (48,84%), Cabral-Candean (45,62%) e Centro (43,19%)
- **Infancia:** Litoral (23,22%), Sur (22,92%) e Balaídos-Comesaña (20,20%).
- **Persoas maiores:** Industria (25,06%), Coia (14,77%) e Sur (14,48%).
- **Muller:** O Castro (3,55%), Litoral (2,81%) e Travesía (2,66%).
- **Persoas con discapacidades:** Teis (6,77%), Travesía (6,45%) e Industria (6,12%).
- **Inmigrantes:** Areal (11,23%), Casco Vello (10,53%) e Centro (10,47%).


Por último, as UTS que máis concentraron as súas atencións nos tres sectores máis considerados (familia, infancia e persoas maiores) foron Balaídos-Comesaña (79,65%), Sur (76,48%) e Cabral-Candean (73,62%).

Por contra, que as que menos o fixeron foron Calvario (59,29%), Areal (55,27%) e Casco Vello (49,92%).

*Incidencia da COVID

No 2020 produciuse unha maior concentración das intervencións no sector Familia, que subiu do 25,99% no 2019 ao 38,29% no 2020.

Por contra, o sector Infancia viuse reducido do 29,20% ao 16,46%.





Recursos aplicados

Sectores de poboación atendida	01-Sur	02-Castrelos	03-Coia	04-Litoral	05-Balaidos-Comesaña	06-Industria	11-Lavadores	12-Teis	13-R.Atienza	14-Travesía	15-Calvario	16-Cabral Candean	21-Casco Vello	22-O Castro	23-Centro	24-Areal	25-Independ.	totais
02 Familia	39,08%	38,89%	32,90%	31,99%	48,84%	32,20%	37,87%	40,48%	37,87%	42,94%	38,73%	45,62%	31,58%	37,93%	43,19%	33,59%	32,35%	38,29%
03 Infancia	22,92%	18,92%	18,14%	23,22%	20,20%	16,43%	19,62%	14,76%	19,62%	16,54%	12,70%	16,38%	9,54%	15,05%	13,07%	11,23%	13,33%	16,46%
05 Muller	0,48%	1,22%	0,99%	2,81%	1,70%	2,09%	1,36%	2,10%	1,36%	2,66%	1,40%	1,44%	2,22%	3,55%	1,92%	1,90%	1,40%	1,81%
06 Persoas maiores	14,48%	11,37%	14,77%	13,08%	10,61%	15,06%	10,01%	8,55%	10,01%	10,09%	7,86%	11,62%	8,80%	13,48%	9,38%	10,45%	13,91%	11,20%
07 Persoas con discapacidades	4,83%	3,56%	6,05%	4,45%	3,54%	6,12%	5,20%	6,77%	5,20%	6,45%	2,97%	3,38%	1,73%	3,97%	3,63%	3,11%	5,02%	4,41%
18 Inmigrantes	0,72%	3,65%	1,29%	1,37%	4,08%	4,76%	4,24%	5,40%	4,24%	8,35%	6,58%	2,50%	10,53%	6,27%	10,47%	11,23%	9,79%	5,69%
Suma dos 3 principais	76,48%	69,18%	65,81%	68,29%	79,65%	63,69%	67,50%	63,79%	67,50%	69,57%	59,29%	73,62%	49,92%	66,46%	65,64%	55,27%	59,59%	

2.2 Axudas económicas municipais

Os servizos sociais do Concello de Vigo, tanto os comunitarios básicos como os específicos, traballan desde hai moitos anos co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da cidadanía, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción.

En xeral, e como metodoloxía de traballo, prestan unha atención integral ás persoas baseada no esforzo da súa autodeterminación e a potenciación dos seus propios recursos e os do seu contorno familiar e comunitario, contando cun conxunto de prestacións entre as que se inclúen as municipais como resposta ás carencias na cobertura das necesidades sociais detectadas.

Con esta finalidade promove anualmente, a través da Concellería de Política Social, unha convocatoria de axudas de emerxencia como parte da resposta ás carencias detectadas na cobertura das necesidades sociais básicas de aloxamento, alimentos, gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público de saúde, etc.

Ademais, no contexto de grave crise económica que se padeceu durante anos, o Concello de Vigo considerou necesario complementar esas axudas de emerxencia poñendo a disposición das persoas e familias necesitadas recursos económicos que lles permitisen facer fronte, polo menos parcialmente, aos gastos derivados do uso da vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética».

Xunto coas partidas destinadas a cubrir especificamente este tipo de necesidades sociais básicas, os orzamentos municipais incluíron tamén un programa de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor dirixidas, prioritariamente, a familias con dificultades socioeconómicas e dificultades en conciliar a súa vida familiar e laboral.

*Incidencia da COVID

No 2020, como resposta á situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, o Servizo de Benestar Social incrementou o orzamento do Programa contra desafiuzamentos e de emerxencia social en 800.000 € (máis os 972.000 € previstos inicialmente), utilizando a vía habilitada polo RDL 8/2020, do 17 de marzo, que permitiu destinar o superávit orzamentario do exercicio de 2019 para levar a cabo as actuacións necesarias en orde a protexer ás persoas máis vulnerables e/ou en risco de exclusión social.

En consecuencia, os importes concedidos con cargo ao devandito programa supuxeron o 268% do executado en 2019, para unhas solicitudes que se incrementaron nun 175% respecto ao ano anterior. Por contra, o Programa de Axudas Extraordinarias a Familias, cuxas bases foron publicadas no BOPPO de 30 de decembro de 2019, non foron finalmente convocadas, xa que co estado de alarma suspendéronse tódalas convocatorias coa fin de facilitar o illamento e evitar concentracións de persoas.

En canto ao Programa de Axudas Municipais escolares, a suspensión das actividades docentes obrigou á realización de axustes orzamentarios polas cantidades pendentes de execución.

2.2.1 Programa contra desafiuzamentos e de emerxencia social

Descrición

Descrición e xustificación

O “Programa contra desafiuzamentos e de emerxencia social” regula a concesión de axudas económicas municipais (AEM) para atender situacións extraordinarias que poidan considerarse de emerxencia social.

A convocatoria foi publicada no [Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 17 de 27 de xaneiro de 2020](#).

A finalidade destas axudas é a de apoiar a aquelas persoas e familias que carecen de recursos económicos suficientes para afrontar unha determinada situación de emerxencia social relacionada coa súa vivenda, coa alimentación básica das persoas integrantes da unidade familiar/de convivencia e outras situacións debidamente acreditadas de necesidade que, de non ser atendidas, poderían derivar en marxinalidade ou exclusión social.

As axudas concedidas con cargo a este Programa teñen carácter temporal e extraordinario para abordar situacións concretas de emerxencia social pero en ningún caso constitúen un complemento ordinario do importe das prestacións públicas que poidan percibirse periodicamente (RISGA, PNC, pensións, prestacións por desemprego...), polo que non son atendidas as solicitudes reiteradas de axudas para os mesmos conceptos.

Orzamento

O importe total autorizado inicialmente para as subvencións foi de 922.000 €, ao que hai que sumar 50.000 € da partida melloras en fogares, para un total de 972.000 €.

Posteriormente, a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 19 de maio de 2020, autorizou un incremento no gasto de 800.000 € pola situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Gastos subvencionables

- a) Gastos de vivenda, que inclúen: gastos de aluguer (cando existan garantías de continuidade na vivenda), créditos hipotecarios con entidades bancarias, en evitación de desafiuzamentos (sempre que non se desfrutase xa de axudas públicas por este concepto durante os períodos de débeda), débedas de comunidade, mobiliario de primeira necesidade, débedas de subministros (enerxía eléctrica, auga e gas). Non se conceden axudas de emerxencia para sufragar os gastos de aluguer correspondentes a vivendas de protección oficial de titularidade pública.
- b) Alimentación básica, incluída a infantil á venda en establecementos de alimentación.
- c) Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público de saúde, como gastos para a adquisición de medicinas e pagamento de débedas xeradas por este concepto, na porcentaxe non cuberta polo sistema sanitario e gastos de atención sanitaria non cubertos polo

sistema público (adquisición, reparación e adaptación de lentes, ortopedia e próteses), acreditando a súa prescrición por un médico do sistema público de saúde.

- d) Gastos persoais.
- e) Aloxamentos (pensións, cuartos, etc.).
- f) Adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas e/ou pequenos arranxos para mellorar o desenvolvemento diario no entorno).

Destinatarios

Con carácter xeral, os beneficiarios das axudas deben cumprir os seguintes requisitos:

1. Ser maior de idade ou persoa menor emancipada.
2. Residir e estar empadroado no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de seis meses, agás excepcións (situacións singulares e urxentes como persoas en situación de necesidade extrema, persoas estranxeiras refuxiadas, con solicitude de asilo en trámite ou con autorización de estancia por razóns humanitarias e persoas acollidas en recursos de aloxamento institucional).
3. Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos extraordinarios derivados dunha situación de emerxencia social, debidamente acreditada.
4. Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa desa situación de necesidade ou ben autorizar ao Concello de Vigo para obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación da mesma.

As axudas destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas e/ou pequenos arranxos para mellorar o desenvolvemento diario no entorno), diríxense preferentemente a persoas que, pola súa idade ou discapacidade, teñan limitada a súa mobilidade

Non se poderá acceder a estas axudas municipais:

- a) Cando, de existir, non se teñan utilizado as canles que outras Administracións teñan establecido para atender este tipo de necesidades (RISGA, AIS, etc.).
- b) Cando se perda o dereito a unha prestación pública recoñecida por causas imputables á persoa solicitante das axudas.
- c) Cando non se teñan xustificando as axudas concedidas nos prazos establecidos en función da forma de pagamento (cheque bancario, transferencias e/ou tarxetas pre-pagamento).

Acceso ao servizo

O procedemento de concesión destas axudas iníciase de oficio ou por instancia da persoa interesada coa presentación das súas solicitudes a través do Rexistro Xeral municipal, nos Centros de Servizos Sociais Municipais ou por calquera dos medios previstos legalmente.

Organización do servizo

Recibidos os informes de valoración por parte das traballadoras sociais das UTS, a Comisión de Valoración formula a proposta de resolución que proceda, de concesión ou denegación, que resolve a Concelleira delegada.

En casos excepcionais, a profesional correspondente e a responsable do programa poden propoñer a contía e o aboamento dunha axuda, cando a situación non permita demorarse ata o pronunciamento da Comisión.

Unha vez concedida a axuda, a persoa beneficiaria dispón dun prazo de dez días para presentar a xustificación perante a traballadora social da zona, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado.

As contías mensuais máximas son:

Contías mensuais máximas


membros unidade familiar	máximo alimentos/mes	máximo aluguer/mes	máximo anual por todos os conceptos
1	200,00	300,00	2.400,00
2	290,00	400,00	2.850,00
3	350,00	450,00	3.250,00
4	400,00	500,00	3.550,00
5	450,00	550,00	3.850,00
6 ou máis	500,00	600,00	4.150,00

(*) Inclúe gastos de vivenda, alimentación básica, atención sanitaria e gastos persoais. Para as axudas destinadas á adaptación dos fogares, a contía máxima é de 3.000 € por vivenda e ano.

Resultados



As axudas municipais de emerxencia social tiveron un total de 3.728 solicitudes, das que 3.090 (o 82,89%) foron concedidas.

O importe das axudas municipais de emerxencia social ascendeu a 1.640.958,77 € que co seguinte reparto dos gastos:




Por UTS, as de maior número de solicitudes foron Centro (con 327), Calvario (299) e Travesía (273). Por contra, as que menos solicitudes rexistraron foron Coia (116), Sur (128) e Independencia (161).

As tramitacións demoraron unha media de 15,79 días, moi por debaixo de anos anteriores e con escasas diferencias entre zonas, sendo Cabral-Candean (10,05) e O Castro (11,79) as de menor media, e Casco Vello (23,38) e Areal (20,31) as de maior.



Por último, se consideramos o concepto das solicitudes, destacan certas variacións por zona, como a situación de Areal nos primeiros postos das solicitudes de alimentación, a de Casco Vello e Castrelos entre as que máis solicitaron axudas para aloxamento e aluguer ou as de Litoral, Balaidos-Comesaña e Coia entre as maiores solicitantes de axudas para gastos de luz, auga e gas.



2.2.2 Programa de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor

Descrición

Descrición e xustificación

O programa de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor vai destinado ao alumnado de centros docentes públicos e privados concertados, de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e educación secundaria obrigatoria, con enderezo en Vigo, para o curso 2020-2021.

As axudas van dirixidas, prioritariamente, a familias con dificultades socioeconómicas e dificultades en conciliar a súa vida familiar e laboral coa finalidade última de apoiar ás unidades familiares que non poden afrontar o custo do servizo.

Orzamento

O importe total autorizado para as subvencións foi inicialmente de 1.205.000€, aínda que coa posibilidade de incrementarse cos importes sobrantes do programa de axudas do exercicio anterior, sen necesidade dunha nova convocatoria ata 120.000 €.

O importe executado finalmente foi de 829.917,95 €.

Programas subvencionables

Os programas subvencionables serán:

- Axudas para a adquisición de libros e material escolar para Educación Infantil (2ª etapa). No concepto de material escolar inclúese todo o material necesario para o desenvolvemento do curso académico en función das obrigas de cada colexio e as súas técnicas de aprendizaxe (mandilón, chándal, material informático e material funxible).
- Axudas para comedores escolares (de setembro a xuño, ámbolos dous incluídos) para alumnos/as matriculados/as nos niveis de Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, sempre que non cumpran os requisitos para acceder ás axudas de comedor dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación da Xunta de Galicia con competencias en materia de educación.



Destinatarios

Os beneficiarios das axudas deben cumprir os seguintes requisitos:

- a) Que a unidade familiar de convivencia resida e estea empadroada no Concello de Vigo.
- b) Convivir cos/coas alumnos/as para os que se solicitan as axudas.
- c) Con respecto á axuda de comedor, débese contar con praza no centro. De non ser así, aínda tendo concedida a axuda, non se fará efectiva.
- d) Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou con concerto, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- e) Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos estipulados.
- f) Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda do 75% do IPREM, que equivale ao 100% do subsidio básico da RISGA, equivalente a 4.840,56 € anuais.
Para estes efectos, considerarase que a capacidade económica será o resultado de deducir dos ingresos netos os gastos xustificadas en concepto de aluguer ou amortización de hipoteca para compra da vivenda que constituía o seu domicilio habitual (sempre e cando ningún membro da unidade de convivencia dispoña en propiedade de outro ben inmovible), ata un máximo de cincocentos euros ao mes (500€/mes) dividido polo número de membros que integran a unidade familiar.
- g) Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estean situados no termo municipal de Vigo.

Acceso ao servizo

As persoas interesadas presentan as súas solicitudes a través do Rexistro Xeral municipal, nos Centros de Servizos Sociais Municipais ou por calquera dos medios previstos legalmente.

O programa de axudas para comedores escolares conta con dúas modalidades de acceso, a modalidade A, que se refire ás solicitudes presentadas no prazo ordinario e, con carácter excepcional, unha modalidade B, co fin de dar protección ás situacións carenciais ou excepcionais do alumnado xurdidas unha vez pechado o prazo ordinario da presentación de solicitudes e resoltas as axudas.

Organización do servizo

Con carácter xeral, as solicitudes valoráronse tendo en conta a renda per cápita dos ingresos do ano 2019 dos compoñentes da unidade familiar de convivencia, se ben, nos casos acreditados de deterioro da capacidade económica da unidade familiar, considérase a do primeiro trimestre do ano 2020.

Para os efectos do cálculo, compútanse por dous os membros da unidade familiar que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33%, ata un máximo de dous membros ou cando o/a solicitante fose vítima de violencia de xénero.

A lista de concesión faise por orde inversa ao da contía da renda per cápita da unidade familiar, de menor a maior. No caso de igualdade de ingresos, concédese por maior número de membros da unidade familiar.

Axudas de libros e material escolar

A contía para libros e material escolar en Educación Infantil (3, 4 e 5 anos) foi de 85,00 € por alumno/a. O pagamento destas axudas realízase dunha soa vez contra a presentación, por parte da persoa beneficiaria, da factura xustificativa orixinal do gasto realizado.

Axudas de comedor

A axuda municipal de comedor, por mes e alumno/a, é dun máximo de corenta e un euros (41 €), agás nos meses de decembro e abril (con menos días lectivos), que é de vintenove euros (29 €).

As axudas concédense ás familias e pagaranse aos centros, que actuarán como entidades colaboradoras, asumindo o compromiso de xestionar a aplicación dos fondos de acordo coa súa finalidade e de comunicar mensualmente a utilización do servizo de comedor polo alumnado beneficiario, así como as baixas e os traslados, ao Departamento de Benestar Social co obxectivo de reaxustar as axudas de comedor ao longo do curso escolar.

*Incidencia da COVID

Desde mediados do mes de marzo de 2020 suspendéronse as actividades docentes e tamén o funcionamento dos comedores escolares, sen que fose materialmente posible executar o gasto do 80% xa aboado naquela altura aos centros educativos de Vigo ao abeiro da convocatoria de bolsas de comedor do curso 2019-2020.

O importe das axudas de comedor durante ese período extraordinario foille aboado directamente polo Concello de Vigo ás familias en situación de vulnerabilidade en concepto de axudas municipais de emerxencia. En concreto, desde o 15 de marzo de 2020 foron concedidas un total de 7.830 axudas de 50€ c/u a 1.919 familias beneficiarias por un importe global de 391.500€.

En consecuencia, quedaron sen executar polas entidades colaboradoras contías que, en principio, deberían ser obxecto de reintegro por cada unha delas, de acordo co disposto na normativa reguladora das subvencións públicas.

Con todo, por razóns de operatividade e eficiencia administrativa e tendo en conta que durante o exercicio orzamentario de 2020 realizouse o aboamento correspondente ao 40% do importe da resolución da actual convocatoria para o curso 2020-2021, entendeuse que a solución máis acaída sería considerar aquelas cantidades por reintegrar como aboamentos a conta da resolución de outorgamento de subvencións a comedores escolares para o curso 2020-2021.


Deste xeito, unha vez ditada a resolución correspondente pagouse aos centros educativos a diferenza entre o xa aboado (a conta) e a cantidade correspondente ao 40% para cada centro da convocatoria 2020-2021.

Resultados

As axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor foron solicitadas por un total de 4.349 alumnos e alumnas.

O importe total das axudas ascendeu á cantidade de **829.917,95 € (97.070,00 euros para as axudas de libros e material escolar e 732.847,95 euros para as de comedor)**.

Por zonas, as UTS con maior número de solicitudes de axudas para libros foron Litoral (160), Balaídos-Comesaña (143) e Cabral Candean (126). Nas axudas de comedor foron Litoral (344), Balaídos-Comesaña (318) e Calvario (296).



<< ao inicio do apartado << ao índice

Axudas de libros e material escolar

A modalidade de axudas para libros e material escolar tivo 1.735 solicitudes, das que foron aceptadas o 65,82% (1.142).

Por tipo de centro, o 47,32% das solicitudes foron de alumnado de centros públicos e o 52,68% de centros concertados.

Por tipo de centro

	total solicitudes	%	total alumnado
Centro público	706	40,69%	767
Centro concertado	914	52,68%	1.055
Escola de Educación Infantil	114	6,57%	116
Instituto Educación Secundaria	1	0,06%	1
total	1.735	100,00%	1.939

Entre as aceptadas, o reparto por idade foi tamén bastante equilibrado

Por idade

	nº	%	importe
Educación Infantil 3 anos	363	31,79%	30.855,00 €
Educación Infantil 4 anos	399	34,94%	33.915,00 €
Educación Infantil 5 anos	380	33,27%	32.300,00 €
total	1.142	100,00%	97.070,00 €

A principal causa de denegación foi superar os ingresos (65,01%), seguida pola de non axustarse aos niveis subvencionables, de Educación Infantil (29,65%).

causas de denegación

		%
Supera ingresos	353	65,01%
Base 2.1, limitada Ed. Infantil	161	29,65%
Unidade familiar non empadroada	8	1,47%
Modalidade non subvencionable	7	1,29%
Non aportar documentación	6	1,10%
Fora de prazo	5	0,92%
Outras	3	0,55%
	543	100,00%

Axudas de comedor

A modalidade de axudas para comedor tivo 3.890 solicitudes, das que foron aceptadas o 67,71% (2.634). Por tipo de centro, o 66,45% das solicitudes foron de alumnado de centros privados concertados.

Solicitudes por tipo de centro

	total solicitudes	%	total alumnado
Centros públicos	1.239	31,85%	1.500
Centros concertados	2.585	66,45%	2.767
Escolas de Educación Infantil	58	1,49%	118
Instituto Educación Secundaria	8	0,21%	10
total	3.890	100,00%	4.395

As causas de denegación máis frecuentes foron superar os ingresos (78,19%), ou a incompatibilidade co Decreto 132/2013 (14%).

causas de denegación

		%
Supera ingresos	631	78,19%
Incompatibilidade Decreto 132/2013	113	14,00%
Unidade familiar non empadroada	22	2,73%
Fora de prazo	12	1,49%
Outras	29	1,75%
	807	100,00%

_03 SERVIZOS E PROGRAMAS DESTINADOS AOS COLECTIVOS DE INFANCIA E FAMILIA

3.1 Programa Socio Educativo e de Apoio Familiar (PSEAF)

Descrición do servizo

Descrición e xustificación

O Programa de Intervención Familiar concíbese como un servizo educativo e psicosocial de prevención e apoio personalizado, dirixido ás familias (especialmente a aquelas que se atopen nunha situación de vulnerabilidade) e á toda a comunidade. Ten como finalidade a promoción da autonomía familiar, o desenvolvemento integral das súas potencialidades e a súa participación activa como protagonistas do seu cambio a partir dun proceso construído conxuntamente coas familias, as/os profesionais e os axentes da comunidade.

O PIF atende as problemáticas aparelladas a situacións de risco e de conflito social articulando unha intervención interdisciplinar que favoreza procesos normalizadores para os nenos e as nenas e a súas familias, levando a cabo ademais unha intervención preventiva que impida o posible agravamento do problema detectado.

Orzamento: Trátase dun servizo integramente asumido, xestionado e financiado polo Concello de Vigo, dotado con 709.498,90 €.

Obxectivos

- Reforzar, estimular e potenciar os recursos persoais das familias, as súas capacidades e habilidades para o correcto desenvolvemento das funcións parentais, fomentando a educación en igualdade e a corresponsabilidade.

- Pór á disposición das familias atención psicolóxica, recursos e itinerarios socioeducativos.
- Favorecer a integración, promoción e participación das familias ou unidades de convivencia en todos os ámbitos da vida comunitaria.
- Previr e atender as situacións que provoquen vulnerabilidade ou risco social, con especial atención aos menores de idade.
- Promover espazos de encontro de nais e pais enfocados á formación compartida e mellora da educación familiar.

Destinatarios

O programa diríxese con carácter xeral ás familias e unidades de convivencia voluntaria con funcións análogas á familiar, con atención prioritaria a aquelas en situación de maior vulnerabilidade ou dificultade, ben pola presenza de menores en situación de risco ben pola existencia de déficits nas habilidades para o coidado ou na cobertura das necesidades básicas dos seus membros.

Acceso ao programa

Se ben as propias familias ou unidades de convivencia poden cursar unha solicitude a través do Rexistro Xeral do Concello, a maioría delas prodúcense a proposta das traballadoras sociais do Concello ou doutros servizos e recursos como o Servizo de Menores da Xunta de Galicia, a Fiscalía, os centros escolares, os centros de saúde, xulgados, etc. En todo caso, o acceso ao programa require da aceptación da familia, da valoración e proposta da UTS de referencia e a aprobación da coordinadora municipal responsable do programa.



Organización do servizo

Xestión municipal e contrato de prestación de servizos adxudicado inicialmente por acordo da Xunta de Goberno Local de 13 de xuño de 2012 (BOPPO nº 37, do 21/02/2013) por catro anos e prórroga aprobada o 23 de setembro de 2016 ata que se produce a nova adxudicación, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de agosto de 2018 (BOPPO nº 192, do 04/10/2018), pasando a denominarse Programa Socio Educativo e de Apoio Familiar (PSEAF).

Recursos humanos

O programa conta coa responsable municipal do Servizo de Infancia e Familia que coordina un equipo técnico formado por distintas persoas: dúas traballadoras sociais, dúas psicólogas, unha administrativa, dez educadoras sociais, cinco educadoras sociais para actividades de reforzo educativo, dúas educadoras de rúa, unha mediadora intercultural, unha coordinadora e persoal de apoio na coordinación e xestión do servizo, en temas laborais, en prevención de riscos laborais, en calidade, etc.

Áreas de intervención

O programa oríentase á intervención no ámbito familiar, con especial atención aos menores en situación de risco. Intervén, por tanto, en dous ámbitos diferenciados:

1. Na prevención de **situacións de risco en menores**. Entendendo por situación de risco, aquela que prexudique o desenvolvemento persoal ou social do menor e que non acade a gravidade suficiente para xustificar a súa separación do núcleo familiar.

2. Na **atención socio-familiar** ás unidades familiares que presenten problemáticas e que necesiten apoio para a súa resolución.

O traballo coas familias persegue a potenciación dos factores de protección que existen nas mesmas, minimizando na medida do posible os factores de risco, aínda que, en ocasións a intervención se limita á realización de informes sociais e/ou técnicos solicitados polos servizos sociais do Concello ou por outras administracións.

Logo, no traballo coas familias poden distinguirse á súa vez as seguintes **áreas**:

- Área de convivencia familiar, que comprende tanto a organización e economía familiar coma a dinámica familiar.
- Área de educación, que inclúe o axuste ao medio escolar, a educación en valores e a colaboración na execución e seguimento das medidas acordadas pola administración autonómica en materia de menores.
- Área de saúde, que contén distintos ámbitos coma a alimentación, a hixiene, a prevención de enfermidades e a planificación familiar. Mención especial merece o ámbito da saúde mental, que conta coa unidade de apoio psicolóxico.
- Área laboral, que engloba tanto a formación, coma a consecución e mantemento do emprego.
- Área de participación na comunidade, que ten coma fin a convivencia veciñal e a relación coas asociacións veciñais ou do Concello.
- Área de ocio e tempo de lecer, na que se traballa co obxectivo de promover alternativas socioeducativas no tempo de ocio.
- Área de mediación intercultural, que pretende facilita-la comunicación e a comprensión entre persoas con diferentes códigos culturais, resaltando os aspectos máis positivos da diversidade, así como apoiar aos técnicos do Programa en materias específicas de interculturalidade.

Resultados

Poboación participante

Participaron un total de 400 familias distintas, formadas por 1.279 persoas, das que 558 eran menores. As familias sen menores representaron o 18,5% do total.


Tipoloxía familiar

No programa teñen cabida todo tipo de familias, diferenciando catro tipos distintos a efectos de clasificación:

- Unipersoais: constituídas por unha soa persoa.
- Nucleares: formadas por unha parella e os seus fillos, se os houbera.
- Monoparentais: compostas por unha soa persoa, ou un só proxenitor e os seus fillos. Poden ser monoparentais homes ou monoparentais muller.
- Extensas: constituídas por varias xeracións: avós, netos, fillos, tíos, etc.
- Reconstituídas: formadas por unha parella que convive con fillos doutras relacións.


Tipos de familia

	nº familias	% sobre o total	nº menores	% sobre o total	nº familias estranxeiras	% sobre o total	nº total persoas
Unipersoal	34	8,5%	0	0,0%	9	7,2%	34
Nuclear	87	21,8%	148	26,5%	30	24,0%	346
Extensa	66	16,5%	111	19,9%	19	15,2%	282
Monoparental muller	157	39,3%	217	38,9%	58	46,4%	422
Monoparental home	13	3,3%	12	2,2%	2	1,6%	33
Reconstituída	43	10,8%	70	12,5%	7	5,6%	162
Total	400	100%	558	100%	125	100%	1.279



Idade das persoas usuarias

Predominan os proxenitores novos con fillos entre os sete e dezasete anos, coa seguinte distribución por idade:



Procedencia e perfil cultural das familias

Das 400 familias do PIF, o 68,75% son españolas, entre as que merecen mención especial pola súa representatividade no programa as familias de minorías étnicas (18 familias).

As familias de orixe estranxeira representan o 31,25% do total, 125 familias de vinte oito nacionalidades distintas. Entre elas destacan as familias que proveñen de América do Sur e América Central (que representan o 78,4% do grupo) e as de orixe romanés (o 7,2%).

SERVIZOS E PROGRAMAS DESTINADOS AOS COLECTIVOS DE INFANCIA E FAMILIA


_3.1 Programa Socio Educativo e de Apoio Familiar (PSEAF)

Situación económica e laboral

Os ingresos das unidades familiares proveñen en moitos casos de axudas como a RISGA (Renda de Inclusión Social Galega), a RAI (Renda Activa de Inserción) ou a ou a PNC (Pensión Non Contributiva), que son percibidas polo 34,5% das familias. Só o 37,5% das familias teñen algún membro de alta na Seguridade Social.

O 24% das familias é apoiada con alimentos por algún tipo de entidade e o 6% ten que procurarse de prendas de vestir de balde.

Estes datos motivan que na maioría das familias un dos obxectivos a traballar sexa a incorporación ou reincorporación ao mercado laboral a través de derivacións e acompañamentos a entidades que ofertan distintos cursos.




Vivenda

A falta de recursos de moitas familias implica que en ocasións non podan acceder ou manter unha vivenda con condicións de habitabilidade mínimas, polo que nestes casos é necesario facer intervencións encamiñadas a paliar o máis posible esta situación.

É de destacar que o 3% das familias non teñen unha vivenda coas condicións adecuadas de habitabilidade por deficiencias na estrutura, falta de subministros básicos, etc. e moitas outras teñen dificultades para presentar garantías ou mesmo facer fronte aos pagos, polo que en moitas ocasións teñen que ser apoiadas polos Servizos Sociais. Así e todo, no 2020 vivíronse 9 procesos de desafuzamento.

Os distintos réximes de tenencia foron:





Educación

En termos globais o nivel cultural das familias usuarias do PIF é baixo, sendo frecuentes as persoas que non acadaron a educación básica. Os casos de adultos analfabetos ou que teñen graves dificultades para ler e escribir detectados este ano foron 10. Ademais, 9 das familias estranxeiras amosaban dificultades co noso idioma.

No referente aos menores en idade de escolaridade obrigatoria é frecuente atopar fracaso ou abandono escolar.

Desde o PSEAF leváronse a cabo coordinacións cos centros escolares e derivacións á escola de adultos e as distintas entidades que ofertan servizos de alfabetización, castelán e apoio escolar.

Tamén préstase moita importancia á tramitación das becas de necesidades educativas especiais, que estas permiten aos beneficiarios recibir apoio de gabinetes ou centros especializados. No 2020, 31 menores do PSEAF foron perceptores desta beca.

Entidades que ofertan apoio escolar a menores

	menores do PSEAF
PSEAF	54
Centros escolares	9
Outros	6
ONG "Hoy por ti"	11
Cruz Vermella	4
Total	84

Saúde

A análise da saúde dos usuarios do PSEAF revela un alto número de patoloxías médicas, moitas veces sen un diagnóstico preciso ou un seguimento adecuado:

- O 34,75% ten algún membro con enfermidade crónica que require tratamento.
- O 22,25% ten algún membro con discapacidade recoñecida.
- O 25,5% ten algún membro afectado por problemática de saúde mental.
- O 12,25% non acude ás revisións médicas ou so acude de forma esporádica ou cando son acompañados.
- O 5,5% ten algún membro que acude a algún dispositivo de desintoxicación.

Acceso ao programa

Incorporacións

No ano 2020 tiveron lugar 243 adxudicacións (165 novas incorporacións e 78 reaperturas) coas seguintes valoracións iniciais:


Valoración inicial

	nº de expedientes
Intervención educativa	83
Intervención psicolóxica	12
Intervención psicoeducativa	5
Realización informes sociais ou valoracións	143
Total altas	243

Procedencia

A maioría das intervencións proveñen do Servizo de Familia e Menores da Xunta (49%), seguidas das UTS (24%) e a Fiscalía ou xulgado (12%).

En canto ás zonas de procedencia, as UTS con máis intervencións foron Areal (con 33), Cabral Candeán (32) e Castrelos (31). As que menos Industria e O Castro (7) e Coia (13).





Tipos de actuacións

Durante o ano 2020 tiveron lugar 4.338 actuacións presenciais:

Tipos de actuacións	
	nº
Intervencións no propio domicilio	2.116
Intervencións no despacho (oficina ou UTS)	751
Acompañamento a xestións e recursos	291
Coordinación presencial con UTS	318
Xestións presenciais sen a persoa usuaria	352
Intervencións noutros contextos	468
Coordinación presencial co Servizo de Menores	42
Total	4.338

Tipos de actuacións telemáticas

	nº
Intervencións ou seguimentos telefónicos/email	2.219
Entrevistas telefónicas por informes sociais	68
Solicitudes ao Concello, axuda alternativa, beca comedor	38
Outras solicitudes axuda económica Concello	49
Outras xestións	796
Total	3.170

*Incidencia da COVID

Co estado de alarma sanitaria declarado polo Goberno de España o 14 de marzo de 2020 por mor da Covid, fíxose imposible continuar coas entrevistas e demais actuacións presenciais coas persoas usuarias, polo que se optou polo traballo telemático, mantendo as citas, seguimentos e coordinacións por teléfono e por correo electrónico.

A medida que se foron levantando as restricións foron retomándose as intervencións presenciais consideradas imprescindibles (o 11 de maio), para logo volver á actividade normal e presencial o 22 de xuño.

Coordinacións con Servizo de Menores da Xunta de Galicia

Das 400 familias coas que se traballou, 185 tiñan tamén expediente aberto no Servizo de Menores da Xunta de Galicia. A maioría das veces é o Servizo de Menores quen solicita a inclusión da familia no PSEAF, se ben, en ocasións detéctanse situacións que poñen en perigo a integridade ou benestar dalgún menor que fan necesario a súa comunicación a ese Servizo.

No 2020, realizáronse 28 derivacións por este motivo que motivaron diferentes actuacións do Servizo de Menores e, en concreto, na adopción de medidas de protección (como a asistencia a un centro de día, en 6 ocasións) ou a tutela ou garda dos menores (noutras 4).

Coordinacións con outros recursos

Desde o PSEAF producíronse 170 derivacións a 37 recursos distintos, entre as que cabe mencionar a Asociación Vida Digna, Fundación Érguete, Asociación Stop, Hoy por ti, Asociación Alborada, Asociación Provivienda, etc.

Problemáticas

Os motivos da inclusión das familias no PSEAF foron:

Motivos iniciais de intervención

Valoración de medidas de protección	28,9%
Sospeitas de trato inadecuado	13,6%
Falta de habilidades parentais	11,6%
Problemas de conduta nos menores	11,1%
Conflitos entre os proxenitores e/ou entre os familiares	6,2%
Seguimento de medidas de protección	4,9%
Falta de apoios externos	4,1%
Falta de asunción de responsabilidades	3,7%
Dificultades de integración	3,3%
Situación vital estresante	2,9%
Absentismo escolar	2,5%
Consumo de tóxicos	1,6%
Posible transtorno mental	1,6%
Atención sanitaria inadecuada	1,6%
Situación de violencia de xénero	1,2%
Necesidades básicas dos menores non cubertas	1,2%
Total	100%



Tendo en conta a entidade demandante, as derivacións desde as **UTS** foron, principalmente, por catro motivos (que sumaron o 56,9% das súas derivacións): os “problemas de conduta dos menores”, a “falta de habilidades parentais” ou a “falta de apoios externos”.

O **Servizo de Familia da Xunta** fixo as súas demandas tamén en base a tres circunstancias distintas (que suman o 81,7% das derivacións): “valoración ou seguimento de medidas de protección”, “sospeitas de trato inadecuado” ou “falta de habilidades parentais”.

Por último, os **centros escolares** fundamentan o 71,4% das súas demandas en tres motivos: “problemas de conduta”, “sospeitas de trato inadecuado” ou “absentismo escolar”.

Polo que respecta ás **reaperturas**, aínda que maior parte prodúcese por empeoramento da situación tras o peche do expediente (e na maioría dos casos polos motivos xa mencionados), cabe destacar que o 72% o foron solicitudes de informes sociais por diversos motivos.

Tempos de permanencia

Sen considerar as baixas nas que non se chegou a iniciar a intervención, o tempo de permanencia medio das familias foi de 8 meses e unha semana, aínda que dependendo da unidade de traballo asignada os tempos varían considerablemente, como se expón a continuación.

Tempo medio de permanencia

	en meses
Traballo social	1,5
Educación familiar	15
Psicoloxía	16
Mediadora intercultural	10

Tempo de permanencia na unidade de traballo social.

É a unidade onde menos tempo soen permanecer as familias. Das 125 baixas tramitadas, interveuse efectivamente con 110 familias, sendo o tempo medio de permanencia de 1,5 meses, e o tempo máximo de 5 meses. A elaboración efectiva de informes sociais representou o 82% dos casos, cunha duración media de 43 días dende a data de alta.

Tempo de permanencia na unidade de educación familiar.

O groso das intervencións no PSEAF concéntrase nesta unidade na que houbo 95 peches de expediente nos que se chegou a intervir con 84 familias. O tempo medio de permanencia foi de 1 ano e 3 meses, sendo o tempo máximo de permanencia de 4 anos e 1 mes.

Tempo de permanencia na unidade de psicoloxía.

Das 20 baixas interveuse con todas elas, cunha permanencia media de 1 ano e 4 meses e un tempo máximo de 2 anos e 4 meses.

Tempo de permanencia na área de mediación intercultural.


A unidade do PSEAF de más recente creación e a que contou con menos expedientes. No 2020 tramitáronse 9 baixas nesta área, cunha duración media de permanencia de 10 meses.

Baixas no programa

No 2020 causaron baixa no programa de intervención familiar 249 expedientes. O cese das familias sempre é unha tarefa conxunta e acordada coa traballadora social de referencia e os motivos para a tramitación dunha baixa son diversos.

Dun lado, pode producirse pola obtención de certos resultados, ben pola consecución total ou parcial de obxectivos ou pola realización do informe ou valoración social demandados.

E doutro, tamén se produce cando se interrompe ou non se chega a comezar a intervención, ben polo rexeitamento ou non colaboración por parte da familia, ben por outras causas como un cambio de concello ou casos nos que non procede intervención porque os motivos da alta desapareceron ou que se están a utilizar outros recursos análogos.





A análise dos motivos amosa que as baixas por consecución de obxectivos alcanzaron o 23,3% e as orixinadas na realización de informes e valoracións o 41,4%, o que, en suma, resulta o 64,7% do total.

Os casos nos que non se chegou a comezar a intervención (por rexeitamento, por cambio de concello ou por que non procedía a intervención) alcanzaron o 20,1%.

Outras actividades do programa

Obradoiros de reforzo educativo, lecer e tempo libre.

Co obxecto de potenciar a integración e o rendemento académico dos menores, así coma favorecer diferentes marcos de convivencia, aprendizaxe e outros xeitos de relación social, desde o PSEAF lévanse a cabo durante todo o ano obradoiros de reforzo educativo, lecer e tempo libre.

O acceso a este proxecto foi por derivación directa dos técnicos do PSEAF ou través das traballadoras sociais da UTS ou da propia coordinadora municipal.

O obxectivo destas actividades foi servir como apoio ao resto de actuacións de intervención sociofamiliares e comunitarias, facilitando os coidadores alternativas de ocio e educación en valores.

Durante o ano 2020, beneficiáronse destes obradoiros os seguintes menores:

Obradoiros

	Primaria	Secundaria	total
CMSS Coia	28	27	55
CMSS Rivera Atienza	23	5	28
CMSS Casco Vello	24	3	27
Centro Cívico Teis	10	3	13
Total	85	38	123

*Incidencia da COVID

Debido ao estado de alarma sanitaria, dende o 16 de marzo ata o comezo de verán, estes obradoiros tiveron que ser substituídos por reforzo e apoio socio-educativo telemático, mediante chamadas, correos electrónicos e vídeo chamadas. Así mesmo, o número de prazas dos obradoiros sufriron modificacións ao longo do último semestre, para adaptarse ás distintas restricións.

Educadoras de rúa.

Co fin de detectar e previr situacións de risco na poboación adolescentes, dúas educadoras de rúa desenvolveron a súa labor no entorno cotiá destes menores (rúas, prazas, parques...). O traballo no propio medio facilita unha maior comprensión da realidade, axuda a crear vínculos mais fortes e permite establecer relacións individuais, grupais e comunitarias.

O obxectivo deste proxecto é que os adolescentes en situación de risco ou vulnerabilidade se integren adecuadamente no ámbito formativo e/ou laboral, atopen formas alternativas de lecer e tempo libre e acaden o seu adecuado desenvolvemento físico, cognitivo e emocional.

En total, contactáronse 206 adolescentes, dos que se iniciou intervención con 37.



3.2 Programas e convenios con entidades sociais

3.2.1 Programa CaixaProInfancia

Descrición do servizo

O Concello de Vigo participa no programa CaixaProInfancia, unha iniciativa da Obra Social "La Caixa" dirixida á infancia en situación de pobreza económica e vulnerabilidade social coa finalidade de promover e apoiar o seu desenvolvemento integral, favorecendo as políticas de mellora da equidade, cohesión social e igualdade de oportunidades para a infancia e as súas familias.

O 1 de abril de 2016 asinou un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social, o Concello de Vigo e a Fundación "La Caixa" comprometéndose o Concello a apoiar o proxecto a nivel institucional e a colaborar na súa implementación no municipio.

Obxectivos

- Favorecer o desenvolvemento das competencias do neno, nena e adolescente e a súa familia, que permitan mellorar os seus procesos de inclusión social e autonomía.
- Promover o desenvolvemento social e educativo do neno e da nena no seu contexto familiar, escolar e social.
- Desenvolver e implementar un modelo de acción social e educativa integral que contribúa a mellorar as oportunidades de desenvolvemento social e educativo dos nenos e nenas e as súas familias.

Destinatarios

Nenos, nenas e adolescentes de entre 0 e 16 anos cuxas familias, en situación de pobreza económica relativa ou extrema, sexan susceptibles de estar ou están en proceso de atención e/ou acompañamento social e presentan carencias nas súas necesidades sociais.

Organización do servizo

Para o seu desenvolvemento constituíronse unha **mesa institucional** onde participan representantes das institucións implicadas e unha **mesa técnica** formada polas entidades colaboradoras, conxuntamente con outros axentes sociais públicos e privados.

Por parte do Concello participa un responsable técnico con competencias en materia de Servizos Sociais.

O territorio elixido para desenvolvelo é o formado polas UTS (Unidades de Traballo Social) da zona de Rivera Atienza e o Calvario por terse detectadas problemáticas de familias en situación de vulnerabilidade e menores en situación desfavorecida.

O programa artículase en diferentes subprogramas específicos que pretenden incidir nunha mellor educación e saúde dos nenos, as nenas e as súas familias: Reforzo educativo, Educación non formal e tempo libre, Apoio educativo familiar, Atención psicoterapéutica persoal e familiar e Promoción da saúde.

Resultados

Participaron no CaixaProinfancia 70 familias e 129 nenos, nenas e adolescentes.

En concreto, recibiron **reforzo educativo** individual un total de 108 nenos e nenas.

No servizo de **atención psicoterapéutica persoal e familiar** oito familias con 10 nenos e nenas recibiron terapia familiar.

Ademais, 8 familias con 10 nenos e nenas tiveron **apoio educativo familiar**.

En canto á **educación non formal e tempo libre**, participaron 117 nenos, nenas e adolescentes.

Por último, xestionáronse 38 tarxetas de alimentación e hixiene infantil (por 11.400€), 22 tarxetas de equipamento escolar (por 2.200€) e 15 tarxetas para gafas (por un total de 1.500€).



_04 SERVICIOS E PROGRAMAS DESTINADOS A PERSOAS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN RESIDENCIAL E/OU SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE SOCIAL

4.1 Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES)

Descrición

Descrición e xustificación

O Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES) do Concello de Vigo configúrase como un centro de atención integral para persoas sen fogar, en situación de exclusión social e/ou emerxencia social que persigue realizar unha intervención social de calidade que permita ás persoas mellorar a súa calidade de vida, procurar contextos que faciliten a inserción socio-laboral e atender situacións puntuais de emerxencia social.

Orzamento

O Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social é financiado integramente polo Concello de Vigo cun orzamento anual de 775.321,80 €.

No 2020, co confinamento como consecuencia da crise sanitaria da COVID19, habilitouse un Albergue Provisional no Pavillón do Berbés, que funcionou entre o 24 de marzo e o 1 de xullo. O orzamento deste dispositivo foi de 172.001,42€.

Obxectivos

- Atender as necesidades básicas (aloxamento, alimentación, asistencia e atención especializada) das persoas afectadas por situacións valoradas de exclusión social ou en risco de exclusión.
- Proporcionar atención puntual en situacións de emerxencia sobrevida.

- Ofrecer solucións de carácter integral que permitan ás persoas usuarias desenvolver verdadeiros procesos de inclusión de carácter permanente a fin de acadar maiores niveis de integración e normalización social en cada caso ou un maior control do deterioro noutros casos.
- Abordar desde a perspectiva da integración ou inclusión social a situación das persoas que non poden conservar ou acceder a un aloxamento axeitado e permanente que proporcione un marco estable de convivencia, xa sexa por razóns económicas ou outras barreiras sociais, ou ben porque presentan dificultades persoais para levar unha vida autónoma.

Destinatarios

Persoas maiores de idade e menores de 65 anos que acrediten a súa identidade e se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- Que carezan de aloxamento e de recursos económicos suficientes.
- Que sexan válidas para o desenvolvemento das tarefas da vida diaria (AVD).

Con carácter excepcional e autorización previa da Dirección Municipal, poderán acceder ao servizo persoas que non cumpran os requisitos de idade e autonomía.



Acceso ao programa

As vías de acceso e certos requisitos de admisión varían en función de cada un dos servizos aínda que, de xeito xeral, o acceso prodúcese ben por solicitude directa da persoa usuaria, ben por derivación desde os Servizos Sociais Comunitarios Básicos, outros servizos ou programas do propio Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES) ou doutras entidades e institucións.

*Incidencia da COVID

O ano 2020 supuxo un dos maiores retos sanitarios, sociais, loxísticos e de organización trala declaración da emerxencia sanitaria e a instauración do estado de alarma.

Afrontamos un período de grandes retos aos que tivemos que facer fronte de xeito eficiente, sen diminuír a calidade da atención prestada.

O 2020 dividiuse en tres importantes períodos:

- Dende xaneiro ata marzo, no que o centro comezou o ano continuando coa xestión habitual dos servizos e a implantación das melloras propostas na memoria do 2019.
- A partir do 14 de marzo e ata a supresión do estado de alarma e confinamento no mes de maio, no que se tiveron que desenvolver de maneira inmediata novos procedementos de actuación, axustados á nova realidade. Poñendo o foco de atención en dous obxectivos:
 - **Adaptar os servizos e actividades regulares** da organización para asegurar a continuidade das respostas ás persoas en situación de vulnerabilidade, minimizando o risco de contaxio. Isto implicou a reestruturación de espazos para adecualos á nova normativa, intensificación da limpeza, ampliación de horarios, etc.

De feito, o servizo de albergue pasou de ser un recurso de pernoita temporal a constituírse nun recurso residencial coa chegada do confinamento. Esta conversión do servizo de albergue en centro de media-longa estancia facilitou a realización dunha intervención personalizada máis completa e a longo prazo coas persoas.

- **Adoptar novas respostas** para a poboación xeral e para os colectivos en situación de especial vulnerabilidade. Como a creación do **servizo de comedor externo** (mediante o reparto de comidas para levar ou a domicilio) e o apoio na apertura e xestión do **Albergue Provisional do Berbés** ou a habilitación dunha rede de hostais e hoteis dispoñibles para as persoas que se atopaban en situación de rúa e non poidan acceder aos albergues por falta de prazas.
 - E por último, a volta a unha nova realidade, na que continúaase nunha adaptación constante dos servizos co fin de prestar a mellor atención ás persoas usuarias.

Destacamos, por riba de todos os datos ofrecidos nesta memoria, a importante circunstancia de incidencia de ningún positivo en todo o ano, tanto nas persoas atendidas como no persoal asistencial, que prestou apoio presencial e continuado durante toda a pandemia.

Organización do servizo

Tipo de xestión

Xestión municipal e contrato de prestación de servizos mediante contrato adxudicado a CRUZ ROJA ESPAÑOLA por acordo da Xunta de Goberno Local do 11 de novembro de 2016 por un prazo de catro anos e un prezo de 3.101.287,24 € (coa posibilidade de dúas prórrogas dun ano cada unha). O anuncio de formalización publicouse no *BOPPO nº 148, do 04/08/2016*.

Recursos humanos

O Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES) dispón dun equipo interdisciplinar co obxecto de ofrecer unha intervención especializada e adaptada as capacidades e necesidades das persoas usuarias.

O equipo está composto polas seguintes persoas: unha coordinadora, tres traballadoras sociais, tres educadoras, dous psicólogas, oito técnicas de integración social, catro limpadoras, catro conserxes e un auxiliar.

Ademais, o servizo require dun traballo en rede cunha coordinación áxil, constante e fluída, tanto cos Servizos Sociais Comunitarios Básicos como coas entidades e recursos que traballan con persoas en situación de exclusión social e/ou sen fogar na cidade.

Instalacións

As instalacións contan con máis de 2.000 m² distribuídos en tres plantas e un amplo patio de arredor de 1.600 m². O acceso realizase pola rúa Jacinto Benavente e o horario de funcionamento desenvólvese ininterrompidamente, as

24 horas do día, os 365 días do ano; con horarios concretos segundo o tipo de servizo ou centros.

Ademais, o centro conta tamén cun piso destinado ao programa de transición á vida autónoma.

Oferta de servizos

- Servizos relacionados coa atención inmediata:
 - Albergue
 - Comedor social
 - Atención social continuada
 - Unidade de hixiene
 - Sala de lecer
 - Equipo de rúa
- Servizos relacionados coa inclusión:
 - Programa de atención diúrna
 - Centros de acollida e inclusión
- Servizos transversais:
 - Traballo coa contorna
 - Servizo de empadroamento e enderezo postal
 - Servizo de consigna
 - Servizo de apoio no acceso á vivenda
 - Apoio na mediación familiar
 - Servizo de establecemento de chamadas
 - Intervencións complementarias



Programas e resultados

Poboación participante

O número de persoas atendidas e ocupacións medias nos últimos anos recóllese na seguinte táboa.

Uso dos servizos

	2013		2014		2015		2016		2017		2018		2019		2020	
	persoas	ocupación	persoas	ocupación	persoas	ocupación	persoas	ocupación	persoas	ocupación	persoas	ocupación	persoas	ocupación	persoas	ocupación
albergue	640	85,84%	532	85,24%	655	82,55%	542	81,64%	618	84,45%	751	90,91%	742	93,27%	433	92,07%
comedor social	926	82,35%	928	89,61%	906	88,42%	811	91,46%	825	84,45%	822	90,91%	803	81,87%	675	102,57%
PAD	65	39,15%	42	82,84%	52	53,53%	37	79,12%	50	96,33%	58	96,22%	56	95,25%	61	-
piso básico	22	55,09%	15	53,13%	13	49,91%	10	40,57%	18	67,36%	24	73,42%	20	59,75%	21	63,23%
piso de transición	3	15,90%	2	20,86%	4	19,59%	2	21,43%	3	16,66%	6	61,64%	6	46,60%	5	46,60%
unidade de rúa	159		182	-	137	-	86	-	116	-	247	-	184	-	194	-
Total	1.210		1.096		1.119		969		1.106		1.196		1.444		1.053	



4.1.1 Servizos de atención inmediata

► Albergue

É un centro para o aloxamento e manutención por un período limitado de tempo. Dispón de 38 prazas (30 para varóns e 8 para mulleres). Está aberto os 365 días do ano de 20:00 a 09:30 horas.

O acceso é voluntario e as prazas asígnanse por orde de chegada, aínda que cando o número de usuarios pendentes de acceder é superior ás prazas dispoñibles, a asignación realízase por valoración técnica do equipo do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES).

Pola contra, cando quedan prazas sen ocupar debido a incidencias ou ausencias puntuais esas prazas repártense diariamente entre os usuarios que desexan acceder, seguindo o criterio de preferencia para os usuarios de maior idade. É o que se denomina *CAMA 0*.

As persoas usuarias poden facer uso deste servizo por un período máximo de 10 días e logo deste tempo teñen que permanecer 10 días fora do recurso para volver a aloxarse ou ben acceder por *CAMA 0* cando sexa posible. Se a persoa se ausenta sen xustificación será motivo de baixa e non poderá acceder ata transcorridos 10 días ou mediante *CAMA 0*.

Pódese valorar a prórroga de estadía coas seguintes condicións:

- Que a ocupación do Albergue permita atender a prórroga.
- Que o tempo que se solicita sexa limitado (máximo 1 mes).
- Que se pronostique que a situación que motiva a solicitude se solucione co tempo de prórroga no Albergue.

Poboación participante

Fixeron uso do recurso un total de 281 persoas, das que 151 foron usuarias novas.


O 81,14% das persoas atendidas foron homes. Por idade, o 79% das persoas atendidas tiñan entre 30 e 64 anos, o 14,94% máis de 65 anos e o 6,06% menores de 30 anos. Por nacionalidade, a maioría seguen sendo de orixe nacional (55,51%).

Persoas usuarias do albergue

	nacionalidade española	nacionalidade estranxeira	total	%
homes	124	104	228	81,14%
mulleres	32	21	53	18,86%
total	156	125	281	100%
	55,5%	44,5%	100,0%	

Volume asistencial

Na ocupación media anual pódense distinguir dous períodos con ocupacións diferentes: de xaneiro a marzo (78,33% de mulleres e 90,37% de homes) e de abril a decembro (85,95% na ocupación de mulleres e 78,33% na de homes).



*Incidencia da COVID

O número de persoas que utilizaron o servizo de albergue veuse notablemente reducido (un 60% con respecto ao ano anterior) debido á situación de alarma sanitaria (as prazas reducíronse a 35 dende o segundo estado de alarma).

Non obstante, o volume de ocupación das prazas de mulleres veuse notablemente incrementado, o que pon de relevo a continuidade das mesmas mulleres no servizo de albergue o longo dos meses, debido entre outros factores a ter menos alternativas de vivenda (casas ocupadas, infravivendas...) dado que presentan un maior risco de sufrir agresións estando nesta situación.

Dende o 15 de marzo, co inicio do confinamento, e ata xullo, momento do peche do Albergue Provisional do Pavillón do Berbés, non se puideron dar novas altas no servizo de Albergue, coa excepción daquelas persoas que pernoitaran un mínimo de 15 días no Albergue Provisional, ou que estiveran aloxadas polo Concello en hoteis da cidade, co fin de previr o risco de contaxio entre as persoas albergadas.

Esta paralización nas altas sumada á habilitación dunha habitación destinada á corentena das persoas usuarias que presentaran síntomas, supuxo unha redución considerable do número de persoas usuarias con respecto aos datos do pasado ano.

A partir de xullo elimináronse os períodos de rotación do servizo, rebaixando a posibilidade de contaxio entre as persoas albergadas e permitindo desenvolver unha intervención personalizada a medio-longo prazo, dirixida a mellorar a súa situación económica e procurar un recurso alternativo de aloxamento.



Cabe destacar que grazas ao traballo en rede entre os Servizos Sociais Comunitarios Básicos e o CIIES do Concello de Vigo, implantouse un procedemento de procura, derivación e mobilización das persoas en situación de senfogarismo a hoteis e hostais da cidade, permitindo así garantir a cobertura de necesidades de protección das persoas en situación de exclusión social de Vigo que o demandasen. Realizáronse un total de 133 derivacións a hoteis e hostais.

Entre xaneiro e marzo ofreceuse, ademais, una alternativa de pernoita para todas aquelas persoas que acudían ao CIIES solicitando praza de albergue, estando todas ocupadas. Por este motivo, facilitouse a mobilización das persoas que aceptasen acceder a outros dispositivos. En total leváronse a cabo 55 mobilizacións.

► Albergue Provisional do Berbés

Ao establecerse o confinamento de todas as persoas debido á situación excepcional provocada pola emerxencia sanitaria, os albergues para persoas sen fogar de Vigo non permitiron o acceso a novas persoas usuarias para previr o contaxio o que, unido ao peche dalgúns hostais da cidade, provocou que moitas persoas non dispuxeran dun espazo onde realizar o devandito confinamento.

Para cubrir esa necesidade, o Concello de Vigo habilitou, desde o 24 de marzo ao 1 de xullo de 2020, un Albergue provisional no Pavillón Deportivo do Berbés, instalación que dispuña dos espazos suficientes para dar cobertura de aloxamento e manutención ás persoas albergadas e ao mesmo tempo, está situado preto do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social do Concello de Vigo (CIIES).

O Albergue provisional para atención a persoas en situación de rúa situouse no Pavillón de Deportes do Berbés do Concello de Vigo, sito na rúa Ricardo Gaitero Portela, número 1.

Para adecuar un pavillón ás necesidades dun albergue habilitáronse os seguintes espazos:

- Zona de descanso e pernoita. Na pista deportiva do pavillón, a máis próxima á entrada, deixando unha distancia de seguridade de 2 m entre cada cama. Aínda que se habilitaron 55 prazas, inicialmente situáronse 40 camas para, posteriormente e segundo a necesidade, ampliar ou diminuír as mesmas.
- Zona de comedor e lecer. Na pista do deportiva do pavillón a continuación da zona de aloxamento, situáronse 13 mesas que garantían a distancia de seguridade entre as persoas aloxadas.

- Zona de aseos e duchas. Contouse con: 1 lavabo por cada 10 persoas, 1 ducha por cada 5 persoas, 1 wc por cada 10 persoas.
- Zona de Acollida. No vestiario da entrada do Pavillón, foi o lugar onde se realizou todo o labor administrativo do albergue.
- Zona de almacenamento de elementos propios do albergue. Na conserxería da entrada do pavillón e a sala de almacén de material contigua á mesma.
- Zona de almacenamento de Alimentos. Na sala contigua á oficina situada na primeira planta. Nesta zona asegurábase a rotación dos produtos e as condicións de conservación dos mesmos, só se almacenaban alimentos para dous días, xa que desde o CIIES fornecíanse os mesmos diariamente.
- Zona de enfermería. Situada nun lugar tranquilo (sala 20 do pavillón), afastada da área de vida e tránsito dos albergados.
- Zona de Almacén de aveños persoais (Consigna). Debaxo das bancadas da pista deportiva todos os albergados tiñan á súa disposición unha zona para gardar as súas pertenzas e obxectos de valorar.
- Zona de espaxamento. Na zona exterior de acceso ao pavillón delimitouse un espazo, con valos, para que os e as albergadas tivesen un espazo para charlar e tomar o aire.

Recursos humanos

O albergue contou cun Director, 3 persoas educadoras sociais, 5 técnicas de integración social, 7 persoas enfermeiras, 1 persoa médico e 15 persoas voluntarias.

Ademais, contouse con persoal de seguridade as 24 horas do día, persoal de desinfección e persoal de limpeza.

Organización

Para a xestión do recurso estableceuse un protocolo de acollida, que comprendía as seguintes fases:

1. Recepción. O primeiro paso era a medición da temperatura cun dispositivo sen contacto e unha primeira entrevista do estado de saúde xeral da persoa usuaria, na que se lle preguntaban por se tiña algún síntoma compatible coa COVID-19.

2. Filiación/Censo. Unha vez confirmado o estado asintomático da nova acollida, mantíñase unha entrevista individualizada coa persoa. Era informada do funcionamento do recurso, as normas de convivencia e a normativa sanitaria vixente nese momento respecto á COVID-19. Unha vez finalizada a información inicial, valorábase a situación persoal e as necesidades específicas da persoa tomándose os datos persoais. A persoa usuaria asinaba a alta, asignábaselle un número de cama e facilitábaselle: 1 kit de hixiene, 1 kit de roupa interior e 1 kit de pernoita (esterilla, manta e saco de durmir).

A actividade diaria no Albergue realizábase desde as 8:00 da mañá ata as 23:30 da noite e o horario para realizar a acollida de novas persoas no albergue estableceuse de 12:00 a 20:00 h., permitíndose o primeiro acceso fóra dese horario con causa xustificada, por derivación das forzas de seguridade ou da Concellería de Benestar do Social do Concello de Vigo.

Para aqueles casos que chegaban de noite, despois do horario de peche do Pavillón, estableceuse un espazo á marxe da zona de aloxamento para que os novos albergados non perturbasen o descanso do resto de persoas.

Poboación participante


Fixeron uso do recurso un total de 148 persoas, o 84% homes e o 16% mulleres.

Por idade, o 47% das persoas atendidas tiñan entre 46 e 65 anos e o 31% de 31 a 45. Por nacionalidade, 90 persoas (o 61%) eran de españolas.

Persoas usuarias		
		%
menos de 30 anos	26	17,57%
de 31 a 45	46	31,08%
de 46 a 65	69	46,62%
máis de 66 anos	7	4,73%
Total	148	100%

Volume asistencial

O Albergue Provisional, que tiña unha capacidade máxima de 55 prazas, alcanzou a máxima ocupación o 2 de maio (con 54 persoas albergadas) e a mínima o 30 de xuño (con 9 persoas albergadas), coincidindo co peche do albergue ao día seguinte.



► Comedor social

Trátase dun establecemento no que se ofrece o servizo de xantar os 365 días do ano en horario de 12:30 a 15:00 horas. Dispón de 70 prazas mixtas.

Os menús consisten nun primeiro e segundo prato, máis sobremesa, cun plan de menús que garanten unha dieta equilibrada e, diariamente, realízanse menús especiais para casos de prescrición médica. Nas datas festivas ofrécense comidas especiais.

O acceso é voluntario: pode realizarse solicitando praza directamente no Centro, por derivación interna ou de recursos externos. A reserva de praza realízase ata as 14:30 horas e despois desta hora, se é necesario, dáselle a praza a outra persoa pendente de acceso.

As persoas usuarias poden facer uso do servizo por un máximo de 10 días. Logo deste tempo teñen que permanecer 10 días fora do recurso para volver. Se a persoa usuaria se ausenta do servizo sen xustificación é causa de baixa e non pode volver a acceder ata transcorridos 10 días.

As prazas asígnanse por orde de chegada ou por valoración técnica do equipo do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES), con prioridade de acceso para todas aquelas persoas con menores recursos económicos.

Dentro das excepcións do servizo pódese valorar a prórroga por tempo limitado sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- Que a ocupación do Comedor Social permita atender a prórroga.
- Que o tempo que se solicite sexa limitado (máximo un mes).
- Que se pronostique que a situación que motiva a solicitude se solucione co tempo de prórroga no Comedor Social.

Poboación participante

Durante o ano 2020, fixeron uso de comedor 658 persoas diferentes, das que 204 foron novas altas.


O perfil máis frecuente foi o de homes (78,72%) de nacionalidade española (o 58,49% dos homes e o 65% das mulleres).

Persoas usuarias do comedor

	nacionalidade española	nacionalidade estranxeira	total	%
homes	303	215	518	78,72%
mulleres	91	49	140	21,28%
total	394	264	658	100%
	59,9%	40,1%	100,0%	

Volume asistencial

A ocupación media anual do comedor foi do 102,56% (o 84,93% de homes e o 17,18% de mulleres), resultado final que supera o 100% debido ao incremento das prazas durante a apertura do Albergue Provisional do Berbés, pasando de 70 prazas a 120.



*Incidencia da COVID

Durante o ano 2020 o servizo de comedor incrementou o seu volume de ocupación con respecto a 2019, pasando de 20.918 menús a 26.205, aínda que o número total de persoas usuarias veuse reducido nun 16%.

Este incremento prodúcese porque durante o período de apertura do Albergue Provisional do Berbés, estívoronse elaborando 120 menús, 50 máis do habitual, que se xestionaban dende o Centro e que posteriormente se trasladaban ao Albergue Provisional.

A partir do 15 de marzo, co inicio do confinamento, e ata fin do exercicio, ao non poder realizarse a cobertura da manutención de xeito presencial (salvo para aquelas persoas que pernoitaban no Albergue), creouse un novo servizo de comedor externo. Este servizo consiste na entrega de friameiras, tras solicitude previa, para poder dar resposta a todas as demandas das persoas usuarias habituais, así como derivacións dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos e doutras entidades.

Nos casos de persoas en situación de rúa, previamente valorados, fíxose entrega da friameira a través do equipo de rúa.

► Atención social continuada

Servizo complementario aos demais recursos, no que se presta atención social de 15:00 a 22:00h, e que dispón dun teléfono para emerxencias sociais as 24 horas, os 365 días do ano. Préstase atención a necesidades básicas e urxentes das persoas en situación ou risco de exclusión social ou vulnerabilidade.

No caso de que as demandas expresadas non poidan ser cubertas polo Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES), pola súa tipoloxía, a persoa será informada, orientada e derivada ao recurso axeitado.

O obxectivo xeral do servizo de Atención Social Continuada é dar resposta a situación de urxencias sobrevidas, ofrecendo unha atención integral á persoa, que permita paliar dita situación nun breve espazo de tempo, e nos horarios nos que non están dispoñibles os Servizos Sociais de Atención Primaria.

Resultados

O número de usuarios diferentes atendidos no servizo de Atención Social Continuada dende foi de 23 (10 homes e 13 mulleres) das cales 21 foron baixa con resolución.

► Unidade de hixiene

Enténdese como aquel conxunto de dependencias e instalacións do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES) nas que se prestan os servizos de duchas, lavandería e roupeiro. Están destinados ás persoas usuarias do centro e unha quenda libre para outras persoas que non podan cubrir de forma autónoma ditas necesidades, como as atendidas polo equipo de rúa.

Servizo de lavandería. Servizo de limpeza da roupa, persoal ou calzado.

Servizo de duchas. Espazos de aseo persoal diferenciados para cada sexo, nos que se facilita un kit de hixiene completo a cada persoa usuaria e o apoio profesional preciso nos casos de dificultades de mobilidade.

Servizo de roupeiro, para cubrir de maneira excepcional as necesidades de roupa e calzado que poden presentar as persoas usuarias, atópense ou non aloxadas.

Resultados

Servizo de lavandería. 444 persoas diferentes (253 persoas utilizaron o servizo de lavandería libre e 191 o do albergue).

Servizo de duchas. 445 persoas diferentes (255 persoas utilizaron o servizo de hixiene libre e 281 o do albergue).

*Incidencia da COVID

Para dar resposta ás necesidades de hixiene das persoas durante o confinamento, deseñouse un acceso independente que minimizase o contacto entre as persoas albergadas e as que acceden do exterior.

Ademais, ampliáronse os horarios para dar cobertura a un maior número de persoas, establecendo un sistema de quendas a través de cita previa que permitira manter o distanciamento social e o axeitado coidado da hixiene, con especial atención á desinfección dos espazos.

Por outra banda, tamén se cubriron as necesidades de lavandería das persoas usuarias do Albergue Provisional do Pavillón do Berbés, así como daquelas persoas que o Concello de Vigo realoxou en establecementos hoteleiros da cidade, realizando para estas últimas, dúas recollidas e dúas entregas semanais de roupa.



► Sala de lecer

Consiste nun espazo onde as persoas usuarias dos diferentes servizos e unidades do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES) poden pasar a mañá e a tarde nun horario complementario ao resto dos servizos. A sala conta con prensa, biblioteca, xogos de mesa, distintos tipos de materiais para o fomento dun ocio pedagóxico, televisión e equipo de música.

A sala é un recurso de baixa exixencia que procura ser punto de encontro e vía de acceso a outros servizos do centro, axustando os seus horarios para facilitar o uso de todos os servizos de forma continuada.

Resultados

Foi utilizada por 400 persoas diferentes, cunha media de 41 persoas ao día.

*Incidencia da COVID

Dende o 15 de marzo unicamente se permitiu o acceso á Sala de Lecer a aquelas persoas que pernoitaban no Albergue e co fin de facilitar o distanciamento social entre as persoas usuarias habilitouse un segundo espazo de lecer, na sala de obradoiros da primeira planta.

Reforzouse significativamente o catálogo de actividades deportivas, lúdicas e culturais dirixidas ás persoas usuarias para dar cobertura aos longos períodos de tempo libre consecuencia do confinamento.

Promoveuse, así mesmo, a participación en actividades de mantemento do Centro, tanto no exterior coma nos espazos do interior.

Estas medidas favoreceron a redución dos niveis de ansiedade provocados pola situación, así como a mellora do sentimento de pertenza e utilidade das persoas usuarias.

► Unidade de rúa

Servizo de atención ao colectivo de persoas sen teito que se atopan na rúa. O seu obxectivo principal é garantir que todas as persoas que se atopan en situación de rúa reciban atención social, actuando como ponte entre a rúa e a rede de recursos específicos de atención a persoas sen fogar e loita contra a exclusión. A súa actividade céntrase na detección, intervención e atención directa ás persoas sen fogar no medio aberto, persoas en situación de vulnerabilidade extrema e emerxencia social debido á permanencia neste medio.

Realízanse saídas diarias de detección, localización e seguimento. As rutas planifícanse por zonas e nestas realízase a intervención coas persoas que se detectan en situación de exclusión social, así como os seguimentos das persoas coas que xa se iniciou contacto anteriormente.

Resultados

O equipo de rúa traballou cun total de 165 homes e 29 mulleres, detectando 39 novos casos de persoas sen fogar en situación de rúa.

Onda de frío Dispositivo activado durante o mes de decembro, no que se intensificaron as coordinacións cos SSCCB para a derivación de persoas en situación de rúa a hostais concertados co Concello de Vigo.

Dende o CIIES, realizouse un traballo de detección e valoración da situación social da persoa, mediación cos hostais e traslado a través do equipo de rúa. Seguindo o procedemento de intervención establecido a raíz da situación de emerxencia sanitaria.

En total realizáronse 43 traslados a hostal.



Por outra banda, puxéronse a disposición das persoas en situación de rúa que accedían ao CIIES mobilizadas pola policía, pasadas as 22:00h, tres camas de emerxencia diarias.

Nas saídas realizadas ofreceuse roupa de abrigo e bebidas quentes. Ademais ofrecéuselles a posibilidade de acceder a un recurso de pernoita alternativo.

***Incidencia da COVID**

O 2020 iniciouse cun aumento das saídas diarias do Equipo de rúa, realizáronse dúas saídas ao día de luns a venres, o que tivo como resultado un incremento das localizacións con respecto o ano anterior e que se triplicasen o número de intervención e entregas (café, leite, zumes, mantas e máscaras).

O equipo de rúa desempeñou un papel fundamental durante a pandemia para a detección e localización de persoas en rúa e o seu traslado ao albergue provisional do Berbés, dando resposta a todos os avisos de cidadanía.

O equipo foi tamén imprescindible para as mobilizacións a centros hospitalarios e de saúde daquelas persoas que se atopaban confinadas no CIIES ou no Albergue Provisional, así como nas entregas diarias de comida nas localizacións daquelas persoas que se atopaban en casas ocupadas ou infravivendas e na entrega de roupa semanal para o servizo de lavandería.

4.1.2 Servizos relacionados coa inclusión

► Programa de atención diurna (PAD)

Programa socio-educativo de réxime diúrno dirixido a persoas que se atopan nunha situación de risco e/ou de exclusión social, sen fogar ou urxencia social, que presentan déficits ou carencias susceptibles de rehabilitación ou mellora proporcionándolles, entre outros, servizos de terapia ocupacional, autocoidado, habilidades sociais, ocio, educación para a saúde, atención psicosocial, intermediación ou prospección laboral, así como formación de carácter prelaboral adaptada ás características das persoas usuarias.

O acceso prodúcese por derivación dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos ou do propio Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES).

Para permanecer nas actividades é imprescindible iniciar un proceso de intervención cun Plan de Atención Individual (PIA), se ben ábrese a porta á participación ocasional doutras persoas como medio de achegamento e coñecemento do recurso que permita un futuro compromiso de traballo.

Resultados

Participaron no programa un total de 45 persoas diferentes e realizáronse un total de 21 obradoiros diferentes sobre competencias socioeducativas, saúde, competencias psicolóxicas, e ocio e tempo libre.

*Incidencia da COVID

Dende o 15 de marzo anúlase as intervencións grupais por normativa de saúde, co fin de previr contaxios. Paralizándose o funcionamento do Programa de Atención Diurna, o que supuxo unha redución significativa nos datos de participación.

► Programa experimental (PEX)

Programa socioeducativo que xorde como una proposta de mellora do Programa de Atención Diurna, ao observarse que aquel non se axustaba ás necesidades das persoas usuarias, supoñendo unha inversión en recursos materiais e humanos demasiado elevada para os resultados obtidos.

O PEX ademais da participación nas actividades inclusivas que contempla o PAD, ofrece unha estancia continuada no Centro, dende as dez da mañá ata as cinco da tarde, o que permite traballar hábitos saudables da vida cotiá, como a hixiene, a alimentación ou o lecer.

O obxectivo xeral do programa é ofrecer un espazo de traballo no que se cubran as necesidades básicas das persoas participantes e se fomente a súa inserción social, mediante a ocupación saudable do seu tempo de lecer e a mellora das actividades básicas da vida cotiá e as relacións interpersoais.

Supón un paso intermedio entre o servizo de Albergue e o paso ao Programa Básico dos Centros de Acollida e Inclusión.

Resultados

Participaron no programa 12 persoas, 3 das cales causaron baixa.

*Incidencia da COVID

Inicia a súa actividade en xaneiro pero a partir do 14 de marzo suspéndense as actividades. Inténtase reiniciar novamente en setembro coas persoas albergadas, pero non se consegue una participación estable. Durante o mes de decembro realizáronse actividades diarias que están abertas a todas as persoas albergadas.

► Centros de acollida e inclusión

Programa residencial temporal que, mediante unha actuación programada, ofrece oportunidades de axuste persoal e incorporación socio-laboral ás persoas en situación ou risco de exclusión social.

O Centro estrutura o seu traballo a través de dous programas:

- **Programa básico de acollemento e inclusión social**, no que as persoas usuarias reciben atención social, manutención e aloxamento de xeito estable por un período de tempo determinado (6 meses prorrogables), mentres participan nun proxecto de inserción encamiñado ao logro da súa incorporación social e laboral.

Finalizado o tempo de estadía e, en función do seu perfil, a persoa usuaria pode ser derivada a outro recurso específico, á vida autónoma ou ben, se ten un perfil laboral e/ou formativo, ao Programa de Transición á Vida Autónoma.

O centro conta cunha capacidade de 11 prazas (5 para mulleres e 6 para homes) e para acceder ao programa é necesario:

- Derivación dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos ou derivación do propio Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES).
- Ser maior de 18 anos e menor de 65
- Presentar certa autonomía, aínda que se requira da presenza continua de apoio profesional.
- **Programa de transición á vida autónoma**, recurso residencial de segundo nivel, que ofrece un aloxamento provisional de características normalizadas para favorecer a transición á vida autónoma.

Conta cunha capacidade de 8 prazas para varóns e vai destinado a persoas que, sendo vulnerables á exclusión social, contan con capacidade e posibilidades de inserción e normalización, con autonomía nas áreas de habilidades básicas da vida diaria (ABVD), habilidades sociais e na área económica.

A intervención neste Piso de Transición estrutúrase en catro áreas, nas que os usuarios van adquirindo coñecementos e habilidades cara a vida autónoma: formación e/ou busca activa de emprego, administración económica e busca de vivenda.

O acceso prodúcese mediante derivación externas ou do propio Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES) cando a persoa supera os obxectivos fixados no Piso Básico e ten perfil laboral, formativo ou formativo-laboral.

As persoas usuarias poden permanecer no programa durante un máximo de 6 meses sempre que cumpran as normas de réxime interno e o Plan de Atención Individual (PIA). A estadía pode ser prorrogada de xeito excepcional ata un máximo dun ano.



Resultados

Programa básico de acollemento e inclusión social. Participaron un total de 21 persoas, o 61,9% homes, o 80,9% de nacionalidade española. A porcentaxe de ocupación foi do 82%.

	Usuaris diferentes	Baixas	Altas	Persoas activas a 31/12/20
homes	13	9	10	4
mulleres	8	7	5	1
total	21	16	15	5

En canto ás baixas, 12 foron con consecución de obxectivos do PIA e/ou paso ao Programa de Transición, mentres que outra o foi por problemáticas de saúde mental e 3 por falta de adherencia ao tratamento e ao recurso.

Programa de transición á vida autónoma Participaron no Piso de Transición un total de 5 persoas (3 homes e 2 mulleres). Houbo 1 baixa (con consecución de obxectivos do PIA) e 5 altas.

*Incidencia da COVID

Dende o 15 de marzo interrómpense os seguimentos individuais e grupais. Continúase cos seguimentos na área das actividades básicas da vida cotiá e foméntase a ocupación do tempo de lecer con actividades de ocio grupal.

Póñense en funcionamento as medidas de seguridade necesarias e modifícanse os sistemas de compra para evitar que acudan ao supermercado de cara a previr posibles contaxios.

Facilítanse os trámites para a incorporación de 9 persoas usuarias, tanto do servizo de Albergue do CIIES coma do Albergue provisional do Pavillón do Berbés durante o confinamento, a través de procedementos extraordinarios de acceso.

Debido á posibilidade dun rápido acceso ao Programa, algúns dos casos rexeitaron praza ou abandonaron o recurso a pesar do traballo de motivación e de contención realizado polos profesionais.

Cabe destacar este ano, como mellora, a incorporación da perspectiva de xénero no acceso ao Programa de transición á vida autónoma coa participación de dúas mulleres, por vez primeira en todos os anos que se leva desenvolvendo este traballo..

4.1.3 Servizos transversais

► Tralaballo coa contorna

Ademais da atención directa das necesidades básicas das persoas usuarias, o Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES) intervén no seu entorno comunitario tratando de favorecer a integración do servizo, a responsabilidade e o compromiso coa contorna a través de:

- Actividades destinadas a mellorar a relación coa contorna: mantendo contactos coas entidades e organizacións próximas
- Actividades destinadas ás persoas usuarias: con accións educativas que fomenten a participación na contorna.
- E, actividades de sensibilización: favorecendo o coñecemento do Centro con xornadas de portas abertas, obradoiros de sensibilización sobre a problemática das Persoas Sen Fogar (especialmente coa poboación adolescente nos centros educativos), etc.

Visitas guiadas

Teñen o obxectivo dar a coñecer as instalacións e funcionamento dos diferentes servizos e programas do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES) e posibilitan á veciñanza e a poboación xeral a oportunidade de acercarse ao centro e coñecelo.

No 2020 realizouse unha soa visita guiada por parte do xurista do Concello e un alumno en prácticas.

Saídas culturais e actividades conxuntas con outras entidades

14 persoas usuarias do CIIES, asistiron ás tres saídas culturais desenvoltas:

- Exposición Illas Cíes na Casa das Artes
- Exposición “A vivir que son 100 anos” en Fundación Abanca (en conxunto con Alborada)
- Exposición O noso Planeta de Afundación.

Encontros comunitarios (a porta pechada)

45 persoas participaron na celebración da Festa dos Maios. No Magosto e concurso de cabazas, participan 13 persoas usuarias.

*Incidencia da COVID

O traballo coa contorna foi un dos programas que máis se viu afectado pola situación de alarma sanitaria.

Este ano centrouse en actividades que supuxesen o menor risco de contaxio posible, de maneira que se priorizou a realización do Magosto e dos Maios a porta pechada, participando unicamente as persoas albergadas e o persoal laboral.

Diminuíron as saídas culturais e as visitas guiadas e canceláronse os obradoiros en centros educativos.

► Servizo de Empadramento e Enderezo Postal

Servizo que permite garantir o acceso aos dereitos e servizos sociais que requiran o empadramento na cidade, así como recibir correspondencia de todos os ámbitos: persoal, administrativo, médico, xudicial, etc.

Concíbese como un instrumento para posibilitar o asentamento e a estabilización persoal e territorial no marco dos procesos de intervención e garantir o acceso aos dereitos sociais pertinentes, como punto de partida de moitas estratexias de intervención.

Resultados. O servizo de Empadramento foi utilizado por 36 persoas e o de Enderezo Postal por 171.

*Incidencia da COVID

Durante o período de duración do estado de alarma non se deron baixas en ningún dos dous servizos, pospoñéndose as renovacións.

► Servizo de consigna

Espazo onde as persoas usuarias do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES), persoas sen fogar, ou en risco de exclusión social, poden gardar as pertenzas persoais mentres pernoitan ou fan uso do Servizo de Comedor ou de Hixiene. O obxecto deste servizo é cubrir a necesidade de almacenaxe e custodia destas pertenzas.

Para os usuarios que fan uso do servizo de Albergue, a duración será de 10 días, prorrogable outros 10. Si a ocupación o permite poderase prolongar durante dous meses. No caso das persoas usuarias de Comedor Social e Hixiene, terán dereito a consigna mentres fagan uso dos servizos.

En total este ano 152 persoas utilizaron o servizo de consigna. De todas as persoas que fixeron uso do servizo, solicitan opción de prórroga 39 persoas, 7 das cales son mulleres e 32 homes. Cun total de 56 prórrogas realizadas dende xaneiro ata marzo: 9 a mulleres e 47 a homes.

*Incidencia da COVID

Durante o período de duración do estado de alarma o uso limitouse ás persoas albergadas no CIIES.

Cabe destacar a baixada nos datos con respecto ao ano pasado, derivada da mudanza no funcionamento do servizo de albergue, no que, a partires da situación de emerxencia sanitaria, deixan de funcionar os períodos de rotación, prorrogándose de xeito automático o servizo de consigna durante o período en que as persoas usuarias permanezan aloxadas no albergue.

► Servizo de apoio no acceso á vivenda

Servizo dirixido ao acompañamento das persoas usuarias no proceso de procura de saídas residenciais autónomas: habitacións de aluguer, espazos en pisos compartidos ou pisos de titularidade propia, así coma alternativas residenciais adecuadas a cada caso en función das súas necesidades (comunidades terapéuticas, casas de acollida, centros residenciais para maiores...).

O obxectivo deste servizo é desenvolver itinerarios personalizados que contemplan o apoio profesional ambulatorio de intensidade variable co fin de facilitar no prazo de tempo máis breve posible o acceso das persoas usuarias a vivendas independentes.

Resultados. O número total de persoas diferentes que utilizaron o servizo foi de 130, dos que accederon a un aloxamento 66 (o 50,8%).

*Incidencia da COVID

No 2020 reforzáronse as intervencións na procura de aloxamento, co fin de garantir o traslado a un recurso de vivenda estable para aquelas persoas albergadas, tanto no CIIES coma no Albergue Provisional do Pavillón do Berbés.

► Servizo de apoio na mediación familiar

Servizo dirixido a fomentar intervencións en mediación familiar orientadas a interceder nas unidades familiares que derivaron en situacións de senfogarismo, co obxectivo de reparar a estrutura familiar.

Resultados. Realizáronse un total de 57 mediacións con 25 persoas diferentes.

► Servizo de establecemento de chamadas

Espazo pensado para que as persoas usuarias poidan manter contacto telefónico con familiares, recursos sociais, sanitarios e laborais, e residencias independentes. O obxectivo deste servizo é promover a continuidade e o establecemento de vínculos sociais.

Resultados. Fixeron uso do servizo 171 persoas (119 homes e 42 mulleres).

► Intervencións complementarias

Servizos		total
acompañamentos	xurídico	1
	sanitario	37
	social	60
atención psicolóxica		648
seguimento social		2.007

*Incidencia da COVID

A raíz do decreto do Estado de Alarma anuláanse as intervencións individuais por normativa de saúde, co fin de previr contaxios.

Isto supón unha redución significativa nos datos das intervencións individuais. Por outra banda, incrementaron un 9% os datos de atención psicolóxica neste período en relación ao ano pasado, tendo en conta as situacións sobrevidas e a conversión do albergue nun recurso estable de cobertura de aloxamento, foi posible que se realizasen un 32% máis de seguimentos sociais.

► Coordinación externa

A coordinación con entidades e recursos externos supuxo un total de 79 derivacións, 559 coordinacións con recursos sanitarios, 92 coordinacións xurídicas e 1.092 con entidades sociais:

Coordinacións con entidades

Cruz Vermella	160
Albergue Dignidad	83
Fundación La Santa Cruz	82
Xunta de Galicia	80
Outros servizos do Concello	79
Caritas	38
FUNGA	33
Emaus	30
ACCEM	25
Érguete	11
Policía	8
SISIFO	8
Fogar Santa Isabel	7
Médicos do Mundo	7
Provivienda	5
Total	656

4.2 Programa de Inclusión Sociolaboral

Descrición do servizo

Descrición e xustificación

Os procesos de exclusión e inclusión social enténdense como unha debilitación e ruptura dos vínculos entre a persoa e a contorna social, que veñen determinados pola concorrencia de diversos factores de vulnerabilidade e/ou de exclusión. Son, polo tanto, procesos multidimensionais que deben ser abordados con medidas específicas de orde social e outras iniciativas complementarias e coordinadas que aseguren a inserción e a participación.

Neste sentido, o traballo constitúe unha das dimensións máis importantes nos procesos de inclusión, por dúas vías: dun lado, porque a remuneración do traballo é a principal vía para a obtención de rendas familiares e, doutro, porque a ocupación laboral constitúese como un importante mecanismo de participación social.

O programa de inclusión sociolaboral concíbese co obxectivo de combinar medidas de ingresos mínimos (como a RISGA) con outras actuacións orientadas a compensar déficits de capacitación, de sociabilidade e de axuste persoal, promovendo a inserción social e laboral deses colectivos en situación ou grave risco de exclusión social mediante a realización de itinerarios individualizados e integrais de inserción social.

Obxectivos

Aumentar a participación no emprego dos colectivos máis arredados do mercado de traballo:

- Desenvolvendo medidas de acompañamento social e programas de adquisición de hábitos sociais, laborais e de formación complementaria para as persoas en situación de risco ou exclusión social.
- Promovendo unha formación ocupacional adaptada ás características específicas das persoas pertencentes eses colectivos, e
- Establecendo unha coordinación operativa co sistema de servizos sociais para a identificación de persoas usuarias e a complementariedade dos procesos.

Mellorar os niveis educativos da poboación adulta, estimulando a súa reincorporación ao sistema educativo:

- Potenciando a participación das persoas analfabetas ou con baixos niveis de estudos nos programas de educación de persoas adultas.
- Adaptando as condicións de acceso e os horarios da oferta educativa para persoas adultas ás necesidades do alumnado.

Facilitar unha maior participación e a integración social de persoas con maiores dificultades sociopersoais:

- Desenvolvendo actuacións de mellora de competencias e habilidades persoais e sociais.
- Levando da cabo un acompañamento motivacional e /ou psicolóxico, no proceso de inclusión social.

Destinatarios

Persoas perceptoras da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) que, nos seus Itinerarios Personalizados de Inserción, teñan como obxectivo a integración formativo-laboral.

Acceso ao servizo

O equipos de inclusión social atenden ás persoas perceptoras da RISGA que son derivadas desde os servizos comunitarios básicos.

Organización do servizo

O modelo de intervención baséase na elaboración de itinerarios personalizados de inserción social e laboral (IPI), centrados nas competencias, destrezas, coñecementos profesionais e habilidades básicas das persoas participantes. Os itinerarios concíbense como procesos flexibles e adaptados, construídos polas persoas, cunha avaliación e seguimento continuos.

O equipo de inclusión mantén unha coordinación constante cos servizos sociais comunitarios, coas unidades técnico-administrativas da RISGA (UTA), coas entidades encargadas de desenvolver programas específicos e coas entidades de iniciativa social colaboradoras.

Ademais, coa aprobación o 31 de xaneiro do Decreto 14/2019 de desenvolvemento la Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia, o convenio de inclusión sociolaboral con compromiso de actividade (requisito obrigatorio para os casos en que se perciba o complemento de inserción da renda de inclusión social de Galicia) ten que ser elaborado polo persoal técnico de inclusión social,

en coordinación co persoal técnico do Servizo Público de Emprego de Galicia ou das súas entidades colaboradoras.

En consecuencia, o seguimento destes casos tamén corresponde ás técnicas de inclusión, mentres o resto é realizado polas UTS.

Os procesos de inclusión das persoas participantes consisten, polo tanto, nun acompañamento programado e consensuado que desenvolva capacidades (capital humano e empregabilidade) e/ou facilite oportunidades reais para que as persoas se sitúen en condicións de exercer os seus dereitos e participar plenamente da vida social.

En consecuencia, as intervencións procurarán (ademais da capacitación básica, mellora da empregabilidade e inserción laboral), o desenvolvemento e axuste persoal, a motivación e corresponsabilización no proceso e a mellora da calidade do vínculo social, da autoimaxe e da identidade cultural a través de proxectos prelaborais, formativos, laborais e mixtos.

Tipo de xestión Xestión municipal.

Recursos humanos Catro persoas técnicas de inclusión nos CMSS de Rivera Atienza, Coia, Princesa, Teis e Concello. No mes de maio incorporouse unha técnica de inclusión para atender os CMSS de Teis (onde se atopan as UTS de Teis e Travesía) e o CMSS do Concello (UTS Sur). Deste xeito conséguese paliar a necesidade de ter un profesional de inclusión social nestes CMSS.



*Incidencia da COVID

As medidas restritivas provocadas polo estado de alarma, afectaron de forma notable tanto á metodoloxía de traballo como aos recursos propios e da contorna dispoñibles para levar a cabo os itinerarios de inserción.

A atención as persoas usuarias pasou por tres períodos diferentes:

- Ata o 15 de maio, o desenvolvemento das actuacións foron os habituais, con entrevistas presenciais e actividades grupais.
- Entre o 15 de marzo e 31 de maio canceláronse tódalas actividades presenciais tanto individuais como grupais e implantouse o teletraballo para o equipo de inclusión, levando a cabo as actividades de seguimento de xeito telefónico.
- A partires do 1 de xuño, e atendendo a situación sociosanitaria, intercalouse a atención telefónica coa presencial, axustándoa á situación de cada momento e ás necesidades da persoa usuaria.

Durante este tempo, e fundamentalmente no período de confinamento, as técnicas de inclusión convertéronse non so nun apoio nesta situación, se non tamén nunha canle de acceso a outros servizos e organismos públicos debido, entre outras cosas, a escaseza de medios e de destrezas en novas tecnoloxías das persoas usuarias do servizo.

Por último, a implantación do Ingreso Mínimo Vital (IMV) por parte do Estado, a partires de xuño, provocou que moitas das persoas participantes deixasen de percibir a RISGA, e que polo tanto deixasen de ter a obriga de levar a cabo un itinerario de inserción cos servizo de inclusión.

Cabe sinalar que se ofertou ás persoas que accederon ao IMV manter os seguimentos e a participación no servizo, dada a súa situación de vulnerabilidade, co obxecto de acadar os obxectivos do seu itinerario de inserción.

Os resultados amosados a continuación están, polo tanto, igualmente condicionados pola pandemia, como se explica en cada apartado.


Resultados

Perfil das persoas participantes

En total, participaron 761 persoas, 446 das cales foron mulleres (o 58,6%).

Por nacionalidade, o 74,6% foron españolas, destacando entre as persoas estranxeiras, as de Romanía (3,02%), Brasil (2,63%), Venezuela (2,37%) ou Colombia (2,23%).


Por idade, o 53% das mulleres tiñan entre 25 e 44 anos. Por contra, o grupo máis numeroso de homes foi o de maiores de 45.



Altas e baixas

Incorporáronse 182 persoas (o 40,6% no CMSS de R. Atienza e o 30,2% no de Sur e Teis). O 55,5% das incorporacións foron persoas entre os 25 e 44 anos. Foron baixa 227 persoas (o 39,2% no CMSS de Coia e apenas o 2,6% nos de Sur e Teis).

Os **motivos das baixas**, o 37% foron provocadas pola percepción do Ingreso Mínimo Vital (IMV) e o 30,4% pola extinción da RISGA, ben por insercións (o 26,4% das baixas totais), ben por sancións (o 3,9%). A distribución por CMSS foi a seguinte:



Actuacións

Entrevistas

Son parte fundamental do programa, tanto na fase de acollida (coas entrevistas individuais e grupais), como na fase de desenvolvemento dos itinerarios de inserción (coas entrevistas de seguimento) e na de avaliación do proceso (coas entrevistas de peche).

En total, realizáronse 2.109 entrevistas (o 83% de todas as previstas). Por CMSS, o 40,2% foron en Coia, o 27,8% en Princesa, o 23,3% en Rivera Atienza e o 6,7% en Sur e Teis.

Necesidades detectadas

A formación e un recurso fundamental para acadar a inserción sociolaboral o que unido á escasa cualificación das persoas participantes, fai que as actuacións inclúan tanto a formación regrada (ESO e FP), coma a establecida polo sistema das cualificacións (competencias clave e AFD).

A tenor de os datos obtidos cabe reflexionar que son as mulleres as que máis perciben a necesidade de formarse para incorporarse con calidade ao mercado laboral e están dispostas a dedicar tempo e esforzo a elo.

Doutro lado, e tendo presente que os proxectos atendidos son de tipo formativo-laboral, nas persoas participantes recóllense tamén outras necesidades prioritarias entre as que destacan: a mellora de habilidades sociais ou axustes persoais (no 54,9% dos casos), os coidados de saúde (no 27%) ou o tratamento de adicións (no 9,9%).

Accións formativas realizadas

Participaron un total de 272 persoas, o 52,9% mulleres.

As accións formativas **propias** foron suspendidas logo da declaración do estado de alarma. As tres persoas rexistradas corresponden ao obradoiro de Competencias e Habilidades Sociais, Optimización e Mellora da Procura de Emprego iniciado o ano anterior.

Entre as **accións formativas alleas** destacan a formación regrada para adultos, as Accións Formativas para Desempregados (AFD) e os cursos de Competencias Clave Nivel 2.

Das 155 persoas que fixeron formación académica, remataron os seus estudos no 2020 un total de 40 (30 mulleres e 10 homes), que supón o 25,8% do total.

Actividades formativas realizadas

	mulleres	homes	total	
Recursos propios	2	1	3	1,10%
AFD	24	29	53	19,49%
Académicas	95	89	184	67,65%
Competencias clave	5	2	7	2,57%
Outras	18	7	25	9,19%
Total	144	128	272	
	52,94%	47,06%	100,00%	



*Incidencia da COVID nas accións formativas

Suspendéronse as actuacións formativas que se levaban a cabo con recursos propios, concretamente os obradoiros levados a cabo en CMSS de Princesa e Rivera Atienza. Tamén pechouse a aula de informática de participación aberta no CMSS de Coia.

A realización por parte das persoas usuarias de actuacións formativas tanto regradas coma ocupacionais, foron moi afectadas tanto pola suspensión ou cancelación das programacións das entidades públicas y privadas; coma, unha vez máis, pola escaseza de medios tecnolóxicos e destrezas en novas tecnoloxías dos participantes, xa que estas foron desenvolvidas maioritariamente por vía telemática.

Isto limitou a posibilidade de mellora das capacidades e habilidades sociolaborais, así coma a consecución dos obxectivos do seu itinerario de inserción. Aínda que tamén aumentou o interese en mellorar as competencias dixitais das persoas usuarias e a consciencia da súa necesidade.

Contratacións/ insercións

O programa propiciou a contratación de 132 persoas (80 mulleres e 52 homes).

Esa cifra comparada co total de persoas atendidas (761), fixa a porcentaxe de contratacións acadada no 17,35%, destacable nun programa no que non existe unha selección previa das persoas usuarias enfocada ao emprego, e especialmente tendo en conta as consecuencias da crise sanitaria.

Cabe destacar que a implementación por parte do Concello de Vigo do Programa de Coidadoras e coidadores de Barrio, supuxo un impulso á inserción do colectivo atendido no servizo, pois un dos seus obxectivos é precisamente a incorporación ao mercado laboral a persoas en situación ou risco de exclusión para que se convertan en axentes activos do seu propio proceso de empregabilidade.

Polo que se refire ao perfil das persoas contratadas, o 60,6% foron mulleres.

O 53,8% do total tiñan entre os 25 e os 44 anos, con reparto desigual por sexo: o 61% dos homes e o 42% das mulleres.

O grupo máis numeroso de mulleres contratadas foron, por contra, as de 45 anos ou máis (o 54% das mulleres).

As diferencias poden apreciarse mellor na seguinte gráfica.



O número de contratos asinados foi de 195 (116 a mulleres e 79 a homes), a maioría a xornada completa (60%).

Considerando a duración e o sexo aprécianse pequenas diferenzas:

Contratacións de mulleres

	parcial	completa	total	
Menos de 1 mes	7	37	44	37,93%
Entre 1 e 6 meses	14	16	30	25,86%
6 meses ou máis	29	13	42	36,21%
Totais	50	66	116	
	43,10%	56,90%	100,00%	

Contratacións de homes

	parcial	completa	total	
Menos de 1 mes	7	27	34	43,04%
Entre 1 e 6 meses	10	10	20	25,32%
6 meses ou máis	11	14	25	31,65%
Totais	28	51	79	
	35,44%	64,56%	100,00%	



4.3 Convenios con entidades sociais

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos.

Nos últimos anos o Concello de Vigo, atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos e á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais (fundamentalmente do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social - CIIES-), subscribiu diferentes convenios de colaboración con entidades de iniciativa social da cidade.

En concreto, os convenios asinados teñen como obxectivo reforzar os recursos de atención inmediata relacionados coa alimentación básica, mediante **comedores sociais** e **programas de alimentos**, nas distintas zonas da cidade, destinados a paliar situacións transitorias de necesidade.

A coordinación e seguimento dos convenios corresponde ás comisións mixtas creadas ao efecto para cada convenio, compostas por dous representantes da entidade correspondente e dous técnicos municipais.

Por último, ao marxe dos convenios, é preciso sinalar o imprescindible traballo que fan outras entidades sociais da cidade facilitando recursos e servizos necesarios para a inclusión social, coas que se mantén constante colaboración co obxectivo de crear sinerxías e evitar duplicidades. Por citar algunhas das de maior volume de derivacións: Caritas, Cruz Vermella, Emaús ou a entidade A las 5, entre outras.

*Incidencia da COVID

No contexto de grave crise sanitaria e social derivada da pandemia provocada, resultou absolutamente necesario garantir tanto o normal funcionamento dos servizos sociais municipais como os daqueles que se realizan a través das diversas entidades colaboradoras que prestan un servizo inestimable de atención ás necesidades básicas de moitas persoas e familias en situación de precariedade económica.

A entrada en vigor do estado de alarma supuxo a aplicación de severas medidas restritivas da mobilidade e do desenvolvemento das actividades cotiás da poboación coa finalidade de frear o ritmo da transmisión comunitaria. Sen embargo, esta situación tivo un enorme impacto nas persoas máis vulnerables, vencelladas ou non ós servizos sociais, por dous motivos fundamentais: a gravidade da Covid en persoas de idade con patoloxías previas e os efectos negativos que o illamento social ten sobre as persoas en risco de exclusión.

Consciente desa vulnerabilidade e da necesidade de seguir ofrecendo os apoios indispensables, o Concello de Vigo reforzou os recursos de atención inmediata relacionados coa alimentación básica coa creación dun **servizo de comedor externo** (mediante a entrega a domicilio durante o período de confinamento domiciliario), así como co incremento orzamentario dalgúns convenios e a sinatura de tres convenios máis, para un total de sete, con diferentes entidades de iniciativa social, as cales, pola súa banda, tiveron tamén que reorganizar as entregas de alimentos aumentando a frecuencia e incluíndo, en moitas ocasións, servizo a domicilio por causa da idade, patoloxías de base, etc.

Convenio coa entidade “Fundación Santa Cruz”

Descrición

Entidade colaboradora

A institución “Fundación Santa Cruz” (antes “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres”), é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivo principal a atención e o coidado de persoas carentes de recursos e en situación de exclusión social severa. Dispón de dous centros autorizados pola Xunta de Galicia (Albergue e Casa de acollida) que constitúen uns valiosos recursos sociais dentro da cidade.

Obxectivo do convenio

O convenio de colaboración ten como finalidade o sostemento do **albergue** así como para o reparto de alimentos entre as familias necesitadas que se determinen mediante o seu **programa de alimentos**, que busca facilitar produtos básicos de alimentación destinados a paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Orzamento

O importe do convenio ascendeu a 57.060 €, destinados a cofinanciar o custo da contratación da traballadora social, os gastos de comedor do Albergue e para levar a acabo un programa de reparto de alimentos.

Organización dos servizos

O **programa de alimentos** ten unha periodicidade quincenal, é gratuíto e concédese por un período inicial de tres meses renovables.

A determinación das unidades familiares destinatarias vai precedida pola valoración e a derivación por parte da UTS de referencia dos Servizos Sociais Básicos do Concello.

O **albergue** conta con 38 prazas (26 de homes e 12 de mulleres) e recibe a toda persoa que chega demandando o servizo, sempre que haxa cabida, podendo pernoitar gratuitamente por un máximo de 10 días en réxime de media pensión (prorrogables por causa de saúde ou situación grave). Os usuarios non poden volver a ingresar ata pasado polo menos un mes desde a última estancia, salvo razón xustificada.

En especial, aquelas persoas usuarias do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES) que polas súas limitacións de mobilidade non poidan acceder aos pisos dispoñibles poderán ser atendidas por persoal dos programas de CIIES nas instalacións da Fundación.

A acollida complétase con outros servizos complementarios como o empadroamento e enderezo postal, perruquería, roupeiro, lavandería e atención social.

***Incidencia da COVID**

Programa de alimentos

Coa pandemia aumentou o número de familias vulnerables que viron como perdían as súas fontes de ingreso para facer fronte a necesidades básicas de alimentación, vivenda e subministracións básicas.

O programa de alimentos tivo que reorganizarse para facer fronte a esas necesidades:

- Atendendo a máis familias das incluídas no convenio (que era para un número máximo de 80, chegando a atenderse a 111 familias nun só reparto) e ao maior número de derivacións desde as distintas UTS.
- Aumentando a adquisición de alimentos e os recursos humanos destinados á preparación e reparto, así como as xornadas e área de reparto.
- E adoptando todas as medidas de hixiene necesarias, así como facilitando máscaras aos usuarios que carecían delas.

***Incidencia da COVID**

Albergue

A partir do 13 de marzo o albergue tivo que pasar a réxime pechado, confinándose nel as persoas que facían uso das nosas instalacións. Debido a isto ofreceuse servizo de comida tamén e aumentouse o servizo de lavandería, así como moitas outras medidas de hixiene necesarias.

Nesta situación, as persoas que desexaban facer uso do noso albergue deberon realizarse antes unha PCR. O albergue encargouse de todas as xestións e acompañamentos precisos ata a entrada no centro das persoas que, illadas preventivamente, esperaban o resultado da proba. Todas as persoas que accederon ao noso albergue desta maneira deron negativo nas probas PCR.

A partir de novembro, co endurecemento das restricións, as únicas altas que se aceptan son as que veñen directamente de ingresos hospitalarios, cunha PCR negativa.

Todo iso para evitar que o COVID entre no noso Centro de Inclusión, o que resultaría fatal para moitos dos nosos usuarios, dada a súa idade e os seus problemas de saúde.

Finalizado o ano 2020, nin no albergue nin no Centro de Inclusión houbo positivos. Tampouco entre o grupo de traballadores da Fundación da Santa Cruz.

Resultados

Programa de alimentos

Durante o ano 2020 repartíronse 2.247 lotes de produtos básicos a un total de 140 familias diferentes, das que arredor da metade estaban formadas por algunha persoa menor de idade. A media mensual de atención foi de 94 familias.

A cantidade de lotes e quilos de alimentos repartidos incrementouse nun 40% respecto ao ano anterior. O número de familias beneficiadas aumentou de 98 a 140.

Albergue

Durante o 2020 acudiron ao albergue 204 persoas (169 homes e 35 mulleres), das que 99 fixeron uso por primeira vez do recurso:

- 163 persoas fan un único uso do albergue durante este tempo (o 79,90%)
- 7 fan tres ou máis usos do albergue (o 3,43%).
- 42 levan entre 1 e 3 anos facendo uso do albergue (o 20,59%).
- 63 levan máis de 3 anos facendo uso do albergue (o 30,88 %).

A maioría (65,20%) non dispoñen de ningún ingreso, o 19,61% dispoñen de ingresos inferiores a 430€ e o 11,27% superiores a 430€.

Nestes dous últimos casos, o albergue atende a usuarios que non poden acceder a pernoitar no CIIES, por dispoñer de ingresos. O mesmo sucede cos usuarios maiores de 65 anos. Cumprida esa idade non poden acceder ao albergue

municipal, polo que tamén neste caso dáse resposta desde o albergue de Teis ás persoas que se atopan nesta situación. Foron 19 persoas, todos homes, os que se atoparon nesta situación (9,74 %, do total).

En canto á nacionalidade, o 58,33% das persoas foron españolas, destacando as 5 persoas solicitantes de Asilo Internacional, atendidas en coordinación con outras entidades da cidade.

Como logro, das 13 persoas que solicitaron o servizo de orientación laboral e 4 conseguiron atopar emprego.

Da actividade relacionada cos servizos complementarios do centro resultaron 285 servizos de lavandería, 3.928 duchas, 212 servizos de roupeiro e 55 persoas beneficiarias do servizo de empadramento

Convenio coa Asociación Vida Digna

Descrición

Entidade colaboradora

A Asociación Vida Digna é unha organización sen ánimo de lucro que ten como obxectivo a atención integral ás persoas en estado de necesidade facilitándolles a axuda necesaria para satisfacer as súas necesidades materiais, formativas, psicolóxicas, administrativas e ocupacionais.

Obxectivo do convenio

O convenio de colaboración subscrito coa Asociación Vida Digna ten como finalidade cofinanciar o servizo de comedor social de fins de semana e festivos durante todo o ano, así como unha actividade de reparto de alimentos básicos a familias, servizos complementarios aos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello como o comedor social do Albergue do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES) da rúa Marqués de Valterra.

Orzamento

O importe do convenio ascendeu á cantidade de 45.000 € .

Organización do servizo

O **comedor de fin de semana** serve comidas quentes ás persoas que o precisen. Funciona os sábados e domingos, días nos que outros comedores da cidade permanecen pechados.

O **programa de alimentos** consiste na entrega gratuíta de paquetes quincenais que comprendan alimentos básicos (tanto frescos como, conxelados e non perecedoiros, dependendo da dispoñibilidade). A determinación das unidades familiares destinatarias deste último programa vai precedida pola valoración e a derivación por parte da UTS de referencia dos Servizos Sociais Básicos do Concello.

Resultados

No **comedor** atendeuse a unha media de 200-300 persoas cada fin de semana. No **programa de alimentos** as derivacións directas dos servizos sociais do Concello contabilizan 390 persoas, ás que hai que engadir 140 persoas máis derivadas a través de Clece, para un resultado de 530 persoas usuarias.

*Incidencia da COVID

O número de usuarios atendidos aumentou de forma exponencial debido á situación de pandemia.

O comedor tivo que reorganizarse por non poder realizar o servizo de forma presencial. O reparto de alimentos viuse tamén condicionado polo aumento de persoas usuarias e as medidas de seguridade. De un día á semana, pasou a realizarse tres días sendo necesario, en moitas ocasións, facer chegar os alimentos directamente aos fogares.

Convenio coa Asociación Freixeiro de Axuda ao Necesitado (AFAN)

Descrición

Entidade colaboradora

A Asociación Freixeiro de Axuda ao Necesitado (AFAN) é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivo a atención e promoción das persoas necesitadas proporcionándolles alimentos, roupa e pequenas axudas económicas para atender outras necesidades primarias.

Obxectivo do convenio

O convenio de colaboración subscrito ten como finalidade contribuír ao mantemento das actividades da asociación e, en concreto, facilitar produtos básicos de alimentación destinados a paliar situacións transitorias de necesidade.

Orzamento

O importe do convenio ascendeu á cantidade de 55.000 € .

Organización do servizo

AFAN conta con distintos programas asistenciais como un programa reparto de alimentos a familias (consistente nunha entrega de alimentos básicos a familias, cunha periodicidade de dúas veces ao mes), un programa de distribución de froitas e hortalizas (que son distribuídas entre 25 centros benéficos de Vigo e arredores), o programa de vales de axuda (para atender gastos derivados de recibos de aluguer, luz, auga, medicamentos, cueiros, papillas, etc.) e a campaña de Nadal (de entrega de xoguetes).

Resultados

Fixéronse unha media de dous repartos mensuais de alimentos básicos para 1.968 persoas pertencentes a 529 familias, das cales 8 foron asistidas no propio domicilio por motivos de enfermidade, idade ou outros.

Convenios coa Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo

Descrición

Entidade colaboradora

A Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo é unha fundación de interese galego, sen ánimo de lucro, que ten como obxectivo a obtención, almacenamento, clasificación e distribución de alimentos a entidades e institucións (centros asistenciais, parroquias, comedores, asilos...) que teñan como fin axudar ás persoas necesitadas, proporcionándolles alimentos para atender ás súas necesidades primarias.

Obxectivos do convenio

Os convenios de colaboración subscritos teñen como finalidade colaborar na atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, facilitándolles ás entidades e centros específicos os alimentos necesarios para tentar cubrir as necesidades básicas daquelas.

Orzamento

Asináronse dous convenios por importes de 43.000 € para actividade e 15.000 para alugueiro do almacén, incrementado no 2020 ata 40.000€/ano.

Organización do servizo

O Banco de Alimentos aprovisiónase de alimentos a través da colaboración con organismos oficiais, empresas agro-alimentarias, distribuidores, almacenistas, e achegas privadas (mediante colectas en medianas e grandes superficies, centros educativos, etc.).

Os alimentos almacénanse, clasifícanse e distribúense a asociacións benéficas, residencias e asilos de anciáns, comedores benéficos, garderías e comedores infantís, centros de acollida, conventos e colexios, Cáritas parroquiais, igrexas evanxélicas, etc.

Resultados

Repartíronse alimentos a case 150 entidades.

*Incidencia da COVID

Como consecuencia da pandemia non puideron realizarse as “Operacións quilo” para a doazón de alimentos por particulares, que tiveron que ser substituídas por campañas on line.

Con todo, a pesar das limitacións e dificultades, non se deixaron de atender as necesidades das entidades encargadas do reparto de alimentos.

Convenio coa Fundación Casa de Caridade de Vigo - Fogar San José

Descrición

Entidade colaboradora

A Fundación Casa de Caridade dedícase á atención das necesidades básicas das persoas excluídas ou en risco de exclusión, proporcionándolles prioritariamente alimentación e aseo persoal.

Obxectivo do convenio

O convenio de colaboración subscrito ten como finalidade colaborar no financiamento do comedor social coñecido como “Comedor da Esperanza” e a súa unidade de hixiene.

Orzamento

O importe do convenio ascende á cantidade de 23.000 euros anuais, aos que hai que engadir en 2020 unha achega municipal extra de 21.120€, concedida con carácter excepcional e por razóns de interese público, social e humanitario.

Organización do servizo

O Comedor da Esperanza, xestionado polas Fillas da Caridade, conta con 143 prazas, está dispoñible todos os días do ano de luns a sábado, se ben os domingos e festivos ofrece comidas frías para levar.

Ao servizo de ducha funciona de luns a venres para calquera que o solicite, dispoñendo de todo lo necesario para un aseo completo.

O roupeiro funciona os luns, mércores e venres para a entrega ás persoas de roupa e calzado.

Resultados

Poboación beneficiaria

No Comedor servíronse un total de 56.257 comidas (un 25% máis que no ano anterior). Beneficiáronse do servizo de ducha un total de 449 persoas (435 homes e 14 mulleres) e utilizaron o roupeiro 490 persoas (336 mulleres e 154 homes).

*Incidencia da COVID

A comida sempre se serviu nas instalacións do comedor do centro ata que no mes de marzo de 2020 ditamínase o peche da instalación por mor da crise sanitaria.

Tras uns meses nos que o Concello de Vigo organiza a repartición das comidas do centro a domicilio, no mes de xullo renóvase a entrega da comida presencialmente en friameiras.

Os participantes son derivados desde os Servizos Sociais Municipais do Concello de Vigo en función da súa situación económica e social.

Convenio coa Asociación Misión del Silencio

Descrición

Entidade colaboradora

A Asociación Misión del Silencio é unha institución privada relixiosa fundada en 1974 que conta na nosa cidade cun comedor social na rúa Urzáiz nº 39, en funcionamento desde hai moitos anos. Dispón de 44 prazas autorizadas pola Xunta de Galicia e atende nel a persoas e familias en situación de grave vulnerabilidade social.

Obxectivo do convenio

O 11 de marzo de 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV2 como pandemia e o Consello da Xunta de Galicia do día 13 declaraba a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activaba o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución do COVID-19.

Posteriormente por Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19, prorrogado sucesivamente e vixente ata o 21 de xuño, co obrigado confinamento nos seus domicilios de moitas persoas e familias vulnerables que carecían dos produtos de alimentación necesarios para subsistir e que tampouco podían acudir ós comedores sociais da cidade.

*Incidencia da COVID

Esa necesidade esencial e imprevista de reparto de alimentos básicos e subministro diario de comidas foi atendida de urxencia desde a Concellería de Política de Benestar Social, entre outros medios (servizo de comedor a domicilio, p.ex.), derivando ás persoas e familias vulnerables ós comedores sociais da cidade para recoller as comidas alí preparadas. De esa forma, o comedor xestionado pola «Asociación Misión del Silencio», elaborou e entregou máis de 10.000 menús, co compromiso municipal de asumir en parte o sobrecusto que representaba esa atención extraordinaria.

Os servizos ofrecidos pola Asociación Misión del Silencio incluídos no preitado proxecto foron a dispensación de comidas preparadas, a orientación social e profesional ás persoas que a demandaron e a información, orientación e acompañamento por parte dunha persoa profesional do Traballo Social.

Orzamento

O gasto total polo funcionamento do comedor en 2020 foi de 114.220€, asumindo o Concello de Vigo a cantidade de 10.821€, correspondente aos gastos extraordinarios dos meses de marzo a xuño.

Resultados

Entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020, servíronse aproximadamente unhas 88 comidas ao día. Realizáronse ademais un total de 400 intervencións sociais.

Convenio coa Asociación La Sal de la Tierra

Descrición

Entidade colaboradora

A Asociación La Sal de La Tierra é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus obxectivos a atención e promoción das persoas en situación de desvantaxe social. A Asociación céntrase na atención ás necesidades básicas das persoas excluídas ou en risco de exclusión social que residen temporal ou de forma permanente en Vigo, proporcionándolles prioritariamente alimentación a través dun comedor social e dun servizo de reparto de alimentos.

O comedor social da rúa Manuel de Castro, dependente da Asociación La Sal de La Tierra, constitúe un valioso recurso ao servizo de moitas persoas en situación de necesidade e complementa os servizos sociais de atención primaria da cidade; especificamente, os dispositivos xa existentes destamesma natureza.

Obxectivo do convenio

O convenio de colaboración subscrito ten como finalidade colaborar no financiamento do comedor social da rúa Manuel de Castro desta cidade e o servizo de reparto de alimentos.

Orzamento

O importe do convenio ascende á cantidade de 10.000 euros anuais

Resultados

A asociación serviu ao redor de 22.000 comidas no ano 2020 e atendeu una media de 100 usuarios/mes, a través das diferentes áreas de atención.

No Comedor atendeuse a 60 persoas (36 homes e 24 mulleres).

Ademais, colaborouse con unhas 30 familias cada semana, entregando paquetes básicos de alimentos para as súas casas.

*Incidencia da COVID

A actividade no comedor social aumentou significativamente debido á crise do coronavirus, mudando o formato deste servizo que antes realizábase no mesmo comedor e agora, recollen a comida cociñada para consumila fora das instalacións, onde non se podería garantir a distancia de seguridade entre tódolos asistentes.

O resto de actividades (obradoiros ocupacionais, recollida e entrega de xoguetes, convivencias... foron suspendidas)

Convenio coa Fundación Secretariado Gitano

Descrición

Entidade colaboradora

A Fundación Secretariado Gitano é unha organización sen ánimo de lucro que ten como fin a promoción integral da comunidade xitana desde o recoñecemento e apoio á súa identidade cultural. A súa misión está orientada á promoción e ao cambio social para permitir o acceso das persoas xitanas aos dereitos, servizos, bens e recursos sociais en igualdade de condicións có resto da cidadanía.

Obxectivo do convenio

O Concello é coñecedor da problemática específica que presenta este colectivo para acadar a súa plena integración socio-laboral e da necesidade de seguir apoiando desde o Concello a execución daqueles proxectos que incidan positivamente na comunidade xitana, como o “Programa de atención ás familias e unidades de convivencia (loita contra a pobreza e a exclusión social da comunidade xitana), anos 2020-2021”, obxecto do convenio.

Orzamento. O importe do convenio ascende á cantidade de 16.000 euros anuais.

Organización do servizo

O programa consiste, especificamente, en poñer en marcha un servizo de atención básica ás persoas e familias xitanas en situación de pobreza grave e socialmente desfavorecidas, co fin de posibilitar a súa inclusión social activa

desde un enfoque integrado, tendo en conta as necesidades que presentan e acompañándoas no acceso aos recursos e servizos, tanto internos como externos, que poidan responder ás súas dificultades e garantir os seus dereitos fundamentais, favorecendo a inclusión activa a través do emprego.

Resultados

En total atendeuse a 434 persoas, das que 350 foron xitanas, e 261 mulleres. Houbo 54 persoas usuarias novas, que antes non contactaran coa FSG e que, debido ao contexto de pandemia, fixérono agora.

Realizáronse 3 accións grupais no ámbito da inclusión, 2 no da igualdade e 1 no da saúde e 28 actividades formativas nas que se formaron 36 persoas (o 75% xitanas e o 50% mulleres).

Acadáronse 37 contratacións (o 67% de persoas xitanas e o 35% de mulleres -o 16% mulleres xitanas-) e xestionáronse 54 solicitudes de IMV.

*Incidencia da COVID

No 2020 a crise sanitaria provocada pola Covid 19 e a creación do ingreso mínimo vital (IMV) foron dúas realidades que provocaron un escenario cambiante que obrigou á reorganización da intervención pola necesidade de dar una resposta rápida ás realidades das familias e porque, sendo a FSG unha entidade prestadora de servizos, durante uns meses tivo que desenvolver actividades de prestación de bens, o que supuxo un reto organizativo.

A crise sanitaria desencadeou unha situación social e económica que empeorou as condicións de vida das persoas máis vulnerables, entre elas, as de moitas familias xitanas. Por elo, púxose en marcha un Fondo de Emerxencia Social, para apoiar nas necesidades básicas ás familias (alimentación, medicinas, subministracións, etc.) e para dotar de computadores e conexións a internet aos nenos e nenas.



_05 SERVIZOS E PROGRAMAS DESTINADOS AO COLECTIVO DE PERSOAS MAIORES



Servizos e programas destinados ao colectivo de persoas maiores

5.1 Servizo de Axuda no Fogar (SAF)

Descrición do servizo

Descrición e xustificación

O Servizo de Axuda no Fogar é unha prestación básica dos Servizos Sociais Comunitarios que presta un conxunto de atencións a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual.

A prestación deste servizo ten carácter de reforzo e non substitúe ás propias capacidades da persoa usuaria e doutras persoas do seu contorno inmediato nin exime en ningún caso á familia das súas responsabilidades.

Orzamento

O orzamento executado finalmente foi de 6.378.731,76 €.

Obxectivos

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Destinatarios

O SAF poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención.

De xeito particular, atende a **persoas maiores** con déficits de autonomía e **persoas con discapacidade**, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

Tamén, con carácter subsidiario do programa de intervención familiar, poderá dar unha resposta preventiva, educativa e socializadora fronte a diversas situacións de **familias en risco de exclusión social**.

En todo caso terán prioridade no acceso ao servizo as persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

Acceso

O acceso ao servizo prodúcese de acordo coas seguintes modalidades:

1. O acceso será directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de **dependencia** e se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención (PIA).

Nestes casos non se realiza avaliación por parte dos servizos sociais comunitarios do Concello de Vigo por vir deseñado o proxecto técnico no PIA, formulando eses profesionais só a proposta de proxecto de atencións (distribución, horario, etc.).

2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, resolverase en réxime de **libre concorrencia**.

Neste caso, a extensión e intensidade do SAF virá condicionada pola limitación dos orzamentos municipais dispoñibles para este servizo.

O procedemento iníciase a instancia de parte, aínda que, cando existen circunstancias debidamente acreditadas no expediente, o procedemento de acceso ao servizo pode iniciarse de oficio.

As solicitudes dos particulares para acceder ao servizo deberán ser valoradas en todo caso por un traballador ou traballadora social dos servizos sociais de atención comunitaria do Concello.

Tipo de xestión

Xestión municipal e contrato de prestación de servizos:

Ata o 30 de novembro de 2020, por acordo da Xunta de Goberno Local do 29 de setembro de 2016 e un importe de adjudicación total de 18.079.556,53 € (anuncio de formalización no BOPPO nº 212, do 07/11/2016). E desde o 1 de decembro en virtude dunha nova adjudicación por importe de 33.699.578,45 € (anuncio de formalización na Plataforma de Contratación do Sector Público do 24/09/2020).

Recursos humanos

A responsable municipal do Servizo contou cun equipo técnico de:

- Once traballadoras sociais.
- Unha psicóloga.
- Dous administrativos.
- 376 auxiliares de axuda no fogar.

Financiamento do servizo

O SAF municipal finánciase con achegas da Xunta de Galicia, do Concello e das persoas usuarias, tanto na modalidade de atención á **dependencia** como na modalidade de **libre concorrencia**.

Os usuarios aboarán a cota establecida na ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do SAF vixente no momento da concesión.

En todo caso o SAF ten un carácter contractual entre o Concello e a persoa usuaria polo que é imprescindible a sinatura dun contrato ou acordo de servizo entre as dúas partes que conterà a data de inicio e remate da prestación do servizo, horas semanais e horario de prestación, atencións e tarefas específicas que realizará o persoal auxiliar do servizo e aquelas que a persoa usuaria e/ou a súa familia ou persoas achegadas se comprometan a levar a cabo, así como a achega mensual da persoa usuaria como contribución ao custe do servizo, entre outros.

Financiamento				
	achega local	copagamento	Xunta	Total
dependencia	867.396,39	705.147,52	3.483.232,32	5.055.776,23
libre concorrencia	546.147,06	69.739,86	141.232,60	757.119,52
horas extraord. Covid	64.565,12	0,00	286.170,00	350.735,12
Total	1.478.108,57	774.887,38	3.910.634,92	6.163.630,87



Áreas de intervención

De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais comunitarios básicos do concello, poderán prestarse os seguintes tipos de atención:

a) Atencións de carácter persoal na realización das **actividades básicas da vida diaria**, como:

- Asistencia para levantarse e deitarse
- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo-temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b) Atencións de carácter persoal na **realización doutras actividades da vida diaria**, como:

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
- Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

c) Atención das **necesidades de carácter doméstico** e da vivenda, como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das prendas de vestir.
- Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

d) **Atencións de carácter psicosocial e educativo**: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

e) **Con carácter complementario**, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- Adaptacións funcionais do fogar.

En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

f) Outros servizos non considerados nos apartados anteriores que poden ser incluídos no proxecto de intervención con carácter específico para cumprir os obxectivos perseguidos no SAF.

Intensidade do servizo

Os tempos de atención para cada usuario dependerán da modalidade de acceso e do seu proxecto de intervención.

O servizo ás persoas en situación de **dependencia**, será de luns a domingos de 07:30h. a 22:00h. en tres franxas horarias -mañá, tarde e noite-. En casos extraordinarios de urxente necesidade debidamente xustificada poderá prestarse o servizo desde as 22:00h. ata as 07:30h. da mañá.

O tempo de atención para cada usuario/a, con carácter xeral, non será superior a 70 h/mensuais.

Na modalidade de **libre concorrência** o horario de prestación do servizo será de luns a venres de 07:30h. a 22:00h. en dúas franxas horarias. Os sábados, domingos e festivos non se prestará o servizo agás en casos extraordinarios de urxente necesidade nos que se poderá prestar o servizo en festivos e en horario nocturno desde as 22:00h. ata as 07:30h. da mañá.

O tempo de atención para cada usuario/a non será inferior a 8h/mensuais nin superior a 40h/mensuais agás casos con circunstancias excepcionais de carácter temporal debidamente xustificadas.

***Incidencia da COVID**

Con motivo da crise sanitaria provocada pola Covid 19 o Servizo de Axuda no Fogar tivo que adaptarse para dar resposta ás crecentes necesidades da cidadanía.

O peche dos centros de día, a escaseza de prazas nas residencias e outras restricións elevaron a demanda obrigando á reorganización do servizo e á ampliación de prazas de forma extraordinaria.

O procedemento de acceso tivo que ser revisado e modificado ante as medidas que impedían, por exemplo, as visitas domiciliarias e as valoracións presenciais.

As altas foron tramitadas con urxencia, simplificando as tramitacións e habilitando diferentes portas de entrada, con derivacións e solicitudes telefónicas, por correo electrónico, por profesionais externos ou polas propias persoas usuarias.

Neste contexto, foron as Traballadoras Sociais de base as que fixeron as derivacións oportunas ao servizo, en constante coordinación tanto coa técnica responsable do SAF como con profesionais externas (Sergas, Centros de día, etc.), o que o que permitiu atender todas as necesidades sen lista de agarda.


De forma complementaria, creouse un equipo de garda permanente para a atención de situacións de urxencia, asumíronse tamén desde o servizo actuacións extraordinarias de atención á cidadanía como foron a compra de alimentos, de produtos de farmacia ou o reparto de comidas a domicilio.

Resultados


Poboación participante

Como se comentou, o SAF atende a persoas maiores con déficits de autonomía, persoas con discapacidade e, con carácter subsidiario do programa de intervención familiar, a familias en risco de exclusión social.

No ano 2020, o SAF atendeu a un total de **1.397 persoas**, na maioría mulleres e cunha idade media de 82 anos.



A maioría pertencen ao colectivo de persoas maiores, tanto na modalidade de atención á **dependencia** como na modalidade de **libre concorrencia**, sumando o 88,2% do total de persoas usuarias.



Incorporacións e baixas

No 2020 producíronse 431 altas e 353 baixas, destacando nas altas o acceso por dependencia, moi superior ao de libre concorrencia.

Acceso ao programa

	dependencia	libre concorrencia	total
altas	423	8	431
baixas	305	48	353


Baixas

A maioría foron motivadas polo pasamento (57,8%) ou polo ingreso da persoa usuaria nunha residencia (13,3%).

Motivos das baixas

	nº	%
Pasamentos	204	57,8%
Ingreso en residencia	47	13,3%
Cambio de domicilio	10	2,8%
Renuncia	41	11,6%
Superación do prazo de baixa temporal	9	2,5%
Outros	42	11,9%
Total	353	100%


Por meses, destacan as altas motivadas pola incidencia da crise sanitaria no período de maio a xullo





Procedencia

A UTS con maior representación foi a de Travesía con 113 persoas no SAF. Por contra, a que menos Casco Vello con 40 persoas.



Horas de servizo

A través do SAF prestáronse un total de 424.339,75 horas de servizo, cunha media mensual de 33.359,54 horas.

Horas de servizo efectivo

Horas anuais	nº	%
dependencia	348.503,50	82,1%
libre concorrencia	51.988,75	12,3%
Covid (marzo-nov)	23.847,50	5,6%
Total	424.339,75	100%

Media mensual de horas

dependencia	29.027,79	87,0%
libre concorrencia	4.331,75	13,0%
Total	33.359,54	100%

Por persoa, a media ascendeu a 41,56 horas de servizo ao mes para a modalidade de dependencia e de 17,55 horas ao mes para a modalidade de libre concorrencia.



Horas mensuais medias por persoa

	dependencia	libre conc.
maiores	41,65	17,83
persoas con discapacidade	40,39	15,67
	41,56	17,55

O custe da hora de servizo foi de **14,07 €** ata o mes de novembro e de **16,69 €** coa nova adxudicación, a partir de decembro de 2020.

A financiación, como se sinalou, contou coas achegas de Xunta, Concello e persoas usuarias, en distinta proporción cando se trata da modalidade de atención á dependencia ou da modalidade de libre concorrència.

En ambos casos, o incremento de prezo da hora de servizo, aplicable a partir do mes de decembro, foi asumida polo Concello de Vigo que incrementou a súa achega nun 26,62% na modalidade de **libre concorrència** e nun 128,43% na de **dependencia**.





Servizos e programas destinados ao colectivo de persoas maiores

5.2 Programa Xantar na casa

Descrición do servizo

Descrición e xustificación

O programa Xantar na Casa é un servizo de comida a domicilio que pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades de persoas maiores e/ou dependentes, con déficits de autonomía persoal, para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús.

Este servizo proporciona a posibilidade de complementar o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) que presta o Concello, procurando manter ao máximo a propia capacidade de independencia e autonomía das persoas coa permanencia nos seus propios fogares. No ámbito familiar, pretende tamén contribuír á igualdade e á conciliación da vida laboral e familiar.

Orzamento

98.090,27 €

Obxectivos

O obxectivo principal do programa é mellorar o nivel de benestar e de calidade de vida de persoas maiores e/ou dependentes e tamén das súas familias, manténdoo no seu contorno comunitario e atrasando ou evitando a institucionalización.

Os obxectivos específicos son:

- Proporcionar aos beneficiarios unha alimentación de calidade e nutritiva, atendendo os casos de xeito individualizado e profesionalizado.
- Evitar o deterioro da calidade de vida das persoas maiores e/ou dependentes por teren unha dieta inadecuada.
- Previr situacións de risco que se poidan producir no proceso de elaboración da comida.
- Facilitar un respiro ás familias e aos cuidadores e impulsar medidas de apoio á conciliación da vida familiar e laboral das mulleres.
- Facer un seguimento e acompañamento individualizado de cada usuario/a do servizo por parte dos profesionais que acoden aos domicilios.



Destinatarios

Persoas empadroadas no Concello de Vigo e que cumpran os seguintes requisitos:

- Persoas maiores de 60 anos, que teñan limitada a súa capacidade de autonomía persoal, e sen rede de apoio que puidera suplir tal situación.
- Persoas dependentes, que carezan de apoio familiar, e que requiren de axuda para a preparación de alimentos.
- Persoas menores de 60 anos e maiores de 18 en situación de exclusión social, tecnicamente avaliada polos servizos sociais do Concello e sempre que se estea intervindo desde outro programa para resolver a súa situación de exclusión.

Acceso

O procedemento iníciase a instancia da persoa interesada coa presentación da súa solicitude e documentación necesaria a través do Rexistro Xeral do Concello, na sede electrónica ou por calquera dos medios previstos legalmente

Tipo de xestión

Para o desenvolvemento do programa, o Concello de Vigo e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar asinaron un convenio de colaboración o 15 de outubro de 2009 co prazo de un ano e sucesivas prórrogas.

Da prestación do servizo encárgase a empresa Coesco-Deza SL, contratada polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, co que o Concello de Vigo coordina a inclusión de persoas beneficiarias e o seguimento do programa.

Recursos humanos

O programa está coordinado a nivel municipal pola persoa responsable do servizo coa axuda de persoal administrativo a tempo parcial. As TS de zona realizan a valoración e o informe social.

Funcionamento

O programa comezou cunha capacidade para atender a 120 persoas beneficiarias de forma simultánea, ampliándose a 200 desde o 3 de abril de 2020.

As persoas beneficiarias do programa reciben no seu domicilio, de cada vez, sete bandexas diferentes co xantar para cada día da semana. Cada menú inclúe primeiro prato, segundo prato e sobremesa. Son completos e equilibrados, variados e adaptados ás necesidades das persoas usuarias, aos seus gustos e hábitos así como á gastronomía local e á época do ano.

O tipo de dieta de cada persoa usuaria ven determinado polo informe médico que se aporta coa solicitude e os cambios esixen dun novo informe que os xustifique.

A persoa beneficiaria recibe unha guía práctica para a preparación dos alimentos e outra coas prácticas correctas de hixiene e manipulación dos alimentos. Ao comezo do servizo comprobouse se dispoñen de microondas, frigorífico, enxoval e calquera elemento adecuado para a preparación e consumo dos xantares e, no suposto de que non dispoñan de microondas ou frigorífico, póñense á súa disposición en réxime de depósito.

Resultados

*Incidencia da COVID

O gran impacto sanitario, social e de toda índole da pandemia causada pola COVID-19 sobre a poboación beneficiaria do programa reforzou a necesidade de contar cun servizo ben dimensionado que garanta unha alimentación equilibrada e de calidade que cubra as súas necesidades básicas relacionadas coa compra e a elaboración de menús, máis alá do reforzo extraordinario puntual derivado da declaración da emerxencia sanitaria.

Así as cousas, a Concelleira delegada de Política Social do Concello de Vigo solicitou á Conselleira de Política Social da Xunta de Galicia a sinatura dunha Addenda ao convenio en vigor a fin de ampliar o número máximo de posibles persoas beneficiarias en Vigo (de 120 a 200), susceptible de ser ampliado no futuro por acordo das partes.


O Concello ampliou as prazas ata en tres momentos, asumindo progresivamente 50, 15 e 15 novas beneficiarias, ata chegar ás 200. As prazas extra foron utilizadas para dar servizo a toda a lista de espera e a outras persoas con necesidades puntuais por motivo da pandemia, algunhas das cales, tras un período no servizo, causan baixa porque desaparece a necesidade.

A Addenda foi asinada o 1 de decembro de 2020, estendendo os seus efectos desde o 3 de abril de 2020.

Poboación participante

No 2020 participaron no programa un total de 220 persoas, na súa maioría nunha franxa de idade entre os 76 e 95 anos (58,2%) e cunha distribución moi similar por sexo (55,5% de homes e 44,5% de mulleres).


Compatibilizan o programa co servizo de axuda no fogar (SAF) que presta o Concello un total de 53 persoas usuarias (o 24,1%) mentres que outras 26 permanecen en lista de agarda (11,8%).



Acceso ao programa

Incorporacións

Das 220 persoas participantes, 126 xa viñan participando en anos anteriores, mentres que foron novas altas 94 persoas (o 42,73%), un número considerable por motivo da ampliación do servizo. Desas altas, catro persoas foron tamén baixa ao longo do exercicio.




Baixas

O total de baixas do período foron 30 persoas (26 que xa viñan participando no programa e 4 novas altas).


Os motivos principais foron o pasamento (7 persoas), o ingreso nunha residencia (8 persoas) ou a baixa voluntaria por distintos motivos (7 persoas).

O tempo medio de agarda para iniciar o servizo de Xantar dende que a solicitude entra no servizo de maiores do departamento de Política Social ata a alta no servizo foi de 210,89 días.



Procedencia


A UTS con maior representación foi a de Cabral-Candean con 25 persoas, seguida de Areal con 16 e outras cinco zonas con 15. As que menos foron Sur con 6, Centro con 8 e outras tres zonas con 9 persoas.



<< ao inicio do apartado << ao índice

Financiamento do servizo

O prezo de cada menú foi de 6,27 euros ata o 1 de outubro de 2020 e de 6,60 euros a partir desa data. No seu financiamento participa o Concello de Vigo, a Xunta de Galicia e a persoa beneficiaria, sempre na mesma proporción: a persoa beneficiaria fai unha achega do 26,67% (inicialmente de 1,67€ e posteriormente de 1,76€), o Concello fai a mesa aportación e a Xunta, a través do Consorcio, aporta o 46,67% (2,93€ ao inicio e 3,08€ trala actualización).



Servizos e programas destinados ao colectivo de persoas maiores

5.3 Servizo de Teleasistencia

Descrición

Descrición e xustificación

O servizo de teleasistencia domiciliaria é unha prestación social de natureza tecnolóxica que, a través dunha liña telefónica e cun equipo de comunicacións e informático específico, permite ás persoas usuarias poñerse en contacto cun centro de atención de chamadas que conta con persoal especializado para dar resposta ás súas necesidades de forma ininterrompida as 24 horas do día e os 365 días do ano.

O servizo municipal xustifícase na necesidade de facilitar unha atención domiciliaria a determinados colectivos especialmente vulnerables como o das persoas maiores, con discapacidade, dificultades de autonomía persoal, carencia de relacións persoais e familiares ou afectados por enfermidades crónicas e outras patoloxías asociadas, sempre que non estean incluídas no sistema de atención á dependencia.

Trátase dun servizo social de carácter normalizador co que se procura a permanencia das persoas usuarias no seu medio habitual evitando internamentos innecesarios en centros e coa tranquilidade de que en calquera situación de risco ou emerxencia serán atendidas con dilixencia.

Orzamento 93.456,39 €

Obxectivos

Os obxectivos xerais do servizo son a permanencia das persoas usuarias no seu medio habitual de vida e o contacto co seu contorno socio-familiar, evitando o desarraigo e os ingresos innecesarios en centros residenciais, así como a garantía dunha intervención inmediata en situacións de crises persoais, sociais ou médicas, proporcionando seguridade no seu domicilio e unha mellor calidade de vida.

Os obxectivos específicos son a prestación do apoio e axuda necesarios ás persoas usuarias a través dunha conexión permanente co centro de atención, a actuación no propio domicilio en situacións de emerxencia, mobilizando os recursos que sexan necesarios e o recordatorio para a realización de actividades ou tarefas concretas da vida cotiá (visitas médicas, toma de medicamentos, etc.).

Destinatarios

Serán destinatarias do servizo municipal de teleasistencia domiciliaria as persoas maiores de 65 anos ou con discapacidade que estean empadroadas en Vigo, se atopen en situación de risco psicosocial ou físico, vivan soas, total ou parcialmente, e non teñan recoñecemento da situación de dependencia, nin a titular do servizo nin a beneficiaria.

A persoa usuaria **titular** do servizo conta cunha Unidade de Control Remoto (UCR) en medallón ou pulseira e gozará das demais prestacións asociadas. Poderá ser usuaria **beneficiaria** a persoa que conviva co titular na mesma vivenda, aínda que neste caso non disporá de UCR.

O servizo de teleasistencia domiciliaria préstase ao número máximo de usuarios/as titulares que permita o orzamento en función do custo usuario/mes de adjudicación. Ademais, préstase o servizo de usuario beneficiario a un máximo de 50 persoas.

Acceso

O procedemento para o acceso ao servizo iníciase xeralmente por instancia de parte, cubrindo a correspondente solicitude e presentándoa a través do Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos medios previstos legalmente.

Con todo, cando concorran circunstancias debidamente acreditadas no expediente que así o xustifiquen, o procedemento poderá iniciarse de oficio por parte dos servizos sociais comunitarios básicos.

No suposto de existir un maior número de solicitudes que o de persoas usuarias titulares e beneficiarias inicialmente previsto, establecerase unha lista de agarda por orde de puntuación de acordo co baremo aplicado para a valoración do expediente. En caso de empate, a prioridade establecerase por rigorosa orde de entrada das solicitudes.

Todos os requisitos de acceso ao servizo quedan recollidos no regulamento do servizo.

Organización do servizo

Tipo de xestión

Xestión municipal e contrato de prestación de servizos de data 16/04/2019, por un prazo de tres anos, cun importe de adjudicación de 270.000 €. Anuncio de formalización na *Plataforma de Contratación do Sector Público (17/04/19)*.

Recursos humanos

O programa está coordinado pola persoa responsable do servizo e interveñen nel o persoal administrativo (a tempo parcial) e as TS de zona, que fan os informes sociais. A empresa adjudicataria dispón de unha persoa técnica, unha teleoperadora e un instalador.

Funcionamento e contido do servizo

A empresa adjudicataria subministra e mantén a tecnoloxía do sistema, que posibilita unha telecomunicación bidireccional mans libres que permite á persoa usuaria que se atopa no seu domicilio, mediante unha pulsación na unidade de control remoto (UCR-medallón/pulseira) que leva consigo, contactar cun centro de atención onde se ubican os medios tecnolóxicos e profesionais adecuados para poder atender e mediar na solución daqueles motivos que produciron a chamada.

Durante o ano 2020 instaláronse diferentes tipos de terminais de Teleasistencia. terminais fixos (convencionais tipo Neo), terminais móbiles (dirixidos a aqueles solicitantes ou usuarios que carezan de liña telefónica no domicilio compatible co servizo -ata un 2% do total de usuarios-) e terminais GSM (aparatos intelixentes

que se incluíron no 2% debido a que moitas das persoas sen liña no domicilio rexeitaron a instalación do terminal móbil.

De acordo coa valoración técnica realizada polos servizos sociais comunitarios básicos as persoas usuarias poden contar cos seguintes servizos:

- **Servizo de resposta rápida**, que permite a comunicación directa entre o usuario e o centro de atención, atendido por persoal cualificado durante as 24 horas do día os 365 días do ano.
- **Servizo de mobilización de recursos** en resposta a posibles situacións de emerxencia sanitaria, doméstica ou social. Recursos que poderán ser comunitarios, do Concello ou da entidade que xestione directamente o servizo, da persoa beneficiaria e/ou da súa familia.
- **Seguimento permanente** desde a central de atención con chamadas telefónicas de frecuencia semanal, agás excepcións motivadas por razóns de saúde ou risco da persoa usuaria, establecidas polos servizos sociais municipais.
- **Servizos de atención persoal**, por iniciativa da entidade prestadora, dos servizos sociais municipais ou a petición da persoa usuaria, tales como:
 - Chamadas de axenda, para lembrar datos importantes sobre a saúde (medicación, citas médicas...), xestións sociais e outras actividades de natureza análoga.
 - Chamadas de cortesía: felicitacións onomásticas, aniversarios, interese por situacións de convalecencia, regreso de vacacións, etc.

- Chamadas informativas sobre asuntos e actividades de interese para a persoa usuaria que determinen os servizos sociais municipais.
- Chamadas das propias persoas usuarias solicitando información sobre temas do seu interese.

- **Custodia e mobilización do “recurso chaves”**, que implica que, naqueles casos, previamente valorados polos servizos sociais nos que a persoa que solicita a teleasistencia non conte nese momento coa posibilidade de deixarlle as chaves a ninguén (“recurso chaves”) ou ben, ao longo do servizo, queda sen persoas que se poidan facer cargo das chaves, será o contratista quen deba custodialas e, de ser o caso, mobilizar os recursos necesarios en situacións de emerxencia.

A ausencia temporal da persoa usuaria ata un máximo de 60 días naturais nun ano (por ingresos ou internamentos en centros sanitarios, goce de respiro familiar nun centro residencial, vacacións, visitas ou estancias con familiares e, en xeral, circunstancias análogas debidamente acreditadas) determina a **suspensión temporal** do servizo. No caso de superar ese prazo sen prórroga, a prestación considerarase extinguida.

De igual forma, poderá suspenderse temporalmente o servizo por modificacións temporais das causas que o motivaron, incluíndo cambios sobrevidos nas condicións da vivenda que impidan a prestación do servizo (habitabilidade, corte da liña telefónica, subministro eléctrico, etc.).

O servizo **extinguirase** tamén por outras causas persoais (pasamento, rexeitamento ou modificación das condicións psicofísicas, incluíndo o recoñecemento da dependencia), residenciais (traslados e ingresos en centros residenciais) ou por incumprimento dos deberes e obrigas das persoas usuarias.



***Incidencia da COVID**

A situación de emerxencia sanitaria fixo preciso adaptar o Servizo de Teleasistencia a este novo escenario, para protexer tanto ás persoas usuarias como ao equipo de profesionais. Deste xeito, conseguiuase que o Servizo seguise funcionando e non se vise interrompido en ningún momento

En todo este tempo, a Teleasistencia converteuse, en moitos ocasións, no único recurso de apoio para moitas persoas, tanto a nivel psicosocial como na detección de posibles situacións de risco provocadas pola pandemia.

As medidas de protección adoptadas foron as seguintes:


- Suspensión de todas as visitas domiciliarias non urxentes durante o Estado de Alarma.
- Realización de chamadas ordinarias de seguimento e atención de alarmas.
- Establecemento de seguimentos especiais a persoas en situación de soidade para 169 persoas que residían soas e non contaban con recurso de apoio, nin familiar nin social.
- Seguimento especial a persoas afectadas pola COVID-19 ou en situación de corentena.
- Información a persoas usuarias de posibles timos e estafas relacionadas co Coronavirus.
- E promoción do teletraballo.

Resultados

Poboación participante


O número de persoas usuarias no 2020 foi de 844 persoas (808 titulares e 36 beneficiarios), das que o 89% foron mulleres e a maioría viven soas (79%).

Do total de usuarios o 80% pertenceron ao colectivo de maiores de 80 anos.



Acceso ao programa

No período de referencia producíronse un total de 128 altas de novas persoas usuarias e 115 baixas, cunha distribución irregular ao longo do ano motivada pola pandemia.



As baixas estiveron motivadas por causas persoais (pasamentos e recoñecementos de dependencia principalmente) ou outras de tipo residencial (traslados e ingresos en centros residenciais), co seguinte detalle:

Motivos das baixas

	nº	%
Derivación a Dependencia	35	30%
Pasamento	41	36%
Ingreso en residencia	9	8%
Superar o tempo de baixa temporal	5	4%
Traslado con familiares	9	8%
Renuncia	5	4%
Outros	12	10%
Total	115	100%


Actuacións

Alarmas. O 5% foron alarmas técnicas e o 95% pulsacións dos usuarios. Destas últimas, tan só o 15% foron realizadas por emerxencias (sociais no 63% ou sanitarias). Das alarmas restantes, o 57% foron por peticións de información ou erros na pulsación.

Chamadas. O 87% das chamadas realizadas foron para o seguimento semanal e avisos. O 5% das chamadas estiveron relacionadas con emerxencias, destináronse ao reaseguramento da situación (53%), á a mobilización de recursos (38%) ou ao seguimento tras a emerxencia (9%).

Suspensións temporais e reinicios

Ao longo do ano producíronse 520 suspensións e 493 reinicios, con maior incidencia nos meses de verán e Nadal. As principais causas das suspensións foron o traslado con familiares (59%) e o ingreso hospitalario (29%), seguidos das vacacións (11%).



Servizos e programas destinados ao colectivo de persoas maiores

5.4 Programa de Coidadoras e coidadores de barrio

Descrición

Descrición e xustificación

O Programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social é un servizo que, con carácter voluntario, presta o Concello de Vigo coa finalidade de mellorar a calidade de vida das persoas en situación de vulnerabilidade por distintas razóns (enfermidade, mobilidade, saúde mental, etc.); en especial das persoas maiores con dificultades para realizar de forma autónoma as súas actividades na rúa, facilitándolles a integración no seu contorno, evitando o risco de exclusión social e as indesexadas situacións de reclusión na propia vivenda.

Orzamento

272.257.80 €

Obxectivos

Obxectivos de atención ás persoas:

- Prestar un servizo á cidadanía de Vigo máis vulnerable e con maiores dificultades de inclusión por razóns de idade, limitacións de mobilidade, discapacidades, carencia de rede familiar e/ou social, etc., a fin de que poidan realizar unha vida o máis normalizada posible, saír do seu illamento e ampliar a súa rede social.

- Garantir a protección dos dereitos das persoas maiores.
- Promover o desenvolvemento dunha existencia digna e autónoma no medio habitual da persoa e en todos os ámbitos da vida, en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

Obxectivos de inserción socio-laboral

- Incorporar ao mercado laboral a persoas para que se convertan en axentes activos do seu propio proceso de empregabilidade. As persoas contratadas como coidadoras e coidadores de barrio deberán pertencer aos colectivos de persoas en situación ou risco de exclusión social con especiais dificultades para acceder ao emprego.

Persoas destinatarias

Poderán ser beneficiarias persoas empadroadas en Vigo, en situación ou risco de vulnerabilidade (en especial, as persoas maiores) que teñan dificultades, físicas ou psíquicas, para levar a cabo por si mesmas algunha das súas actividades cotiás fóra da casa (nos termos que se establecen no Regulamento).

Acceso. O acceso a este Programa realízase por derivación das UTS de referencia das persoas interesadas en recibir os seus servizos, previa valoración profesional dos casos que acredite a súa situación e a idoneidade do recurso..

Organización do servizo

Tipo de xestión

Xestión municipal e contrato de prestación de servizos coa empresa de inserción socio-laboral Cormo Integral S.L.U. promovida pola Fundación Érguete-Integración, desde o 01/05/2020, por un prazo de dous anos, cun importe de adxudicación de 1.079.999,98 € (IVE incluído). Anuncio de formalización na *Plataforma de Contratación do Sector Público (30/01/20)*.

Recursos humanos

O Programa conta cunha persoa Coordinadora Xeral, 4 Coordinadoras das coidadoras de barrio e 29 persoas coordinadoras de barrio.

Persoas coidadoras e coidadores de barrio

O persoal adscrito ao Programa está integrado por persoas con especiais dificultades de incorporación socio-laboral, cumprindo así o obxectivo de converter a persoas usuarias dos servizos sociais en traballadores/as con todos os seus dereitos.

Para cada traballador/a, o contratista diseña un "Itinerario Personalizado de Inserción" (IPI) co fin de mellorar o seu perfil de empregabilidade durante o tempo de contrato, de cara á súa incorporación laboral no mercado laboral normalizado cando remate o mesmo.

A persoa traballadora debe cumprir este IPI, pactado previamente entre os Servizos Sociais, a Empresa de Inserción e o/a traballador/a, podendo ter unha duración variable.

Funcións

As persoas contratadas para este servizo realizan dous tipos principais de intervención:

- a. Acompañamentos e recados ás persoas usuarias.
 - Acompañamento ás persoas para realizar os seus labores cotiás: citas nos Centros de Saúde, farmacias, bancos, Administracións, relacións sociais coas persoas amigas e veciñas, etc.
 - Realización de servizos vitais tales como a adquisición de medicamentos e entrega ó/á interesado/a, compra de produtos de primeira necesidade para persoas con problemas de mobilidade, etc.
 - Axuda ás persoas con algún tipo de discapacidade, tanto para salvar as barreiras arquitectónicas que poidan existir como calquera outro tipo de axuda que poidan precisar (cruzar a rúa, acompañar cando precisen...).
- b. Rexistro de incidencias no espazo público que afecten á prestación do servizo e información á veciñanza.
 - Prestar axuda, atención e información ás persoas usuarias sobre os recursos sociais dispoñibles derivándoos, de ser o caso, ós centros e servizos onde os poidan atender.
 - Atención e detección rápida de posibles casos de maltrato e doutras posibles situacións de vulnerabilidade: desamparo, enfermidade,



soidade, deterioro cognitivo, carencias nutricionais, vítimas de estafas, deficiencias da vivenda, etc.

- Colaboración permanente cos servizos sociais do Concello de Vigo, cos servizos públicos municipais encargados do bo estado do espazo público (beirarrúas, limpeza, mobiliario urbano...) e cos servizos de emerxencias (policía, bombeiros, servizos de gas, alumeado, augas...).

Zonas de actuacións e horarios

O servizo distribúese en 5 zonas:


- **Casco Vello**, que abrangue as UTS de Casco Vello, Centro e Areal.
- **O Calvario**, correspondese coa área de intervención do CMSS Rivera Atienza.
- **Teis**, correspondese coa área de intervención do CMSS Teis.
- **Coia**, UTS de Castrelos, Coia e Litoral.
- **Travesas**, UTS de Balaidos-Comesaña, Industria, Independencia, e Sur.

Os horarios son de luns a venres 09:30 - 14:30h e 15:00 - 20:00h. En xullo e agosto de 09:30 a 14:30h.

Resultados

Poboación participante

O número de persoas usuarias foi de 135 persoas, das que o 81% foron mulleres e o 62% tiñan entre 76 e 90 anos e o 46% discapacidade.



O reparto por zonas foi equitativo, sendo Casco Vello e Bouzas as de maior número de usuarias.

Por idade e zona

	menos de 60	de 60 a 75 anos	de 76 a 90 anos	máis de 90 anos	total	%
Calvario	0	4	16	1	21	15,6%
Casco Vello	0	10	19	4	33	24,4%
Teis	2	5	8	4	19	14,1%
Bouzas	0	5	24	5	34	25,2%
Travesas	1	8	17	2	28	20,7%
Total	3	32	84	16	135	100%
% total	2,22%	23,70%	62,22%	11,85%		

É de destacar tamén que o 66% das persoas vivían soas.

Por unidade de convivencia

	soas	acompañadas	total	%
Calvario	14	7	21	15,6%
Casco Vello	16	17	33	24,4%
Teis	14	5	19	14,1%
Bouzas	23	11	34	25,2%
Travesas	22	6	28	20,7%
Total	89	46	135	100%
% total	65,93%	34,07%		

Baixas e renuncias

En total producíronse 8 baixas no servizo, por diferentes causas: defuncións, incumprimento de normativa Covid ou o feito de non precisar do mesmo.

baixas

	mulleres	homes	total	%
Calvario	1	0	1	12,5%
Casco Vello	4	0	4	50,0%
Teis	2	0	2	25,0%
Bouzas	1	0	1	12,5%
Travesas	0	0	0	0,0%
Total	8	0	8	100%
	% total	100,00%	0,00%	

E un total de 8 persoas renunciaron ao servizo. Entre as causas polas que as persoas renunciaron atópanse: ingreso en residencia, traslado de vivenda (a vivir cun fillo) ou o feito de non precisar do servizo.

renuncias

	mulleres	homes	total	%
Calvario	3	0	3	37,5%
Casco Vello	2	0	2	25,0%
Teis	1	0	1	12,5%
Bouzas	1	0	1	12,5%
Travesas	1	0	1	12,5%
Total	8	0	8	100%
	% total	100,00%	0,00%	

Actividades

Visitas domiciliarias

A visita domiciliaria é a ferramenta que permite facer unha valoración social da situación na que se atopa a persoa beneficiaria do servizo. Lévanse a cabo cando a persoa é dada de alta no programa para realizar unha valoración xeral da súa situación e acordar os servizos precisos e a súa pertinente temporalización.

Realizáronse 135 visitas, como corresponde coas 135 altas.


Acompañamentos

Os servizos realizados clasifícanse do seguinte xeito:

- **Acompañamentos de saída:** Acompañamento coa persoa beneficiaria (cando a acompañamos a dar un paseo ou a facer algún recado).
- **Recados:** Servizo que se realiza sen a persoa beneficiaria: ir ao supermercado, farmacia etc.
- **Acompañamentos médicos:** acompañamento coa persoa beneficiaria a consulta médica, hospital ou xestión dunha cita médica.
- **Acompañamentos con bolsas:** Servizo que se realiza sen a persoa usuaria, cando esta fai a compra ben sexa no supermercado, farmacia etc., e deixa alí as bolsas para que nos as traslademos ao domicilio.
- **Acompañamentos sociais:** Acompañamentos a SS.SS, entidades do terceiro sector, actividades lúdicas etc.



O servizo mais demandado foi o de paseo (72,32%), seguido dos recados (21,29%). Os servizos de acompañamento con bolsas, médicos ou os acompañamentos sociais son mais residuais.



Xestión de trámites administrativos

A maior parte de xestións realizadas (43,75%) foron de dependencia, seguida polas xestións de Xantar na Casa e AIS (18,75%).

Trámites administrativos por zona

	dependencia	discapacid.	Xantar na casa	AIS	Outros	total	%
Calvario	2	0	1	0	1	4	25,0%
Casco Vello	2	0	0	0	1	3	18,8%
Teis	0	0	0	2	0	2	12,5%
Bouzas	0	0	0	0	0	0	0,0%
Travesas	3	1	2	1	0	7	43,8%
Total	7	1	3	3	2	16	100%
% total	43,75%	6,25%	18,75%	18,75%	12,50%		

Rexistro de incidencias

As zonas nas que se rexistraron un maior número de incidencias foron Travesas (30,42%) seguido de Teis (25,75%).

Rexistro de incidencias por zona

	rúa	alum eado	pavi-mento	limpeza	outros	info. veciñ.	total	%
Calvario	136	8	115	34	1.167	125	1.585	11,7%
Casco Vello	347	19	200	237	680	149	1.632	12,0%
Teis	207	8	137	272	2.609	268	3.501	25,8%
Bouzas	508	27	604	254	1.040	308	2.741	20,2%
Travesas	782	2	230	728	2.121	273	4.136	30,4%
Total	1.980	64	1.286	1.525	7.617	1.123	13.595	10%
% total	14,56%	0,47%	9,46%	11,22%	56,03%	8,26%		

Persoal laboral do programa

O programa coidadores de barrio conta cun equipo fixo de 29 traballadores/as en situación de vulnerabilidade/exclusión social.

Neste primeiro semestre de execución pasaron polo programa 42 traballadores, tendo en conta o persoal laboral contratado para substitucións de baixas, co seguinte perfil:

Por idade e sexo

	mulleres	homes	total	%
de 18 a 30 anos	0	0	0	0,0%
de 30 a 45 anos	15	5	20	47,6%
de 45 a 60 anos	13	8	21	50,0%
máis de 60 anos	1	0	1	2,4%
Total	29	13	42	100%
<i>% total</i>	69,05%	30,95%		

É de destacar que a metade do persoal contratado ten entre 45 e 60 anos, ningunha persoa menor de 30 anos e a poboación contratada maior de 60 anos é residual.

Se temos en conta a variable sexo, podemos observar que a maior parte de mulleres contratadas teñen entre 30 e 45 anos e os homes entre 45 a 60 anos.

Do total das persoas contratadas 24 (57,1%) eran de orixe español e 18 (42,85%) estranxeiro. Contamos con traballadores/as de 13 nacionalidades diferentes, sendo as nacionalidades estranxeiras máis representadas Venezuela (4 traballadores) e Brasil (3 traballadores).

Nivel de estudos

A maior parte das persoas traballadoras contan con estudos primarios. Destaca o número de traballadoras con bacharelato (21,42%), superior ás que teñen o graduado en ESO (16,66%) ou as competencias chave (7,14%).

Estudos

	mulleres	homes	total	%
primarios	8	9	17	40,5%
graduado ESO	1	6	7	16,7%
competencias chave	0	3	3	7,1%
FP I	0	3	3	7,1%
FP II	1	2	3	7,1%
bacharelato	3	6	9	21,4%
Total	13	29	42	36%
<i>% total</i>	30,95%	69,05%		

Prestacións sociais

Das 42 persoas contratadas, 36 (o 85,71%) eran beneficiarias da Renda Activa de Inserción (RISGA) e as outras 6 (14,28%) (4 mulleres e 2 homes) ou ben parados de longa duración ou maiores de 45 anos.

Baixas

Ao longo do ano houbo 14 baixas na empresa. O motivo principal foi a finalización do contrato (traballadores que por exemplo cubriron baixas médicas), en 5 casos, e a non superación do período de proba, noutros 5, seguido das insercións laborais (3).

Itinerarios Personalizados de Inserción (IPI)

O obxectivo xeral dos plans de inserción é a mellora do perfil socio-laboral das persoas traballadoras para a incorporación efectiva a medio prazo no mercado laboral ordinario.

Unha parte importante dese proceso é a adquisición ou adaptación das competencias profesionais ás esixencias do mercado de traballo, a través da formación.

Por iso, o desenvolvemento dos Itinerarios Personalizados de Inserción para a adecuación ao posto de traballo, deben comprender:

- Actividades de formación laboral que inclúan: a adquisición de hábitos, aprendizaxe de tarefas, desenvolvemento de capacidades técnicas, adaptación ás demandas do posto de traballo, etc.

- Actividades para promover a estabilidade persoal e a participación social (conciliación da vida laboral e familiar, avaliacións de satisfacción laboral/persoal, análises de clima laboral, tarefas de promoción da saúde, uso adecuado do tempo, fomento do lecer etc.).

A formación realizada na empresa no proceso de inserción polas persoas coidadoras de barrio consistiu en 13 módulos por un total de 54 horas, cos seguintes contidos:

1. coidadores de barrio, formación específica do posto (2:30h)
2. Habilidades sociais, aspectos da conduta (2:30h)
3. Protección de datos de carácter persoal (2h)
4. Técnicas de mobilización a persoas dependentes (2h)

5. Atención a persoas en situación de rúa (1:30h)
6. Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres (5h)
7. Prevención de riscos laborais (2h)
8. Medidas de protección e prevención para a reincorporación da actividade laboral post covid-19 (2h)
9. Ferramentas e habilidades para o acompañamento de persoas con discapacidade visual (7:30h)
10. A e-administración ao teu alcance (3h)
11. Planificación da economía doméstica (4h)
12. Seguridade financeira en internet (4h)
13. Axentes de saúde muller (16h)

Ademais, aparte desta formación, facilitouse a realización de formación allea para contribuír a mellora do perfil de empregabilidade das persoas coidadoras de barrio, consistente en:

- Preparación das probas para a obtención do graduado en ESO na Fundación Érguete – Integración (4 traballadoras -3 homes e 1 muller-).
- Curso de manexo de aparatos elevadores (CEP), por un total de 64 horas (1 traballadora).
- Curso de caixeira e repoñedora (Cruz Vermella), por un total de 90 horas (1 traballadora).

Servizos e programas destinados ao colectivo de persoas maiores

5.5 Programa de Avellentamento Activo

Descrición

Descrición e xustificación

Segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS) o “avellentamento activo é un proceso de optimización das oportunidades de saúde, participación e seguridade co fin de mellorar a calidade de vida, a medida que as persoas maiores envellecen”.

Con esa idea, o programa municipal “Avellentamento Activo” organiza todos os anos **obradoiros** para persoas maiores nos centros ou asociacións sen ánimo de lucro da cidade e impulsa a organización, por parte dos colectivos de persoas maiores, de excursións con finalidade cultural, histórica e paisaxística a través do proxecto **Viaxa e coñece**.

Obxectivos

Ofrecer ás persoas maiores actividades de lecer saudables, que favorezan a participación e potencien as súas capacidades e habilidades para un bo avellentamento e a prevención da dependencia.

Destinatarios

Persoas con 65 anos ou máis, con autonomía para a realización da actividade solicitada, empadroadas no Concello de Vigo.

Centros, colectivos ou asociacións sen ánimo de lucro para persoas maiores localizadas no Concello de Vigo que contén, no caso da organización dun obradoiro, coas instalacións adecuadas para seu desenvolvemento e, no caso das excursións, que non se atopen en centros privados ou en centros que dependen da comunidade autónoma ou do goberno central.

*Incidencia da COVID

As limitacións e restricións ás actividades presenciais e aos desprazamentos, xunto coa especial vulnerabilidade das persoas maiores fronte aos efectos da pandemia, fixeron imposible a realización das actividades previstas para o 2020, que tiveron que ser suspendidas.

O orzamento previsto inicialmente foi de 46.500 €, que non chegaron a executarse.

Servizos e programas destinados ao colectivo de persoas maiores

5.6 Convenios en colaboración con entidades sociais

Convenio coa Fundación “Amigos dos Miores”

Descrición e xustificación

Entidade colaboradora

A Fundación “Amigos dos Miores” é unha organización sen ánimo de lucro que ten como fins principais contribuír ao benestar das persoas maiores, preferentemente daquelas que padecen unha situación de precariedade ou vulnerabilidade, que vivan soas ou que teñan dificultades físicas ou psíquicas e tamén á promoción e formación do voluntariado.

Na nosa cidade conta con persoal propio contratado e, fundamentalmente, con persoas voluntarias para atender a un número crecente de persoas maiores que viven ou se senten soas e traballa de xeito coordinado co Concello de Vigo a través dos “Coidadores de Barrio”, cos Centros de Saúde de Vigo e coas Residencias da Terceira Idade do Meixoeiro, Vigo I e Vigo II, desde onde se realizan derivacións de persoas maiores en situación de soidade e/ou illamento social.

Obxectivo do convenio

O acordo inclúe o desenvolvemento dun programa de acompañamento afectivo e relacional para as persoas maiores en Vigo nos anos 2019 e 2020, para contribuír ao benestar daquelas que estean en situación de illamento e/ou teñan

dificultades físicas ou psíquicas, ofrecéndolles apoio afectivo a través da acción de voluntarios/as cualificados/as.

Como obxectivos específicos establécense:

- a) Ofrecer apoio afectivo ás persoas maiores que sofren de soidade mediante o acompañamento domiciliario dun voluntario unha vez á semana.
- b) Proporcionar acompañamento afectivo individualizado e colectivo en residencias a persoas maiores en situación de soidade e illamento social.
- c) Favorecer a participación das persoas maiores, tanto das que viven en residencias como no seu domicilio, en actividades grupais adaptadas ás súas necesidades e que lles permitan saír do seu illamento e ampliar a súa rede social.

Xustificación

O Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun amplo colectivo de persoas maiores na cidade que teñen a necesidade de acudir a este tipo de programas para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais o convenio, autorizado pola Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, constitúe un complemento idóneo dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello para as persoas maiores

como son o “Servizo de Axuda a Domicilio” (SAF), o Programa “Xantar na Casa”, o Servizo de Teleasistencia domiciliaria, as actividades do Programa de “Avellentamento activo”, etc.

Orzamento: 20.000 €.

Organización do servizo

O proxecto fundaméntase no traballo en rede e a coordinación cos distintos axentes sociais implicados para a detección e derivación de casos de persoas maiores en risco de soidade e inclúe diversas actividades, diferenciando entre aquelas centradas no apoio afectivo a persoas maiores soas e aquelas enfocadas á xestión e promoción do voluntariado.

Apoio emocional a persoas maiores

Programa de acompañamentos

- Acompañamento a domicilio: consiste nunha visita semanal dunha persoa voluntaria a unha persoa maior que vive e/ou se sente soa.
- Acompañamento en residencias: o obxectivo é aliviar a soidade e as situacións de illamento social das persoas maiores que viven en centros residenciais e que, por diferentes motivos, teñen un contacto limitado co exterior e/ou coa súa rede social ou familiar.

Programa de actividades

- Ocio inclusivo: as persoas maiores gozan de oportunidades de relación e entretemento a través da asistencia a actividades regulares como

saídas, encontros ou excursións adaptadas dun día, así como a participación en grandes actos de celebración de festas tradicionais.

- Encontros no barrio: é unha actividade organizada por zonas na que un grupo de maiores, acompañados/as polos seus voluntarios/as, reúnen para compartir unhas horas en grupo nalgún lugar próximo ao seu domicilio.
- Saídas culturais e obradoiros: saídas ou obradoiros dun día, que contribúen á socialización e a proporcionar tempo de lecer e diversión para as persoas maiores e os voluntarios/as que lles acompañan.

Programa de socialización

- Actos/festas tradicionais: dúas veces ao ano invítase a todas as persoas maiores e voluntarios/as da organización a participar en eventos onde poidan compartir experiencias e vivencias nun contorno lúdico e festivo e fortalecer as relacións entre eles. Trátase de festas interxeneracionais nas que se celebra a chegada do verán e o Nadal.

Resultados

En total, o proxecto a través das distintas actividades atendeu a 112 persoas maiores e mobilizou a 104 persoas voluntarias.

Realizáronse 9 actividades de socialización (saídas, ocio...) nas que participaron 126 persoas, 50 encontros en barrios con 266 participacións e dous eventos de socialización con 102 participacións.



*Incidencia da COVID

O proxecto desenvolveuse con reaxustes necesarios dada a incidencia da Covid19 durante gran parte da súa execución.

Aínda así, desde a entidade deuse unha rápida resposta e adecuación dos seus recursos á nova realidade e púidose levar a cabo unha actividade case normalizada a través de medios virtuais e telemáticos, asegurando o cumprimento do obxectivo principal: aumentar o benestar das persoas maiores e reducir a súa soidade non desexada e illamento social a través do afecto.

No contexto derivado da Covid-19, os acompañamentos físicos pasaron a ser acompañamentos por medios telemáticos.

A frecuencia mantívose e en moitos casos aumentou. Para facilitar este tipo de acompañamento enviáronse dous tablets á CRAPD Vigo I e II e ao Centro de Atención a Persoas con Discapacidade.

En canto ás accións presenciais e grupais (actividades de socialización, encontros no barrio e festas), son as que se viron máis afectadas, por razóns obvias.

Actividades de socialización. Aínda que xa case se alcanza o número de actividades previsto, non ocorre o mesmo co número de participantes, debido ás restricións no número de participantes, a dificultade de organizar actividades e o medo das persoas participantes a xuntarse por posibles contaxios.

Encontros no barrio. Suspendidos durante o confinamento renováronse cando houbo posibilidade pero foi imposible alcanzar o número previsto inicialmente.

Como no caso das actividades de socialización, debido ás limitacións de aforo principalmente, non se puido alcanzar o número de participacións esperado. Eventos de socialización Non se puido celebrar a tradicional festa de verán e, para compensar, decidiuse celebrar o 1 de outubro, día internacional das persoas maiores.

_06 SERVIZOS E PROGRAMAS DESTINADOS AO COLECTIVO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE



Servizos e programas destinados ao colectivo de persoas con discapacidade

6.1 Programa Lecer no verán

Descrición

Descrición e xustificación

A Concellería de Política Social desenvolve, en colaboración con Pasovigo, un programa de lecer e respiro familiar de carácter non permanente, dirixido a persoas con discapacidade a través de actividades como saídas á praia, á piscina, paseos no entorno, obradoiros de cociña, disfraces, manualidades, obradoiros de reciclaxe, coidado e monta de cabalos, etc.

Orzamento 28.364,28 €

Obxectivos

- Ofrecer ás persoas usuarias un servizo de ocio que cubra o tempo de lecer nos meses nos que as entidades non teñen actividade
- E liberar ás familias servindo como respiro familiar para dar o apoio necesario na atención dentro do núcleo familiar.

Destinatarios

Persoas con discapacidade empadroadas no Concello de Vigo, dos 6 aos 65 anos de idade. As solicitudes preséntanse a través do Rexistro Xeral municipal ou por calquera dos medios previstos legalmente.

Organización do servizo

Tipo de xestión

Xestión municipal

Recursos humanos

A técnica municipal responsable do proxecto realiza a programación, coordinación e a supervisión continua das actividades durante os meses de xullo e agosto

A execución do proxecto correu a cargo da Asociación Xuvenil Abertal.

O equipo de profesionais estivo composto por 2 coordinadores (un de transporte o outro de actividades), 9 monitores/as contratadas ao longo das tres semanas de xullo e 15 monitores/as contratadas ao longo das tres semanas de actividade de agosto.

A ratio de atención mantense en todo momento moi elevada, aproximadamente, de un profesional cada tres persoas usuarias.



Funcionamento do programa

O programa desenvólvese nos meses de xullo e agosto no museo Verbum, en Samil, nun total de seis semanas de actividades.

Para o seu funcionamento, por tanto, o proxecto divídese en dous grupos:

- No mes de xullo, “Divírtete no verán”, cun máximo de 15 prazas por semana e preferencia ao menores de 30 anos, do 13 ao 31 de xullo.
- No mes de agosto, “Verán do lecer”, cun máximo de 20 prazas por semana e preferencia ao maiores de 30 anos, do 5 ao 30 de agosto.

O tempo mínimo que se pode solicitar é unha semana de luns a venres e como máximo poden solicitarse dúas por mes. É posible solicitar varias quendas, cun máximo de dúas semanas ao mes, tendo prioridade a concesión da quenda solicitada en primeiro lugar.

A actividade require das achegas das persoas participantes, cunha cota de inscrición de 18 € semanais. En agosto estivo dispoñible un servizo de comedor por 25 € á semana.

O transporte é gratuíto para as persoas que o precisen, prestando o servizo a través da contratación (a cargo do Concello) de taxis públicos e a colaboración de Vitrasa co servizo especial para Persoas con Mobilidade Reducida (PMR).

*Incidencia da COVID

Tanto en xullo coma en agosto os participantes dividíronse en tres grupos por temas de mobilidade das persoas usuarias, polas ratios necesarias para unha atención directa axeitada, que facían as actividades de forma rotativa e polas medidas de saúde e hixiene derivadas da COVID19.

Por este último motivo, os grupos permaneceron inalterables en canto as persoas usuarias e monitores/as, creando así una unidade de convivencia e facilitando o rastrexo en caso dalgún positivo por COVID19.

Á súa vez, á chegada de cada usuario/a e traballador/a e antes de entrar no Verbum e ser derivado/a ao seu grupo de referencia, tomábaselle a temperatura diariamente, aplicando o protocolo COVID19, en caso de que algún presentara unha temperatura maior a 37,5º, informábase á familia da circunstancia para que o derivara ao centro de saúde e poder descartar o posible positivo.


Ademais, a pesar de ser un colectivo exento da obrigaçión de levar máscara, na meirande parte dos casos esixíamos o seu uso a todos e todas, sobre todo e lugares pechados.

Resultados

Participantes

Participaron nas actividades un total de 59 persoas distintas, o 61% con idades comprendidas entre os 10 e os 29 anos.

O 59,3% foron homes, fronte ao 40,7% de mulleres.



Procedencia

Case todas as persoas participantes (excepto catro) tiñan relación previa con algún centro educativo ou de discapacidade. En concreto, rexistráronse relacións con un total de 15 centros, entre os que destacan ASPANAEX e o Saladino Cortizo (con 15 participantes cada un) ou Alento (con 9).

Outros centros con persoas participantes foron Juan María, Menela, APAMP, ASPAVI, Fonte Escura, Arca, San Rafael, San Francisco, Fundación Igualarte, PAI MENNI (Betanzos), Nuestra Señora de la Esperanza e Bembrive.

Tipo de discapacidade

As persoas destinatarias do proxecto presentaban diferentes tipos de discapacidades (física, sensorial, psíquica ou ambas destas anteriores), precisando niveis de apoio ben diferenciados.

Participantes por tipo de discapacidade

		%
Discapacidade física	2	3,4%
Discapacidade psíquica	29	49,2%
Discapacidade sensorial	0	0,0%
Discapacidade física e psíquica	14	23,7%
Discapacidade psíquica e sensorial	3	5,1%
Discapacidade física e sensorial	5	8,5%
Discapacidade física, psíquica e sensorial	0	0,0%
sen datos	6	10,2%
	59	100%

Servizos complementarios

Transporte

Durante a actividade o transporte, tanto de recollida como de volta, xestionouse a través de taxis, eurotaxis e o servizo PMR de Vitrasa.

Todos os taxis levaron unha persoa monitora como acompañante durante os traxectos e, aquelas persoas que empregaban cadeiras de rodas sen transferencia utilizaban os eurotaxis, adaptados para fixar ese tipo de cadeira.

Persoas con necesidade de transporte por semana

	cadeira eléctrica	cadeira manual	con transferencia	sen cadeira de rodas	total
semana 1 (xullo)	0	2	1	12	15
semana 2 (xullo)	0	2	1	12	15
semana 3 (xullo)	0	3	1	8	12
semana 4 (agosto)	2	2	2	12	18
semana 5 (agosto)	1	3	2	12	18
semana 6 (agosto)	1	2	1	11	15



Servizos e programas destinados ao colectivo de persoas con discapacidade

6.2 Programa Bonotaxi

Descrición

Descrición e xustificación

O programa de “Subvencións destinadas a proporcionar, mediante a utilización de bono-taxi, un medio alternativo de transporte adaptado a persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade” ten por obxecto establecer axudas económicas de carácter individual para posibilitar un medio de transporte alternativo a aquelas persoas que, por razón da grave dificultade de acceso, non poden utilizar o transporte público colectivo, co obxecto de proporcionarlles un servizo de desprazamento en taxi.

Os servizos de taxi serán persoais, tendo como finalidade favorecer os desprazamentos mediante a utilización dos taxis públicos de Vigo e para uso exclusivo no termo municipal de Vigo.

Orzamento

19.700 €.

Destinatarios

Persoas con discapacidade que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar empadroadas no municipio de Vigo cunha antigüidade dun ano, anterior á apertura do prazo da convocatoria e permanecer de alta no padrón municipal mentres perciba a axuda.
- Ter catro anos de idade cumpridos antes da finalización do prazo para solicitar as axudas.
- Ter recoñecida legalmente discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.
- Non constar como titular de vehículo automóbil propio.
- Non dispor duns ingresos per cápita brutos superiores a 2,5 do IPREM vixente (16.135,20€ anuais ou 1.344,60 mensuais).

Acceso ao servizo

As solicitudes preséntanse a través do Rexistro Xeral municipal ou por calquera dos medios previstos legalmente no prazo de vinte días naturais, contado desde o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria (pódese consultar na [web de Transparencia](#) do Concello).

Organización do servizo

As persoas beneficiarias das axudas económicas reciben unha tarxeta prepagamento non recargable que se carga no momento da concesión e da que se irán descontando os importes dos servizos realizados ata a finalización da cantidade concedida ou do prazo establecido.

A proposta de resolución para a concesión das subvencións corresponderá o órgano instrutor previa avaliación da Comisión de Valoración formada polo Xefe de Área de Benestar social, a Xefa do Servizo e a técnica responsable do programa. A Xunta de Goberno Local acorda conceder ou desestimar as subvencións con cargo á partida e polo importe máximo sinalado.

O importe das axudas non pode superar a cantidade anualmente presupostada para esta finalidade, repartíndose a contía entre as persoas beneficiarias segundo os tramos de ingresos que a continuación se sinalan:

Capacidade económica da persoa usuaria

	subvención
Entre 0 e 600,00€	300,00 €
Entre 600,01€ e 800,00€	200,00 €
Entre 800,01€ e 1.344,60€	100,00 €

Para establecer a lista de concesión do “bono-taxi” e a asignación do importe da subvención tense en conta os recursos económicos da persoa solicitante por orde inversa á súa contía mensual.

Cando o Concello teña coñecemento de que unha persoa usuaria non vaia a facer uso da tarxeta (por falecemento, traslado fora do termo municipal, etc.) e o saldo existente sexa superior a 100€ será adjudicado á seguinte persoa da lista de agarda.

O Concello de Vigo poderá denegar esta subvención a aquelas persoas das que teña constancia fidedigna de que a súa situación de dependencia lle impide o desprazamento en taxi.


Resultados

O programa tivo 112 solicitudes, das que 26 foron de persoas que ata agora nunca a solicitaran.


O 72% das persoas solicitantes foron mulleres (un total de 80 persoas) e o 28% homes (32 persoas).

Do total, 99 foron concedidas e 13 denegadas.

As denegacións debéronse a tres motivos: superar os ingresos (42,9%), ter vehículo propio (28,6%) ou presentar a solicitude fora de prazo (28,6%).



As concesións estiveron repartidas case por igual entre os tres tramos ingresos posibles das beneficiarias, diminuindo a proporción de mulleres a medida que aumenta a capacidade económica.



Servizos e programas destinados ao colectivo de persoas con discapacidade

6.3 Outros proxectos e convenios en colaboración con entidades sociais

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos municipais fomentarán, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade, complementariedade coa oferta pública de servizos sociais e se adecúen aos obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

O texto posibilita ademais que, por razóns xustificadas de interese público, se podan subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

A Concellería de Política Social, coñecedora da existencia de colectivos de persoas na cidade coa necesidade de acudir a ese tipo de recursos para mellorar a súa calidade de vida e a das súas familias asume programas en colaboración con entidades e convenios singulares como complemento dos servizos dos que dispón o Concello de Vigo.

A continuación inclúese a información destas colaboracións.

*Incidencia da COVID

A crise sanitaria ocasionada polo coronavirus e as medidas de confinamento e limitación de contacto e desprazamentos fixeron imposible a realización dalgunhas das actividades previstas como o **Proxecto “De boa man”**, consistente na venta na rúa dos produtos realizados por persoas con discapacidade nos talleres ocupacionais que, pola súa propia definición non puido abordarse ou o **Programa de “Respiro Familiar”** en colaboración coa Fundación Menela, dirixido a familiares e cuidadores habituais de persoas afectadas por algunha discapacidade a través de estanzas de curta duración das persoas con discapacidade no edificio CAMI da Fundación Menela.

O resto de actividades realizáronse coas limitacións e adaptacións adecuadas á situación.



Programa “Move o teu corpo con xeito”

Descrición e xustificación

Proxecto desenvolvido pola Concellería de Política Social, en colaboración coa Asociación para o síndrome de Down de Vigo ten como obxectivo a mellora do desenvolvemento psicomotor e a mellora do nivel social e afectivo das persoas con Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.

O proxecto consiste nun obradoiro de psicomotricidade no que se traballan as habilidades motrices básicas e capacidades físicas, expresando a actividade corporal en movementos simples e combinados a través de acción lúdicas. O programa divídese en tres bloques de contido teórico e práctico: “Móvome na miña cidade”, “Móvome no meu tempo libre” e “Móvome na sociedade”.

No obradoiro de psicomotricidade trabállanse desprazamentos, lateralidade, coordinación dinámica, control tónico, control postural, respiración, habilidades motrices básicas como: saltos, equilibrios, xiros; estruturación espazo-temporal... e tamén outros aspectos como a cooperación, a interacción con iguais, a distensión, etc. mediante dinámicas, danzas e xogos grupais.

As persoas beneficiarias directas do programa foron 97 e as indirectas 291 familiares e 21 persoas voluntarias. O elevado número de persoas usuarias segue amosando o elevado valor que o programa ten para as familias e persoas con síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual de Vigo e arredores.

Orzamento: 6.010,12 €.

*Incidencia da COVID

O confinamento obrigou á suspensión das actividades presenciais de aula, que foron realizadas telemáticamente, así como a das saídas pola cidade e saídas culturais, tamén suspendidas durante as restricións.

Durante ese período organizáronse actividades en fichas semanais para entregar ás familias, sesións telemáticas grupais nas que traballar contidos, animarse e acompañarse mutuamente, videochamadas grupais de ocio dos diferentes grupos e fíxose entrega ás familias e persoas usuarias de diferentes recursos de interese: documentos, enlaces, vídeos, aplicacións, etc.



Convenio coa “Asociación de Axuda aos Enfermos Mentais DOA”

Entidade colaboradora

A “Asociación de Axuda aos Enfermos Mentais DOA” é unha entidade sen ánimo de lucro que traballa no tratamento e mellora da calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental e as súas familias coa finalidade de acadar a normalización social así como o axuste persoal, laboral e familiar das persoas que padecen estas doenzas e sensibilizar á sociedade nestes aspectos.

DOA ven desenvolvendo desde hai anos diferentes servizos e actividades de apoio e rehabilitación psicosocial, laboral e familiar, programas de pisos tutelados, servizos de información, orientación e asesoramento, sensibilización social, formación, centros de rehabilitación psicosocial, etc.

Orzamento: 10.000 €.

Descrición e xustificación

Obxectivo do convenio e organización do servizo

A Concellería de Política Social colabora con DOA no desenvolvemento do “Obradoiro de cartón-pedra, coiro e cartonaxe” para persoas con enfermidade mental.

Os obradoiros teñen como obxectivos fomentar a adquisición de habilidades manuais das persoas participantes, diminuír o tempo dedicado a pensamentos

proprios da súa doenza, fomentar a súa socialización compartindo un traballo en común (cartón-pedra, coiro, serigrafía) e fomentar a adquisición dos hábitos propios do desempeño dun traballo normalizado (cumprimento de horarios, normas...).

Ademais, a actividade busca obxectivos diferentes en función das persoas asistentes, como:

- Naquelas persoas cun menor grao de afectación o obxectivo é a capacitación para unha posible integración laboral, potenciando as súas capacidades para lograr a realización persoal.
- Mentres que, nas persoas cun maior grao de afectación, o obradoiro proporciona un lugar estable e con permanencia no tempo que posibilite o desenvolvemento persoal e a integración social, así como o mantemento (ou mellora nos casos nos que sexa posible) das capacidades cognitivas.

No 2020 participaron no obradoiro un total de 15 persoas.

*Incidencia da COVID

No confinamento DOA realizou o seguimento e intervención con medios telefónicos, novas tecnoloxías e entrega de materiais para a estimulación de diferentes habilidades das persoas. A intervención presencial foi realizada exclusivamente en casos de urxencia e mantendo as medidas de seguridade axeitadas.



Convenio coa “Asociación de Personas Sordas de Vigo”

Entidade colaboradora

A “Asociación de Personas Sordas de Vigo” (ASV) é unha ONG que ten como finalidade principal mellorar a calidade de vida das persoas xordas e que traballa para acadar o recoñecemento legal e social da lingua de signos e a eliminación das barreiras de comunicación en todos os ámbitos da vida social como medio para fomentar a autonomía e independencia deste colectivo.

Orzamento: 20.000 €.

Descrición e xustificación

Obxectivo do convenio

O convenio de colaboración trata de fomentar a supresión de barreiras na comunicación a través da prestación do servizo de intérprete de lingua de signos española (LSE) que a ASV se compromete a poñer a disposición da Concellería de Política Social para colaborar na realización de actividades que faciliten a comunicación directa ás persoas con discapacidades auditivas do municipio de Vigo e cubrir servizos necesarios como a asistencia a reunións, despachos profesionais, comparecencias en tribunais, consultas médicas, conferencias e cursos organizados polo Concello ou a ASV.

Os beneficiarios potenciais son as 2.193 persoas en posesión do certificado de discapacidade auditiva no Concello de Vigo.

Organización do servizo

O servizo pode ser solicitado por calquera persoa xorda ou oínte, ou por entidades públicas e privadas que necesiten manter unha comunicación coas persoas xordas seguindo o sistema de “chamada previa”, é dicir, que as persoas que precisen os servizos da intérprete deben chamar con antelación á ASV, comunicando os seus datos persoais, data, lugar e materia para a que se require o servizo.

É totalmente gratuíto para as persoas usuarias e o horario de prestación do servizo é flexible e estímase en 48 horas semanais.

No 2020 realizáronse un total de 953 servizos.

*Incidencia da COVID

No 2020 o volume de servizos sufriu un lixeiro descenso motivado polo estado de alarma e o confinamento. Un total de 30 servizos tiveron que ser anulados, dos cales 27 eran citas médicas que foron canceladas desde o SERGAS por causa da Covid19.

As chamadas telefónicas realizadas nos meses de pandemia por parte das persoas usuarias aumentaron pola nova modalidade de videochamada que se puxo á súa disposición.

Pese a existencia desta nova modalidade, indicar que durante o estado de alarma non se eliminaron por completo os servizos presenciais e aqueles, especialmente os médicos, que pola súa importancia debían ser feitos presencialmente seguíronse cubrindo deste xeito.



Convenio coa “Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia”

Entidade colaboradora

A Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia (AFAGA) é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como principal obxectivo prestar atención social específica ás familias e persoas que padecen estas enfermidades.

Entre as súas actividades conta cun “Programa de respiro familiar a través de sesións de estimulación cognitiva e funcional para persoas con demencia neurodexenerativa”.

Orzamento: 18.000 €.

Descrición e xustificación

Obxectivo do convenio

A Concellería de Política Social colabora con AFAGA no desenvolvemento do “Programa de respiro familiar a través de obradoiros de estimulación cognitiva e funcional para persoas con demencia neurodexenerativa”.

Organización do servizo

O programa, destinado a persoas con algún tipo de demencia neurodexenerativa e á súa rede de apoio, inclúe unha serie de obradoiros que teñen como obxectivos específicos manter as capacidades mentais e funcionais o máximo tempo posible, evitar a desconexión e fortalecer as relacións sociais, facilitar un descanso aos cuidadores e/ou familiares e mellorar o seu estado emocional.

Os obradoiros semanais van dirixidos a traballar aspectos cognitivos (orientación temporo-espacial, memoria, linguaxe, etc.), aspectos funcionais (manter a independencia en actividades básicas da vida diaria (ABVD), en actividades instrumentais (AIVD), psicomotricidade, etc.).

Ademais, o programa pretende tamén proporcionar información e apoio emocional aos familiares no proceso da enfermidade, procurarlles un tempo de descanso con actividades lúdicas e dotarlles de coñecementos prácticos en relación á atención e cuidados dos enfermos con demencia.

Para a derivación de persoas usuarias polos servizos sociais municipais séguese o criterio de que non teñan gravemente afectada a súa capacidade motora e poidan, polo tanto, seren obxecto de estimulación.

A participación no programa non ten cargo ningún para os beneficiario, participando no 2020 un total de 129 persoas entre todos os obradoiros.

*Incidencia da COVID

Durante o tempo que a actividade presencial estivo restrinxida coma consecuencia das medidas sanitarias as persoas usuarias do programa recibiron atención en modalidade domiciliaria ou a distancia.



Convenio coa “Asociación española contra o cancro”

Entidade colaboradora

A AECC é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como propósito loitar contra o cancro en todas as modalidades coñecidas, ou que se coñezan no futuro. A fin de mellorar a calidade de vida das persoas diagnosticadas de cancro e das súas familias desenvolve, entre outros, programas de atención psicosocial, así como de prevención e de sensibilización destinados á poboación en xeral.

Orzamento: 7.000 €.

Descrición e xustificación

Obxectivo do convenio

Colaborar activamente na execución do “Programa de atención psicosocial ao doente oncolóxico e aos seus familiares” co obxectivo xeral de mellorar a calidade de vida das persoas diagnosticadas de cancro e as súas familias, a través de programas específicos de intervención psicolóxica individual, grupal e social, actividades de ocio e tempo de lecer, programas de voluntariado testemuñal, de inserción laboral, etc.

En concreto, en virtude do convenio a AECC comprométese a atender a 25 doentes oncolóxicos e 25 familiares de doentes derivados pola Concellería de Política Social empadroados en Vigo.

Organización do servizo

O programa de atención psicosocial conta con tres áreas de traballo ou departamentos:

O departamento de traballo social, no que se ofrece todo tipo de información e asesoramento sobre as enfermidades cancerosas e as súas posibles terapias para persoas enfermas de cancro nos estadios iniciais ou intermedios, así como a familiares en situación de risco social. Ademais, xestiónanse axudas sociais e económicas de urxencia, así como outros programas de alimentos, a comunidade terapéutica Vitalia, “Volver a falar” ou o programa de inserción laboral.

O departamento de psicoloxía, no que se presta atención psicolóxica individualizada ás persoas enfermas de cancro nos estadios iniciais ou intermedios e á súa familia. Tamén conta con programas específicos para mulleres diagnosticadas de cancro de mama, actividades de ocio e lecer ou programa de deshabitación tabáquica. Estes servizos préstanse na sede da AECC, nos domicilios ou nos hospitais..

E, por último, o equipo de atención psicosocial a enfermos terminais e cuidadores principais pretende complementar as actuacións dos equipos de hospitalización a domicilio dos Hospitais Públicos de Vigo a través de accións multidisciplinares, promovendo a atención das necesidades de índole psicosocial dos enfermos terminais e os seus familiares. O equipo ten a súa base no Complexo Universitario Hospitalario de Vigo (CHUVI).

En total, no 2020 atendeuse a 789 persoas beneficiarias.



Convenio coa “Asociación Galega S. Francisco”

Descrición e xustificación

A “Asociación Galega San Francisco” (AGASFRA) é unha asociación privada sen ánimo de lucro que leva traballando desde hai moitos anos na protección das persoas con discapacidade intelectual e a axuda ás súas familias. Ten como fins específicos, entre outros, acadar a efectiva realización da promoción integral das persoas con discapacidade, fomentar e potenciar o movemento asociativo de pais e familiares afectados e promocionar, amparar ou tutelar os centros e servizos que realicen labores de prevención e atención precoz destas persoas.

Para o cumprimento deses fins e de acordo cos seus Estatutos, AGASFRA ven desenvolvendo diferentes servizos e actividades de apoio e estimulación, educativas, asistenciais, laborais, de lecer e tempo libre, etc.

Orzamento: 4.000 €.

Entidade colaboradora

Obxectivo do convenio

O convenio ten como obxectivo colaborar activamente na execución do proxecto “Xornadas de convivencia entre as persoas con discapacidade intelectual e as súas familias e obradoiros de estimulación e lecer promovidos polo Concello de Vigo”

A actividade trata de ofrecer á persoa con discapacidade intelectual os recursos e apoios necesarios para que poida exercer o seu dereito a un lecer individual e compartido en igualdade de condicións que o resto da comunidade.

Ademais de actividades centradas nos intereses das persoas con discapacidade tamén se levan a cabo outras que supoñen, non só un momento de ocio, senón tamén unha importante oportunidade de convivencia co resto da comunidade a través daqueles axentes máis próximos. Para as persoas con discapacidade intelectual é pouco frecuente poder explicar desde o seu punto de vista a súa realidade, así como falar das súas capacidades, polo que algunhas das actividades desenvolvidas supuxeron unha posibilidade de mellora do seu autoconceito.

Por último, outro grupo de actividades fanse coa finalidade de facilitar momentos de ocio das persoas con discapacidade en convivencia coas seus familiares.

*Incidencia da COVID

A crise sanitaria provocou o peche dos Servizos de Atención Diúrna Terapéutica e Atención Diúrna Ocupacional, así como o Centro de Educación Especial.

Tamén supuxo as restricións nas saídas, visitas e actividades no exterior das persoas usuarias dos Servizos de Atención Residencial Terapéutica e Atención Residencial Terapéutica Ocupacional.



_07 SERVIZOS E PROGRAMAS DESTINADOS AO COLECTIVO DE PERSOAS MIGRANTES

7.1 Programa de asesoramento e atención social

Descrición do servizo

Descrición e xustificación

A cidade de Vigo conta (a 1 de xaneiro de 2021) cunha poboación estranxeira total de 18.169 persoas, que supón o 6,12% da poboación total da cidade (296.692 persoas).

Nun ano atípico, o ano 2020, marcado pola pandemia, os meses de confinamento, a perda de empregos e o estado de alarma, a poboación inmigrante non permanece allea a estes cambios, máis ben ao contrario, xa que como poboación vulnerable sofre unha maior perda de empregos, ás veces irregulares, precarios ou no sector servizos, que poden afectar ós procedementos de regularización de menores asociados ós medios económicos dos proxenitores, ós reagrupamentos e outros procesos relacionados coas autorizacións de residencia e traballo.

De igual modo, o peche temporal de fronteiras a nivel mundial tamén afecta ós procesos de reagrupamento familiar, á chegada que persoas que previsiblemente poderían solicitar unha autorización ao cabo de tres anos, etc.

O Concello de Vigo asumiu no ano 2020 un menor número de persoas migrantes empadroadas, así como un menor número de informes de vivenda emitidos polo servizo de Atención a persoas estranxeiras, comparando con anos anteriores e a consecuencia do mencionado.

Compre salientar o esforzo da administración por adaptarse á nova atención das persoas usuarias na pandemia, a reorganización do servizo, que a partir do estado de alarma ofreceu unha atención maioritariamente telefónica, valorando cada profesional a necesidade de citas presenciais e facilitándollas ás persoas que a precisaron (ademais de manter entrevistas presenciais e visitas a domicilios para a emisión dos informes).

O Concello de Vigo conta dende hai máis de quince anos cunha oficina de información específica á poboación estranxeira residente no municipio. A cidade fixo en todos estes anos un gran esforzo de acollida e integración realizando accións específicas e cumprindo amplamente coas competencias dadas pola Comunidade Autónoma nesta materia. Ademais destas actividades, tamén proporciona asesoramento nos temas relativos ao feito migratorio, así como aos emigrantes retornados.

Este servizo ten como fin principal “prever a exclusión de grupos vulnerables de características homoxéneas e facilitar a súa inserción e normalización social”. Mais concretamente en informar e asesorar especificamente á poboación estranxeira extracomunitaria e cumprir coas competencias asinadas dende a comunidade autónoma realizando os distintos informes (de arraigamento, vivenda, etc.) destinados á inclusión social da poboación á que se dirixe.

Tipo de xestión

Xestión municipal.

Recursos humanos, materiais e orzamento.

O programa de información contou cunha traballadora social e con un avogado, aparte do persoal administrativo.

Doutro lado, como se mencionou, para facilitar a comunicación das profesionais con persoas de todos os países do mundo, o servizo de migracións contou cun servizo de tradución telefónica, a 54 idiomas, accesible dende todos os centros municipais de servizos sociais como dende a propia oficina de migracións. O custe foi de 5.808 €.

Destinatarios

A poboación estranxeira, comunitaria e extracomunitaria, empadroada na cidade de Vigo, así como as persoas emigrantes retornadas.

Acceso ao servizo

Mediante a cita previa, agás situacións consideradas de urxencia. As citas poden ser solicitadas polas persoas interesadas directamente ou ben por derivación dos servizos sociais municipais.

Obxectivos

Os obxectivos xerais da oficina, recollidos no I Plan das Migracións e Convivencia Intercultural de Vigo son propiciar a integración social e económica das persoas inmigrantes e emigrantes retornadas que viven en Vigo, garantindo a igualdade de oportunidades de todas elas e en todos os ámbitos, e contribuír á creación dunha nova sociedade en Vigo, caracterizada pola diversidade cultural e social, o respecto a esa diversidade e o desenvolvemento de relacións de convivencia pacífica.

Os obxectivos específicos son:

- Informar e asesorar sobre os dereitos e obrigas das persoas estranxeiras, prestando asesoría xurídica naqueles aspectos legais suscitados por mor da súa chegada ao país así como nos distintos procedementos de autorizacións de residencia e traballo.
- Xestionar os informes necesarios nos procedementos de arraigamento, reagrupamento familiar, regularización de menores, renovación por cambio de domicilio, entre outros.
- Facilitar a integración socio – laboral de todas as persoas inmigrantes, favorecendo este proceso a través dunha intervención integral coordinada do servizo de persoas estranxeiras cos servizos sociais comunitarios básicos.

Organización do servizo

O **programa de asesoramento e atención social** ofrece información relacionada co réxime de estranxeiría e as migracións, así como a elaboración de distintos informes técnicos preceptivos para favorecer a regularización e normalización do colectivo de persoas migrantes de competencia municipal, como:

- Informes de inserción nos procedementos de arraigamento social.
- Informes de vivenda nos procedementos de reagrupamento familiar e nos casos de regularización de menores.
- Informes sobre emigrantes retornados nos procedementos de axudas extraordinarias autonómicas ou estatais.

O programa ofrece tamén todo tipo de orientacións sobre recursos sociais, educativos, sanitarios, prestacións, si como para a procura de emprego para inmigrantes e emigrantes retornados/as.

O Concello conta tamén cun **servizo de tradución** telefónico, a 54 idiomas, que naceu por demanda do servizo de migracións pero que se converteu nun recurso transversal para uso tanto dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos (UTS e Servizo de Información, Valoración e Orientación) como dos Servizos Comunitarios Específicos (Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social -CIIES- e os propios programas destinados ao colectivo de persoas migrantes).

E, o **servizo de mediación intercultural** que, a partir de novembro de 2018, pasou a formar parte do contrato do Programa Socio Educativo e de Apoio Familiar (PSEAF), derivando os casos que o necesitan e coordinando a intervención.

Resultados

Comparando con anos anteriores o incremento de poboación estranxeira na cidade é moi inferior, rexistrando so 374 persoas estranxeiras máis no Padrón Municipal de Habitantes entre xaneiro de 2020 e xaneiro de 2021, cando no anterior ano o incremento foi de 2.516 persoas.

Por nacionalidade podemos ver que o maior incremento e nas nacionalidades venezolanas e colombianas, coincidente coas nacionalidades que maioritariamente demandaron protección internacional no conxunto do estado, segundo datos do Ministerio de Interior.

Podemos dicir que a emigración extracomunitaria maioritaria que vive na cidade é de orixe hispana. Ademais, nos dous últimos anos notouse un aumento na chegada de poboación extracomunitaria orixinaria de países latinoamericanos como Venezuela debido á situación sociopolítica pola que está a atravesar ese país. As persoas do continente africano residentes en Vigo son maioritariamente senegalesas, seguidos de marroquís, nixerianas e ghanesas.

En canto á poboación comunitaria, o colectivo mais numeroso é o portugués, por razóns obvias de seren a provincia de Pontevedra limítrofe e próxima a cidade olívica á fronteira co país luso.


A poboación estranxeira repártese case equitativamente entre homes e mulleres (52,46% de homes fronte ao 47,53% de mulleres).

Índice de poboación atendida: tendo en conta o nº de persoas estranxeiras que acudiron á oficina e o nº total de estranxeiros extracomunitarios no noso concello danos un resultado de máis dun 6,9%.

Cita previa

O total de citas previas solicitadas ascenderon a 848 e, das previstas, o 82,31% chegaron a realizarse. As non realizadas supuxeron o 17,69% (150 citas).

Por grupos de idade as citas solicitáronse en maior número por persoas entre os 23 e os 50 anos, poboación en idade laboral e perfil maioritario das persoas migrantes.



Información e emisión de informes

Realizáronse 698 demandas de información. Todas as persoas usuarias pasan por unha primeira fase de información trala que se poden dar dúas situacións:

1. Que solicite unha información específica xerada polo “feito migratorio”
2. Que se pida información para iniciar calquera dos trámites que se fan na oficina e que son actualmente competencias municipais:
 - Tramitación dos informes de inserción nos procedementos de arraigamento social.
 - Informe de vivenda nos procedementos de reagrupamento familiar (nos trámites tanto de chegada como por cambio de domicilio do reagrupado).
 - Informe de vivenda nos casos de regularización de menores.

No primeiro caso facilítase a información deixando constancia da mesma no sistema informático.

Na segunda opción detállaselles a documentación a aportar para iniciar o procedemento solicitado. Unha vez entregada toda a documentación é revisada polo asesor xurídico do servizo. Nos procedementos de reagrupamento familiar e regularización de menores, emítase informe de vivenda.

Como terceiro paso, e nos procedementos de arraigamento, os usuarios manteñen unha entrevista co asesor xurídico, quen realiza o informe de inserción social.

O cuarto paso no proceso é a avaliación da acción. Pasados uns meses procédese a verificar se eses procedementos nos que estivemos a traballar causaron os resultados esperados. Para isto, contáctase telefonicamente cos usuarios/as para coñecer se xa obtiveron a súa documentación, e valórase tamén a necesidade de pór en marcha outra intervención de integración e apoio no caso de que a situación acadada non fose a formulada nun principio.

Nos casos de reagrupamento familiar mantense unha entrevista cos familiares reagrupados, iniciando un proceso de seguimento nos casos nos que exista algunha dificultade de integración. Destaca a problemática observada cos adolescentes reagrupados, xa que lles supón un gran esforzo a integración na súa familia, coa que hai máis de 5/6 anos que non conviven así como a adaptación ao sistema escolar, xa que os coñecementos son distintos.

Realizáronse 164 informes, co seguinte detalle:

Informes	nº	%
En procedementos de arraigamento	91	55,49%
Inf. de vivenda para os procedementos de regularizacións de menores, reagrupamento familiar e cambio de domicilio	50	30,49%
Para axudas extraordinarias a emigrantes retornados	21	12,80%
Para exención de taxas de Consulados	2	1,22%
	164	100%

Índice de informes realizados: tendo en conta o número das persoas estranxeiras extracomunitarias que visitaron a oficina e o nº de informes realizados danos unha porcentaxe do 32,07%.



Respecto ao ano anterior, a demanda de informes de inserción social para procedementos de arraigamento mantívose similar (93 no 2019), mentres que os de vivenda diminuíron notablemente (98 no 2019). Tal vez a perda de ingresos, os ERTES e demais circunstancias laborais do 2020, así como os peches temporais de fronteiras, influíron nesta demanda.

Cooperación con outras entidades


Dende a oficina de inmigración levase a cabo de forma específica as competencias propias da administración municipal e realízase un "traballo en rede" coordinados cos SS Comunitarios Básicos e coas ONG que traballan na integración da poboación inmigrante.

Así, colabórase con Cáritas Emigración, Cruz Vermella emigración, Fundación Juan Soñador a través do seu programa Teranga, Provivienda así como as organizacións sindicais que teñen servizo de atención á poboación estranxeira.

Servizo de tradución

Atendéronse un total de 770 chamadas, o 76,11% realizadas desde a oficina do Servizo de atención a persoas migrantes e o resto, o 11,17%, desde as UTS Casco Vello, O Castro e Centro, o 10% desde o Concello e o 2,73% desde o Albergue.

Respecto á tradución do idioma mais demandado é, maioritariamente, a do ruso (cun 81%), seguido do romanés (cun 7%) e do sirio (cun 4%).



_08 SERVIZOS E PROGRAMAS DESTINADOS Á PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADITIVAS



8.1 Plan Local sobre Drogodependencias e Outras Adicións

Equipo de Prevención de Drogodependencias e Outras Adicións

Descrición e xustificación

A prevención do consumo de drogas é o ámbito clave sobre o que se apoia a Estratexia nacional sobre drogas 2009-2016, así como o Plan de Trastornos Adictivos de Galicia 2011-2016 e a ferramenta básica para evitar ou retrasar o inicio no consumo de drogas. É tamén unha das principais áreas de traballo do III PLDA 2011-2016 de Vigo.

O proxecto de Prevención de Drogodependencias e Condutas Adictivas no eido local de Concello de Vigo é resultado do traballo conxunto coas entidades colaboradoras do PLDA para desenvolver unha estratexia común e integral de prevención de condutas adictivas na cidade,

O Equipo é o encargado de xestionar os programas de prevención de condutas adictivas do Concello de Vigo e os seus principais obxectivos son:

- Detectar as necesidades de intervención.
- Deseñar e elaborar os programas de prevención.
- Difundir a oferta preventiva.
- Distribuír e coordinar a execución dos programas.
- Avaliar os resultados.

Orzamento 47.171,82 €

Obxectivos

A nivel xeral podemos considerar que os obxectivos fundamentais da prevención son:

- Promover unha conciencia social sobre a importancia dos problemas, os danos e os costes persoais e sociais relacionados coas drogas.
- Potenciar o desenvolvemento integral das persoas.
- Fomentar as capacidades e habilidades persoais que faciliten actitudes e comportamentos de rexeitamento ante a oferta de drogas.
- Reducir a idade de inicio no consumo de drogas.
- Ofrecer alternativas de vida e lecer saudables.

E, en concreto, a área de prevención pretende:

- Promover a adopción de estilos de vida saudables na **poboación xeral**, mellorando a calidade da información dispoñible e sobre o nivel de coñecemento da poboación sobre as consecuencias que o consumo de drogas ten sobre a saúde para modificar as actitudes sociais fronte ás drogas, retrasar a idade de inicio do consumo de drogas e reducir a prevalencia do consumo de drogas.
- Promover a adopción de estilos de vida saudables entre a **poboación escolar**, formando ao alumnado acerca dos efectos e riscos do consumo de drogas

para reducir a idade de inicio no consumo de drogas, a prevalencia do consumo de drogas na poboación escolar e modificar as crenzas e actitudes da poboación escolar sobre as drogas.

- Promover a implicación **das nais e dos pais** como axentes de saúde e como factores de protección ante o consumo de drogas, mellorando as habilidades educativas e de comunicación das familias, a calidade da información sobre drogas de que dispoñen as nais, os pais e os titores/as, así como as súas actitudes educativas para favorecer actitudes preventivas nas nais e nos pais.
- Promover a adopción de estilos saudables de vida e de ocupación do tempo libre entre a **poboación adolescente e a mocidade** para reducir a intención de consumo de drogas, incrementar a percepción de risco, mellorar a información sobre drogas favorecendo a toma de conciencia da problemática que xera o seu uso ou abuso e formando aos e ás mediadoras xuvenís en prevención en drogodependencias.
- Promover a adopción de estilos saudables entre a **poboación traballadora** e reducir a incidencia dos problemas sociosanitarios relacionados co uso de drogas no medio laboral; facilitando información e orientación á poboación traballadora con consumos problemáticos que permitan a derivación a un centro especializado para o seu tratamento e facilitando a implementación de actuacións destinadas á prevención de consumos de drogas e os danos asociados aos mesmos integradas nos plans de prevención de riscos laborais para reducir a prevalencia dos consumos de drogas entre os traballadores e as traballadoras, reducir comportamentos de risco asociados ao consumo de drogas (condución de vehículos, manipulación de máquinas, etc.) e conseguir que se respecte a normativa en materia de consumo de drogas no ámbito de traballo.
- Potenciar a consideración das diferencias existentes nas pautas de consumo de drogas das **mulleres** e dos homes para reducir a prevalencia de consumo de drogas entre as mulleres, mellorar a información das mulleres sobre as diferentes drogas, os seus efectos e consecuencias e mellorar as

intervencións asistenciais coas mulleres con problemas derivados do consumo de drogas.

- Formación dos **mediadores e das mediadoras sociais** como axentes preventivos para mellorar a información sobre drogodependencias que posúe a poboación diana e motivar a implicación activa dos e das mediadoras sociais no desenvolvemento de programas de prevención en diferentes ámbitos.

Para levar a cabo todas as accións preventivas anteriormente descritas débense ter en conta todos os recursos existentes na comunidade. Isto conleva unha estratexia global, contemplando e coordinando as actuacións levadas a cabo polos recursos comunitarios nos distintos colectivos (familiar, escolar, asociativo, laboral...), có fin de conseguir unha intervención coherente e eficaz no ámbito territorial.

Destinatarios e ámbitos de actuación

As drogodependencias son un fenómeno social moi complexo, tendo en conta a diversidade de factores que inciden nel así como a gran cantidade de grupos de poboación que se ven afectados polo mesmo.

Os programas e actuacións preventivas deben ter en conta unha serie de contextos ou elementos que son fundamentais para obter os mellores resultados. Desde esta perspectiva, é necesario facer fincapé na prevención en diferentes ámbitos:



Ámbito escolar

O ámbito educativo constitúe o segundo espazo, despois da familia, no que nenos e nenas, adolescentes e mocidade pasan a maior parte do seu tempo. Así, a permanencia neste sistema considérase por si mesmo como un factor protector fronte ao uso indebido de sustancias. Os centros de ensino permiten intervir na infancia e na adolescencia en idades nas que se van adquirindo hábitos e modelos de comportamento sobre os que se pode incidir con certa facilidade. Para obter maiores resultados e imprescindible a implicación dos tres elementos básicos que compoñen o ámbito escolar: alumnado, familias e profesorado.

Ámbito familiar

A familia ten unha función moi importante no desenvolvemento social, emocional e cognitivo da persoa. Na familia adquirense e desenvólense as actitudes, crenzas, valores, hábitos, estilos de vida e comportamentos que influirán no modo en que nos enfrontamos á vida e, por tanto, a actuación familiar pode contribuir a evitar a aparición de problemas relacionados coas drogas.

De acordo con elo, deben promoverse actuacións dirixidas a mellorar as habilidades e competencias educativas, de xestión e comunicación familiar.

Ámbito xuvenil

Os problemas relacionados co uso de drogas por parte dos sectores máis novos da poboación constitúe un dos maiores problemas e preocupacións da nosa sociedade. Adolescentes e mozos son quen máis consumen drogas nos seus tempos de lecer.

Por elo é necesario desenvolver actuacións preventivas co obxectivo de promover estilos saudables de vida e de ocupación do tempo libre; así como evitar ou reducir o uso/abuso de drogas por parte deste grupo de poboación.

Ámbito laboral

Existe unha evidencia clara de que a prevalencia de consumo das distintas drogas, legais e ilegais, entre as persoas traballadoras supera a rexistrada entre o conxunto da poboación xeral.

As actividades preventivas a desenvolver coa poboación, tal como propón o Plan Nacional sobre Drogas, deben incardinarse como parte do desenvolvemento da Lei de prevención de riscos laborais. A implementación das accións preventivas neste ámbito require a implicación tanto das empresas como dos e das traballadoras e a súa representación sindical (comités de empresa), conxuntamente cos servizos de prevención de riscos laborais.

Ámbito comunitario

A prevención neste ámbito persegue promover a participación da sociedade civil a través do movemento asociativo e das entidades sociais, mediante a utilización por parte das entidades públicas e privadas, e das persoas individualmente, dos recursos documentais e informativos existentes.



Organización do servizo

A nivel preventivo existen tres niveis de actuación sobre os que se centra o traballo do Equipo:

- Prevención universal, que comprende accións dirixidas á poboación xeral independentemente do nivel de risco ao que estea sometida.
- Prevención selectiva, abrangue as actuacións destinadas a unha poboación en situación de vulnerabilidade ou risco.
- Prevención indicada, dirixida de forma específica cara ás persoas que están sometidas a situacións de alto risco respecto ao consumo de drogas ou que xa experimentaron con elas e presentan condutas problemáticas asociadas ao abuso das mesmas.

Para acadar os obxectivos da área, as estratexias utilizadas varían en función do público destinatario e inclúen a posta en marcha de campañas de sensibilización e información, a difusión dos recursos de prevención ou asistenciais existentes, actuacións e intervencións nos medios de comunicación, a distribución de folletos, guías e carteis informativos, intervencións directas mediante a organización de cursos, obradoiros, debates ou charlas (nas aulas con alumnado, co profesorado, cos pais e nais, dirixidos a mulleres, a traballadores e traballadoras, en autoescolas...), a formación en drogodependencias de persoas que poden exercer unha función mediadora na prevención de drogodependencias: mediadores e mediadoras xuvenís, educadores/as sociais, profesionais da educación, da saúde, de servizos sociais, voluntariado, monitores/as deportivos, persoas integrantes de asociacións, de ONGs, policía local, etc., e reunións cos servizos de orientación dos centros escolares, coas direccións das empresas e persoas responsables de prevención de riscos laborais, etc.

Resultados

Seminarios, estudos e xornadas

- Participación no proceso de actualización da carteira de servizos en materia de prevención de condutas aditivas da Consellería de Sanidade.
- Presentación ao persoal directivo e técnico de diferentes servizos municipais dos datos e as conclusións obtidas no “Estudo sobre a situación actual do consumo de alcohol, sustancias e condutas aditivas na mocidade viguesa”, cara a crear sinerxías en accións enmarcadas na prevención ambiental.
- Contratación do proxecto de deseño e elaboración do IV PLDA.

Reunións das comisións de traballo

- Comisión de prevención: 2 reunións
- Comisión Permanente: 1 reunión

Trala declaración do estado de alarma tiveron que anularse as comisións de asistencia (prevista para o 24 de marzo) e de incorporación social (prevista para o 27 de marzo).

Programas de prevención de drogodependencias

Programa Non Pasa Nada ¿Pasa algo? (alumnado de ESO). Realizáronse un total de 152 programas coa participación de 3.894 alumnos/as.

Programa Odisea (alumnado de FPB, Ciclos Medios e Ciclos Superiores). Realizáronse 29 programas coa participación de 359 alumnos/as.

Programas Información-Sensibilización (alumnado de 6ºEP). 40 programas coa participación de 862 alumnos/as.

Programa Máis que un teito (Familias alumnado desde 3 a 18 anos). 16 programas, 412 familias.

Programa Cinensino (alumnado 1º, 2º ESO e 6º EP). Intervencións dirixidas a EP en 14 centros de ensino coa participación de 881 alumnos/as e 49 profesores/as e intervencións dirixidas a ESO en 7 centros de ensino coa participación de 668 alumnos/as e 33 profesores/as.

Programa Formación Mediadores (mediadores sociais). 4 programas con 97 mediadores.

Programa Entre todos (familias con fillos/fillas con problemas de consumo). Realizáronse 98 intervencións psicolóxicas, atendendo a 94 familias e 102 mozos e mozas.

Programa Ao Alcance (Ámbito Laboral). 1 programa no que participaron 13 traballadores/as do servizo de montes, parques e xardíns.

8.2 Convenios e programas con entidades sociais

No Plan Local sobre Drogodependencias e Outras Adicións (PLDA) propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas aditivas e da súa problemática asociada a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades asistenciais da cidade, mellorar a atención das urxencias sociosanitarias e cobertura de necesidades primarias de alimentación, hixiene e vivenda e potenciar o mantemento e a creación de novos dispositivos para cubrir as necesidade básicas daquela poboación carente de vivenda ou en risco de exclusión.

O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servizo de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, o convenio coa Consellería de Sanidade e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONG) adheridas ao Plan, como é o caso das seguintes.



Convenio coas entidades sociais “Alborada”, “Amaina” e “Érguete” para o desenvolvemento do programa de prevención das drogodependencias e outras conductas aditivas 2018-2021

Entidades colaboradoras

As tres entidades son ONG que forman parte da “Comisión técnica de prevención” do PLDA, figuran inscritas no Rexistro de Entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia e contan con experiencia acreditada na organización e impartición desta clase de actividades de prevención.

Orzamento: 69.725 €/ano.

Obxectivo do convenio

Os obxectivos xerais deste Programa de prevención son os de promover unha conciencia social sobre a importancia dos problemas, os danos e os custos persoais e sociais relacionados coas drogas, sobre a posibilidade real de evitalos e a importancia de que a sociedade no seu conxunto sexa parte activa na súa solución.

Trátase tamén de aumentar as capacidades e habilidades persoais de resistencia á oferta de drogas e aos determinantes dos comportamentos problemáticos relacionados coas mesmas mediante a aplicación de programas acreditados de prevención universal, selectiva e indicada nos ámbitos familiar, educativo e extraescolar, mellorando a capacitación dos axentes implicados, especialmente no desenvolvemento de factores de protección fronte ao consumo de drogas, a detección precoz e a abordaxe dos primeiros consumos.

Actividades

As entidades sociais comprométese a impartir, por medio de técnicos/as especialistas en prevención de drogodependencias, as seguintes actividades:

Ámbito escolar

- "Información - sensibilización" (prevención universal)
- "Non pasa nada, ¿pasa algo?" (prevención selectiva)
- "Odisea" (prevención selectiva)

Ámbito familiar

- "Máis que un teito" (prevención universal)

Ámbito xuvenil

- "Activa" (prevención universal)

Ámbito comunitario

- "Información/ sensibilización sobre drogas" (prevención universal)
- "Formación de mediadores/as sociais en prevención" (prevención universal)



Ademais destas, impártense directamente polo equipo técnico do PLDA outros cursos e actividades relacionadas como son:

- "Programa de prevención do consumo de drogas no ámbito educativo. PPCDE" (prevención universal).
- "En familia todos contan" (prevención selectiva).
- "Entre todos" (prevención indicada).
- "Ao alcance" (prevención universal do consumo de drogas no ámbito laboral).

Durante a vixencia do Convenio os anteriores cursos/actividades, que se axustan aos do catálogo da Consellería de Sanidade, poderán ser obxecto de modificación ou substitución por outros/as semellantes en función dos resultados obtidos, de necesidades novas ou doutras circunstancias debidamente xustificadas.

Convenio coa “Asociación cidadana de lucha contra la droga Alborada”

Entidade colaboradora

A institución “Asociación cidadana de lucha contra la droga Alborada” é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivo principal a defensa dos individuos e a colectividade contra a utilización ilícita de todo tipo de drogas e como fins a toma de conciencia colectiva sobre os danos producidos pola utilización das drogas (especialmente na poboación xuvenil), a creación de módulos de defensa social contra a droga, con actividades distribuídas nos campos epidemiolóxicos, preventivos e asistenciais, e a colaboración con organismos e entidades públicas ou privadas que teñan relación coa problemática da drogodependencia.

Alborada leva 30 anos traballando no tratamento e mellora da calidade de vida dos pacientes con trastornos aditivos e, partindo dunha unidade asistencial, conseguiu crear unha Unidade Terapéutica, un Centro de Día, un Centro de Menores, unha Escola de Familias e levar a cabo programas de prevención e programas de Centro Penitenciario.

Orzamento: 10.000 €

Obxectivo do convenio

A Concellería de Política Social colabora con Alborada no desenvolvemento do “Programa de incorporación social en agricultura ecolóxica Verdear”, que pretende mellorar a calidade de vida e a incorporación social das persoas usuarias

da Asociación, promovendo o coñecemento das técnicas de traballo da agricultura ecolóxica.

Organización do servizo

O obxectivo deste programa, é dotar ás persoas usuarias de Alborada da formación suficiente no ámbito da agricultura ecolóxica, para que no futuro poidan conseguir desde un emprego e integrarse nalgún dos proxectos de hortos urbanos, que cada vez con maior frecuencia, desenvólvense nas nosas cidades e poboacións.

Por outra banda, ademais de formación e emprego, preténdese que os produtos cultivados poidan reverter nos propios usuarios, nas familias necesitadas, en institucións sociais, etc., co fin de paliar as posibles deficiencias alimenticias e nutricionais dalgúns segmentos da poboación.

Grazas ao apoio da Comunidade de Montes de Cabral e da Asociación de Veciños de Lavadores, Alborada dispón dunha leira de 5000 m², en Cotogrande (Vigo) dotada de instalacións básicas, invernadoiro, etc.

No 2020 pasaron polo programa 43 persoas, 40 en formación e 3 en actividade ocupacional.

Programa de Redución do dano en medio aberto (Fundación Érguete)

Entidade colaboradora

A Fundación Érguete-Integración é unha entidade sen ánimo de lucro que pretende facilitar atención e a incorporación sociolaboral de persoas en risco ou situación de exclusión social.

Entre outros, desenvolve un programa de intervención que se dirixe a grupos de poboación en situación de exclusión social, que leva en funcionamento desde o ano 2006, e ten por obxecto detectar poboacións ocultas de drogodependentes con vulnerabilidade ou en situación de risco, ampliar a cobertura de atención de rúa, reducir ou limitar danos socio sanitarios e mellorar a información e o acceso cara aos recursos asistenciais. Tamén desenvolve diversos programas de orientación laboral e axuda na busca de emprego.

Orzamento 12.000 €.

Obxectivo do programa

O obxectivo xeral consiste en atender as necesidades básicas de alimentación e hixiene das persoas usuarias da entidade en situación de emerxencia social, ofrecendo acompañamento social e orientación laboral.

Como obxectivos específicos establécense os seguintes:

1. Determinar as necesidades de carácter psicolóxico, sanitario e social desta poboación, co obxecto de orientar as intervencións que hai que realizar.
2. Favorecer medidas que eviten ou minimicen a exclusión social e sanitaria de persoas con problemas de consumo de drogas.
3. Promover e apoiar o desenvolvemento de accións conxuntamente con outras entidades ou programas para complementar a atención dispensada a estas persoas.
4. Ofrecer un recurso de Centro de Encontro e Acollida para persoas en situación de emerxencia e/ou máis desprotexido a nivel social.
5. Mellorar o estado físico e mental das persoas que accedan ao recurso facilitando alimentación básica de primeira necesidade, descanso e medidas de hixiene.
6. Ofrecer información, asesoramento, orientación, derivación e acompañamento.
7. Proporcionar unha alimentación básica de primeira necesidade (reparto de alimentos).
8. Ofrecer un servizo de roupeiro e de lavandería para aquelas persoas que o necesiten.

A poboación destinataria abrangue:

- Colectivos especialmente vulnerables pola súa condición de exclusión social.



- Poboación con perfil de exclusión social ou integrada no “circuíto de rúa”.
- Persoas reclusas que no momento da súa excarceración se atopen en situación de desprotección social, sen rede social de apoio, e que están en risco de entrar no “circuíto de rúa”, integrándose nestas poboacións ocultas e situándose en posición de exclusión social, co conseguinte risco de recaída e/ou inicio de novos consumos.
- Poboación de persoas drogodependentes con perfil de exclusión social non adscritos a tratamento.
- Poboación drogodependente con consumos en activo, independentemente de estar ou non adscritos a tratamento.

Organización do servizo

O programa desenvolve catro tipos de actividades:

1. Calor-café (que consiste en facilitar alimentos quentes e nutritivos -café, leite, azucre, galletas, etc.-) e proporcionar un espazo de descanso nun entorno cálido e acondicionado nas instalacións da asociación (con servizos de roupeiro, lavandería, baños e duchas).
2. Programa de intercambio de xiringas.
3. Distribución de preservativos.
4. Información, coordinación e derivación a recursos da rede sanitaria e social.

O programa pretende traballar cos usuarios a motivación para o tratamento, a educación para a saúde, estratexias de redución do consumo e consumo de menos risco, sexo seguro e mellora da calidade de vida. Inclúe o desprazamento a

zonas frecuentadas por poboación integrada no circuíto de rúa (mendicidade, prostitución, comedores sociais, albergues, etc.) para:

- Informar sobre hábitos básicos de hixiene, alimentación e enfermidades máis prevalentes segundo a época do ano.
- Entregar kits de hixiene para homes (sobre de xel/xampú, pastilla de xabón, peite, cepillo de dentes e pasta dentífrica, coitelas de afeitar) e mulleres (sobre de xel/xampú, pastilla de xabón, peite, cepillo de dentes e pasta dentífrica, tampóns/compresas, toallíñas íntimas).
- Realizar atencións directas e personalizadas.
- Informar, asesorar, orientar e motivar para o acceso e uso dos recursos asistenciais así como os servizos de orientación laboral da mesma Fundación e outros externos.

_09 OUTROS SERVIZOS E PROGRAMAS DE FOMENTO E PROMOCIÓN DA SOLIDARIEDADE E A PARTICIPACIÓN



9.1 Cooperación Internacional

9.1.1 Proxectos de cooperación ao desenvolvemento

As competencias municipais en materia de cooperación internacional descentralizada atopan fundamento tanto na lexislación de réxime local (Arts. 2 e 25 LRBRL, 80.1 LALGA...) como na lexislación sectorial estatal e autonómica.

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as entidades locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

Para a atención de situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas que precisan da cooperación externa, mediante axuda humanitaria ou accións dirixidas á reconstrución e ao restablecemento institucional, o Concello de Vigo, concedeu en 2020 seis subvencións nominativas a proxectos de UNICEF (axencia da ONU para a infancia), ACNUR (Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados), Programa Mundial de Alimentos (axencia humanitaria das Nacións Unidas na loita contra a fame no mundo e a prol da seguridade alimentaria), Fundación Mujeres por África, Asociación Malembe e Asociación Aulas Abiertas Comedores Escolares e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí.

Orzamento: 120.000 €

A concesión directa con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras que dificulten a súa convocatoria pública, está expresamente prevista nos Arts. 22.2.c) da LXS, 19.4.c) da LSG e 67 do RD.887/2006 e, no mesmo sentido, na Base nº 38, Apdo. 4.2, dos de execución dos orzamentos municipais.

Nos presentes casos, o carácter evidentemente humanitario dos proxectos a desenvolver e/ou a natureza dos organismos que os promoven (dependentes das NNUU) así como, en última instancia, a firme decisión do Concello de apoiar este tipo de iniciativas humanitarias xustifican tanto a excepción dos principios xerais de publicidade e concorrència como o interese público, social e humanitario dos proxectos.

*Incidencia da COVID

Aínda que a maioría dos proxectos subvencionados non tiveron tempo de abordar os efectos da grave crise sanitaria e social ocasionada pola pandemia do COVID-19, o proxecto de UNICEF en Siria puido reorientarse á distribución dos subministros de hixiene adecuados para as familias máis vulnerables e da protección esencial do persoal sanitario.

Doutro lado, o proxecto da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS) consistente na subministración de axuda alimentaria nos campamentos de refuxiados de Tindouf (Alxeria), ven substituír aoutro proxecto de acollimento familiar temporal que anualmente vense desenvolvendo en Vigo e que, pola COVID, non puido realizarse.



Proxecto “Protexer ós nenos e nenas máis vulnerables dos efectos da pandemia Covid-19 en Siria con subministros básicos”

Entidade colaboradora

Fundación UNICEF, Axencia da ONU para a infancia, fundada en 1946, que conta con presenza activa en máis de 190 países.

Na actualidade, a Oficina de UNICEF en Siria traballa para protexer os dereitos dos nenos/as afectados/as polo conflito e as súas familias, procurando garantir a súa supervivencia.

Orzamento 10.000 €.

Contexto e xustificación

A estratexia humanitaria de UNICEF en Siria diríxese ás poboacións con maior necesidade humanitaria. UNICEF continua liderando os sectores de auga, saneamento e hixiene (WASH), educación e nutrición e o subsector de protección da infancia e traballará en estreita colaboración cos seus aliados na execución do programa dentro da República Árabe Siria e máis aló das fronteiras.

A aportación do Concello de Vigo vai destinada ás accións para desenvolver na resposta ao COVID-19, as que cobren as actividades cruce para salvar vidas, incluíndo a comunicación de riscos e a participación da comunidade, así como as subministracións para a prevención, o control de infeccións e as medidas para limitar a propagación do COVID-19.

Obxectivos e actividades

O obxectivo específico perseguido é o de reducir a transmisión e mortalidade deste novo coronavirus a través dos subministros de hixiene adecuados para as familias máis vulnerables e da protección esencial do persoal sanitario en Siria.

As actividades incluídas no proxecto desagreganse do seguinte xeito:

- Actividade 1. Distribución de subministros esenciais para garantirles ás familias máis vulnerables a hixiene e o saneamento axeitados (*kits* familiares básicos de auga e hixiene).
- Actividade 2. Provisión de materiais esenciais para o persoal dos centros de saúde (máscaras, luvas, gafas protectoras, termómetros, equipos de reanimación, etc.) e de subministros para a desinfección dos centros.

Poboación destinataria

Estímase en cinco (5) millóns o total das persoas beneficiarias do proxecto de UNICEF en Siria para responder á pandemia do coronavirus, con mensaxes de sensibilización e concienciación e con medidas de prevención da infección (artigos de hixiene, xabón e auga), estimándose tamén que 125 centros de saúde beneficiaranse dos equipos de protección e dos servizos de auga, saneamento e hixiene, a fin de cumprir coas normas de hixiene necesarias para facer fronte á COVID-19.



Proxecto “*Protección de familias desprazadas polo conflito en Iemen*”

Entidade colaboradora

ACNUR/UNHCR, “Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados”, que brinda protección e asistencia ás persoas refuxiadas e desprazadas no mundo.

ACNUR basea o seu mandato na Convención sobre o Estatuto dos Refuxiados de 1951, que ten como obxectivo garantir o exercicio efectivo dos dereitos humanos das persoas refuxiadas e a non repatriación contra a súa vontade a un país onde sufran persecución. O Alto Comisionado axúdalles a repatriarse ao seu país de orixe cando as condicións así o permitan, a integrarse nos países de asilo ou a reasentarse en terceiros países.

Orzamento. O custo total do proxecto humanitario estímase en 830.700€, dos que o Concello de Vigo achega 10.000 € (o 1,34%).

Contexto e xustificación

Iemen ocupa o posto 177 dun total de 188 no Índice de desenvolvemento Humano (IDH). A Guerra Iemení é un conflito armado no medio dun conflito político de poder que está a atravesar a República de Iemen, como consecuencia do golpe de estado sufrido en 2014. A principal vítima da guerra en Iemen está a ser a poboación civil. O aumento da violencia perturbou millóns de vidas, xerando unha gran cantidade de vítimas e desprazamentos masivos na rexión.

Máis de 3,6 millóns de persoas están desprazadas internamente desde que estalou a crise . As necesidades humanitarias en todo Iemen seguen aumentando,

impulsadas por un conflito en curso que colapsou a economía, os servizos sociais paralizados e os medios de subsistencia gravemente perturbados. Ao entrar no quinto ano de conflito, a crise humanitaria en Iemen está considerada como a peor do mundo, cunha porcentaxe de persoas que se enfrontan á morte, a fame e a enfermidade maior que en calquera outro país.

O 80% da poboación necesita algún tipo de asistencia e protección; 20 millóns de persoas padecen inseguridade alimentaria e 14 millóns de persoas teñen necesidades humanitarias agudas...

Obxectivo do proxecto

Neste contexto, o obxectivo xeral de ACNUR é o de protexer á poboación desprazada polo conflito en Iemen. O obxectivo específico do proxecto é atender as necesidades básicas de protección de 7.200 persoas desprazadas iemenís en Sana'a e Al-Hudaydah, a través da dotación de refuxios seguros e artigos non alimentarios de emerxencia.

Poboación destinataria

As beneficiarias directas do proxecto foron 7.200 persoas desprazadas nas gubernaturas de Al-Hudaydah e Sana'a.

Trátase de 1.200 familias (7.200 persoas, das que 4.300, aproximadamente, son menores) que recibiron kits con artigos non alimentarios e aloxamentos de emerxencia.

Proxecto “Asistencia alimentaria en apoio á inseguridade alimentaria das poboacións da franxa de Gaza - 2020”

Entidade colaboradora

O “Programa Mundial de Alimentos” (World Food Programme) é a Axencia humanitaria das Nacións Unidas (NNUU) na loita contra a fame no mundo e a prol da seguridade alimentaria. Trátase dun programa autónomo subsidiario conxunto das NNUU e a FAO establecido pola Resolución 1714 da Asemblea Xeral das NNUU do 19 de decembro de 1961 e pola Resolución 1/61 da Conferencia da FAO do 24 de novembro de 1961.

Orzamento 10.000 €.

Contexto e xustificación

En setembro de 2015 as NNUU aprobaron a Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible, resultado dun amplo proceso de negociación e consulta aberto e participativo. Un dos obxectivos do desenvolvemento sostible, no marco da Axenda 2030, asumida tanto polo «V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021» como polo «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021» é o de poñer fin á fame (“FAME 0”), acadar a seguridade alimentaria e a mellora da nutrición e promover a agricultura sostible.

Preténdese poñer fin á pobreza e á fame en todas as súas formas e dimensións, fomentar a resiliencia e velar porque todos os seres humanos poidan realizar o seu potencial con dignidade e igualdade nun medio ambiente saudable.

Obxectivo do proxecto

O obxectivo xeral das operacións do PMA/WFP en Palestina é responder ás necesidades alimentarias inmediatas e mellorar a seguridade alimentaria e a resiliencia da poboación non refuxiada máis vulnerable e insegura.

A contribución do Concello de Vigo utilizarase para mellorar o consumo de alimentos e a diversidade na dieta dos fogares beneficiarios vulnerables e con inseguridade alimentaria seleccionados na franxa de Gaza e, especialmente, a acadar os seguintes obxectivos específicos:

- 1) Identificar as necesidades alimentarias urxentes e reforzar o consumo alimentario e a diversidade dietética das poboacións máis vulnerables.
- 2) Apoiar os medios de subsistencia, fomentando unha pronta recuperación e fortalecemento da resiliencia e os mecanismos de resposta ás comunidades fráxiles fronte ás dificultades socioeconómicas.
- 3) Apoiar a capacidade da Autoridade Palestina para facilitar redes nacionais de seguridade rentable e protección social e reforzar a súa disposición para responder a perturbacións externas, en colaboración con organismos das NNUU.

Poboación beneficiaria

As persoas beneficiarias directas do proxecto foron 850 persoas, que recibiron cupóns electrónicos para alimentos por valor de 10,30\$ mensuais por persoa. Estas persoas recibiron un crédito semanal nas súas tarxetas magnéticas de PMA/WFP que utilizaron para adquirir unha variedade predeterminada de produtos alimentarios en establecementos minoristas seleccionados.



Proxecto “Comedores escolares e acceso á educación para menos e nenas en situación de extrema pobreza en Cajamarca (Perú)”

Entidade colaboradora

«Asociación Aulas Abiertas Comedores Escolares» es una asociación sen ánimo de lucro que ten por finalidade a axuda a nenos e nenas que viven en situación de pobreza extrema a través de comedores escolares e apoio á súa formación académica.

Orzamento. O orzamento total do proxecto ascende a 81.700€, dos que o Concello de Vigo aporta 20.000 €.

Contexto e xustificación

A entidade traballa en Cajamarca (Perú), unha das zonas máis pobres do país segundo o INEI (Instituto Nacional de Estadística e Informática) cun índice de pobreza extrema entre o 13% e o 20%.

Unha gran parte da poboación de Cajamarca vive en pequenos pobos ou casaríos en medio da cordilleira dos Andes. Moitos destes lugares non teñen aínda ningún tipo de servizo. As vivendas non dispoñen de auga corrente, luz, saneamentos, etc.

En moitos lugares non hai escolas e na maioría non existen colexios de ensinanza secundaria, polo que os nenos e nenas camiñan a diario largas distancias, entre unha e dúas horas e media, para chegar ao colexio e outro tanto de regreso.

A situación económica e as dificultades para asistir ao colexio contribúen a que se rexistre unha taxa moi alta de abandono escolar.

Obxectivos do proxecto

O proxecto pretende combater a pobreza extrema, poñer fin a todas as formas de malnutrición facendo que os/as nenos/as teñan acceso a unha alimentación nutritiva proporcionándolles unha comida equilibrada na escola, potenciar a educación de calidade en todos os ciclos educativos, axudar ao empoderamento da muller que contribúa a xerar riqueza e evitar migracións e apoiar o crecemento económico e a creación de emprego digno.

O importe da subvención foi destinado a sufragar os gastos de alimentos de dous novos comedores nas escolas “Ciro Alegría Bazán” que conta con 83 alumnos e “José Cabelos” en Huañambra provincia de Celendín cun total de 50 estudantes.

Os profesores de ambas as escolas e os pais e nais que acoden semanalmente a preparar os alimentos, contaron así tamén co xantar, o que supuxo aproximadamente uns 28.000 xantares ao ano.



Proxecto “Vigo por el Congo (Orfanato Kimbondo)”

Entidade colaboradora

A «Asociación MALEMBE», constituída no 2017, que ten como fins:

I.- Suplir as necesidades materiais, xa sexa no ámbito escolar ou sanitario dos nenos/as e mozos/as do Orfanato Mama Koko (Kimbondo, Kinshasa, RD Congo).

II.- Procurarlles unha formación adecuada tras un seguimento individualizado en termos educativos.

III.- Levar a cabo unha labor de concienciación entre a xuventude, respecto á situación e mentalidade congoleñas, fronte ao seu deber moral de preocuparse polo seu entorno.

IV.- Establecer pontes culturais entre os mozos/as dos países, a través de programas de intercambio.

Orzamento. O orzamento total do proxecto ascende a 15.102,83€, dos que o Concello de Vigo aporta 10.000 €.

Contexto e xustificación

O orfanato Kimbondo forma parte do Complexo Pediátrico MamaKoko e desde MALEMBE encárganse da Maison Foyer, unha vivenda do orfanato que alberga a 51 nenos e nenas.

O seu labor en Maison Foyer baséase en complementar o traballo da escola e realizar ademais unha pedagogía integral as 24 horas: facendo as veces de pais en moitos aspectos, para que adquiran valores, espírito de traballo, elevar o seu autoconcepción, liberdade interior e responsabilidade cara ao seu propio futuro (...)

Obxectivos do proxecto

O proxecto consiste non desenvolvemento do programa educativo “Vigo polo Congo”, que está dirixido a 32 nenos e 18 nenas orfos/as de 6 a 13 anos que viven en acollida no Orfanato, nas aforas de Kinshasa.

Os catro obxectivos xerais nos que se centra son:

1. Reforzo alimenticio
2. Bolsas educativas.
3. Educación para a igualdade.
4. Sanitario: intervención contra un parasito endémico (Tunga Penetrans).

O impacto agardado do proxecto subvencionado é a transformación da metodoloxía educativa do Orfanato Kimbondo, xerando un verdadeiro impacto nos nenos e nenas que lles garanta un futuro académico e profesional.

Proxecto “Urxencia alimentaria nos campamentos de refuxiados saharauís”

Entidade colaboradora

A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS) é unha entidade que ten entre os seus fins promover o entendemento e o desenvolvemento dos vínculos de amizade entre os pobos galego e saharauí, auspiciar iniciativas que favorezan o intercambio cultural, social, económico e político e propiciar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e de cooperación co pobo saharauí.

Orzamento: 30.000 €.

Contexto e xustificación

O proxecto de acollemento familiar temporal “VACACIÓNS EN PAZ” da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, posibilita o desprazamento de nenos e nenas saharauís desde os campamentos de refuxiados de Tindouf á nosa cidade para seren acollidos/as por parte de familias viguesas durante os meses de xullo e agosto.

Ese proxecto, que ven desenvolvéndose desde hai uns 25 anos, ten amosado unha capacidade de organización e responsabilidade notorias, cunha grande experiencia e unha ampla rede de solidariedade en Vigo.

Nos orzamentos do Concello de Vigo de 2019 aprobouse un gasto para o financiamento dese proxecto de 2019 a 2021 por 180.000€, a razón de 60.000€/ano.

Sen embargo, na situación actual, aínda baixo os efectos da grave crise sanitaria e social ocasionada pola pandemia do COVID-19, resultou de todo punto imposible desenvolver o proxecto de acollemento familiar temporal, sendo o máis recomendable que os/as nenos/as participantes permanecesen nas súas *jaimas*, nos campamentos de refuxiados de Tindouf (Alxeria), polo que o Concello de Vigo substituíu en 2020, con carácter excepcional, o financiamento do proxecto “VACACIÓNS EN PAZ” por outro consistente na subministración de axuda alimentaria a aqueles/as nenos/as e ás súas familias.

Obxectivos do proxecto

Contribuír, especificamente, a paliar as carencias existentes en produtos básicos de alimentación (arroz, aceite, fariña, azucre, legumes, etc.) e mellorar así as condicións de vida da poboación que reside nos Campamentos de Refuxiados saharauís en Tindouf - Alxeria.

Estímase que os beneficiarios directos e indirectos do proxecto foron 152.768 persoas e 173.600 refuxiados saharauís, respectivamente.

9.1.2 Consello Municipal de Cooperación Internacional e Solidariedade

Descrición e xustificación

O Concello de Vigo entende a cooperación como un método e unha estratexia para vertebrar a solidariedade cos pobos e sociedades máis desfavorecidas, comprometendo e impulsando a xeración dun tecido solidario que abra camiño a unha situación máis xusta que elimine as condicións de pobreza e desigualdade existentes.

Así pois, o Consello Municipal de Cooperación Internacional e Solidariedade nace como un órgano colexiado permanente de participación e punto de encontro entre o Concello de Vigo e as persoas e asociacións sen ánimo de lucro que traballan no ámbito da cooperación internacional e a solidariedade entre os pobos.

O seu regulamento foi aprobado o 27 de xullo de 1994 polo Pleno da Corporación municipal e modificado o 29 de setembro de 2008.

O Consello ten carácter consultivo e asesor nas materias relacionadas co seu ámbito de actuación e leva a cabo funcións de informe e, no seu caso, proposta, en todas as cuestións referentes ás súas competencias, buscando a mellor solución para acadar un maior nivel de eficiencia e eficacia das accións levadas a cabo e materia de cooperación internacional e solidariedade.

Funcións

- 1) Servir de canle de participación e diálogo cos organismos públicos e privados en asuntos de interese común para a cooperación internacional e a solidariedade.
- 2) Fomentar o desenvolvemento do asociacionismo das persoas integrantes destes colectivos no noso municipio.
- 3) Potenciar a coordinación entre as institucións e entidades que actúan neste ámbito.
- 4) Promover a realización de estudos e investigacións que permitan afondar e mellorar a participación do Concello nos proxectos de cooperación e solidariedade internacionais.
- 5) Presentar iniciativas, propostas ou suxestións ás diversas Concellarías, á Corporación, aos Consellos sectoriais e a cantas outras institucións e Administracións públicas, incidan coas súas actuacións neste ámbito, coa finalidade de garantir a coordinación das actuacións que se deriven da mesma, así como as propostas de actividades ou accións que faciliten a resolución das problemáticas específicas.
- 6) Informar á Corporación municipal nos temas que se considere pertinente da materia tratada.



Funcionamento

O Consello está formado polos seguintes órganos: Pleno, Presidencia, Vicepresidencia e Secretaria. Reúnese, con carácter ordinario, unha vez ao trimestre.

A Presidenta é a Concelleira de Política Social e forman parte do mesmo:

- As ONGD: ADDIS Galicia, Amigos da Terra, Comité Óscar Romero, Fundación de Ayuda a la Infancia, Fundación Balms para la infancia, Fundación Entreculturas, Jóvenes y Desarrollo e Oxfam-Intermón.
- Os partidos políticos: PP, Marea de Vigo e PSG.
- Os sindicatos CCOO e CIGA.
- Máis a Federación Veciñal Eduardo Chao, a Universidade de Vigo e a Subdelegación de Goberno.

O Consello conta cunha comisión permanente de traballo sobre sensibilización, encargada da planificación e seguimento da campaña de sensibilización Impórtanos.

9.1.3 Campaña Impórtanos

Descrición e xustificación

A campaña Impórtanos! é unha campaña de sensibilización promovida polo “Consello Municipal de Cooperación Internacional e Solidariedade” desde 2012, que ten como obxectivo promover a reflexión e mobilizar á cidadanía para que xogue un papel activo, consciente e crítico no actual modelo de desenvolvemento, insostible ecoloxicamente e inxusto socialmente.

A campaña aposta por unha cidadanía global comprometida activamente na consecución dun mundo máis xusto e sustentable, inspirándose nos ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible), que marcan unha axenda universal e transformadora na que as persoas e o planeta ocupan un lugar central. Unha axenda que nos compromete a todos e todas: gobernos, sector privado e sociedade civil.

Obxectivos

- Poñer en valor a conexión entre o global e o local resaltando o carácter interdependente de ambas dimensións.
- Facilitar a toma de conciencia sobre as causas da pobreza, da desigualdade e da crise ambiental, que provocan que unha maioría da poboación mundial non poda satisfacer as súas necesidades básicas e careza de oportunidades e dereitos.
- Promover o compromiso para o cambio, a través da acción participativa (pensar globalmente, actuar localmente).

Destinatarios

O proxecto vai dirixido á sociedade viguesa en xeral, con especial atención a docentes, comunidade universitaria, voluntariado das ONG vigesas e profesionais dos medios de comunicación; todos eles considerados colectivos cunha alta capacidade de multiplicación.

Organización do servizo

A campaña aposta por unha cidadanía global comprometida activamente na consecución dun mundo máis xusto e sustentable inspirándose nos ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible), que marcan unha axenda universal e transformadora na que as persoas e o planeta ocupan un lugar central. As tres liñas de acción: Educación para a Cidadanía Global, Formación e Sensibilización.

*Incidencia da COVID

As limitacións e restricións derivadas do estado de alarma respecto das actividades presenciais xunto coa suspensión das actividades escolares fixeron imposible a realización das actividades previstas para o 2020.

En consecuencia, todas as actividades de Educación para a Cidadanía Global, Formación e Sensibilización tiveron que ser suspendidas.



9.2 Subvencións a entidades e asociacións de carácter social

Descrición

Descrición e xustificación

A Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia atribúelle ás Corporacións locais competencias entre as que se inclúen as referidas á colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social e a promoción de mecanismos de coordinación das súas actuacións, evitando duplicidades e infrautilización dos equipamentos sociais, así como o fomento e a promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.

De acordo con esta mesma norma, os poderes públicos están obrigados a fomentar no ámbito dos servizos sociais o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei.

O Concello, coa finalidade de fomentar a actividade das asociacións e entidades no ámbito dos servizos sociais municipais e coadxuvar subsidiariamente ao seu financiamento aprobou as Bases de Subvencións a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais, que foron publicadas no BOPPO nº 123 do 30 de xuño de 2020.

O contido das Bases para foi moi semellante ás do ano anterior, con algunhas modificacións técnicas, entre as que destaca a de introducir un novo punto 5 na Base 9ª, apartado 5 (*“Proxectos singulares de especial*

interese social”), no que se valora cun máximo de 5 puntos aos proxectos que teñan como destinatarias ás persoas maiores que viven soas e aqueles dirixidos a facilitar unha alternativa residencial ás persoas que o precisan; dous dos maiores problemas aos que se enfrontan na actualidade os servizos sociais.

Orzamento

61.968,46 €

Proxectos subvencionables

Proxectos, programas e actividades de asociacións e entidades sen ánimo de lucro que se desenvolvan no ámbito territorial da cidade de Vigo no sector específico dos servizos sociais e que teñan como destinatarios a un ou varios dos seguintes colectivos:

A) Familia e Infancia:

— Proxectos ou actividades que fomenten as habilidades familiares a través de actividades de formación na igualdade e corresponsabilidade dos seus membros, cara á mellora da calidade da actuación parental e a vida familiar.



- Proxectos ou actividades que favorezan a participación das familias cara á súa integración social.
- Programas de apoio psicosocial para situacións de dependencia (autocoidado emocional, autoestima, regulación emocional, habilidades de comunicación e resolución de conflitos, etc.) cara á mellora da calidade da vida familiar.

B) Persoas maiores e persoas con discapacidade:

- Programas de información e/ou formación dirixidos a estes colectivos, familiares e coidadores.
- Programas ou actividades dirixidas a persoas maiores e/ou con discapacidade que fomenten a súa psicomotricidade.
- Programas de acompañamento ás persoas maiores que vivan soas.
- Obradoiros alternativos non coincidentes cos desenvolvidos pola Área de Política Social.

C) Persoas emigrantes, inmigrantes e minorías étnicas:

- Proxectos socioeducativos e de promoción social dirixidos a estes colectivos socialmente vulnerables.

D) Persoas marxinadas sen fogar:

- Proxectos de prevención, tanto individual como familiar ou comunitaria, dirixidos a persoas e colectivos en risco de exclusión social ou desprotección.

E) Persoas toxicómanas (alcohólicas e drogodependentes):

- Proxectos de carácter preventivo, socioeducativo e de promoción da autoestima.

Destinatarios

Entidades de interese social, sen ánimo de lucro, que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas Bases das Subvencións, inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións da Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo e con sede, domicilio social ou delegación permanente no termo municipal de Vigo.

Cada entidade ou agrupación de entidades solicitantes só pode presentar un proxecto á convocatoria.

Acceso ao servizo

As entidades interesadas presentan as súas solicitudes a través do Rexistro Xeral municipal ou por calquera dos medios previstos legalmente no prazo de un mes dende a publicación oficial do extracto da convocatoria.

Organización do servizo

As subvencións concédense, en réxime de concorrencia competitiva, atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, á calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación aos obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.



Pode subvencionarse o 100% do orzamento presentado sen superar, en todo caso, a cantidade de 3.000 € por entidade solicitante e co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible.

A concesión lévase a cabo mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer una prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración que se indican nas Bases, adxudicando as axudas proporcionalmente á puntuación obtida. De producirse algunha renuncia, esta non dará lugar a un novo cálculo das cantidades asignadas inicialmente nin, polo tanto, ao incremento dos importes correspondentes ás entidades que aceptaron a subvención.

Resultados

Concedéronse subvencións a **38 proxectos**, cunha **media de 1.630,75 euros** por proxecto.

As **entidades beneficiarias** foron: Asdegal (Acción Solidaria de Galicia), Fundación Aldaba, ADEMGA Plena Inclusión Galicia, Fundació Isidre Esteve, Fundación Amigó, Fundación de la Santa Creu, Fundación Juan Soñador, Asociación Xaruma, Aldeas Infantiles Sos de Galicia de Vigo, Asociación Dignidad Galicia, Asociación española contra el cáncer, Alento Asociación de daño cerebral, Asociación Niños con hiperactividad y deficit de atención Anhida, Federación Cogami Pontevedra, Hogar y clínica San Rafael, Down Vigo Asociación para el síndrome de Down, Asociación Centro Cultural Artístico e Recreativo Valladares, Federación de Asociacións de familiares e enfermos mentais de Galicia, Agrupación Socio Deportiva Alter-Nativa, Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer y otras demencias de Galicia, Asociación Doa Saude Mental, Asociación cultural galega de formación permanente de adultos, ASEM Galicia, Radio ECCA Fundación canaria, Asociación galega de familias numerosas (AGAFAN), Asociación Parkinson de Vigo, Asociación veciñal Doutor Fleming, Asociación cidadana de lucha contra la droga Alborada, Fundación Érguete-Integración, Asociación da 3ª idade Nevox, APAMP Asociación Fam. Pers. Parálise Cerebral, Asociación ASPANAEX, Asoc Veciñal Socio-Cultural e Deportiva de San Miguel de Oia, Asociación de veciños de Beade AVCU-CSCR, Asociación gallega de Hemofilia, Asociación Viguesa de Esclerosis Múltiple de Pontevedra, Asociación para la promoción de la salud Amaina, Asociación de veciños de San Pedro de Matamá.

**CONCELLO
DE VIGO**

